

RAMÓN
OTERO
PEDRAYO

ROMANTISMO, SAUDADE, SENTIMENTO
DA RAZA E DA TERRA EN
PASTOR DÍAZ, ROSALÍA CASTRO E PONDAL

DISCURSO DE INGRESO
NA ACADEMIA GALLEGA
COA CONTESTA DO
ACADÉMICO V. RISCO

NÓS. VOLUME XLVIII
Hortas, 20. SANTIAGO

REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA

13988

Biblioteca

OBRAS DO AUTOR

- Guía de Galicia*, Editorial Espasa-Calpe.
- Síntese Xeográfica de Galicia*, Biblioteca do Seminario d'Estudos Galegos.
- Pantelas home libre*, Colección Lar.
- Escrito na néboa*, Colección Lar.
- O purgatorio de Don Ramiro*, Colección Galaxia.
- Probremas de Xeografía Galega; Estudos encol das formas de poboazón labrega. A parroquia de Trasalva*, Editorial Nós.
- Unha impresión da Galiza do Sul no derradeiro ano do século XVIII*, Editorial Nós.
- Os Camiños da Vida* (novela en 3 partes), Editorial Nós.
- A Lagarada* (farsada dramática pra lér), Editorial Nós.
- Pelerinaxes I* (itinerario d'Ourense ao San Andrés de Teixido), Editorial Nós.
- Paisajes y Problemas Geográficos de Galicia*, 2.^o volumen de la «Biblioteca de Estudios Gallegos», que publica la «Compañía Ibero-Americana de Publicaciones».
- Arredor de sí* (novela), Editorial Nós.
- Treinta y Tres Lecciones de Geografía General*, (Adaptadas al Cuestionario Oficial del Bachillerato Elemental). Editorial Nós.



2.28387


RAMÓN OTERO PEDRAYO

ROMANTISMO, SAUDADE, SENTIMENTO
DA RAZA E DA TERRA EN
PASTOR DÍAZ, ROSALÍA DE CASTRO E PONDAL

(Discurso de Ingreso na Academia Galega
coa contesta do Académico Vicente Risco)



1981.--VOLUME XLVIII
NÓS, Pubricacións Galegas e Imprenta
Hortas, 20.--SANTIAGO





ROMANTISMO, SAUDADE, SENTIMENTO da Raza e da Terra en Pastor Díaz, Rosalía de Castro e Pondal

SEÑORES ACADEMICOS:

Chego á iste momento, con dúbida e con medo. A dúbida de si faría ben ou non recibindo a honra que me dispensádes ó acollerme no seo d'ista ilustre Academia; o medo de qu'a vosa xentileza non sexa d'abondo pra cobrir a insignificanza do meu labor. Eu que desconoro moitas cousas, sei en troques moi ben onde chegan as miñas forzas, e consciente de ser somentes un home ben intenzoadao e disposto á todo sacrificio nos dolménicos altares da Patria, sónno tamén, sereamente, da cativeza do

RAMÓN OTERO PEDRAYO

*meu traballo. Por elo quíxen retardare o meu
ingreso no voso fogar por si acaso podería c' o
tempo chegar cabo de vós con menos demeritos
de cando fún elexido. Ván espranza! Soilo chego
vestido c'a vosa bondade e por ela dóuvos as gra-
cias de todo curázón.*

*Medra ista miña situazón de espirto si consi-
dero a siñificanza e os merecimentos do patricio
insine á quen por cu'pas vosas e debilidade miña,
veño á suceder xa que non á sostitoir. Foi D. Fran-
cisco Ponte e Blanco un varón de forte exempla-
ridade no seu vivir por compreto adicado ó desen-
volvemento de superiores aitividades, e raiolante
d'isa simpatía propia dos carautes xenerosos e
bós. Nâdo pol'os meiados do século derradeiro pa-
sou en Cuba o tempo da baril mocedade. Socio
fundador do Centro Galego d'a Habana, isa ade-
mirabre istitución, a mais forte da illa, que cobre
c'o seu pabellón á todol'os galegos facendolles me-
nos firente a lonxanía da patria, profesou n'il
diferentes cátedras deixando seu nome unha lem-
branza inmorrente. Logo, n'ista fermosa e aberta
Cruña apenas houbo posto destacado no vivir da
cibdade qu'il non ocupáse pol'-os seus merecimentos
guiandoa ben e prudentemente dend'a Presidenza*

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

do Concello en cuia labor bri'an momentos tan díños de lembranza com'o recibimento da escur-sión cubana o 1921 cando se puxo a primeira pe-dra do moimento a Curros Enríquez, presidindo a «Reunión Recreativa e Instrutiva de Artesanos» a Asoceazón da Prensa, a Sociedade Filarmónica. Preocupado do milloramento da cultura protexeu as escolas e seu espírito cristián de caridade levóu-no a traballar con froito no Patronato da Caridade e na Xunta provincial de Proteizón á Infanzía.

Como home de estudo adicouse ós de caráuter técnico, fundamentás pr'o progreso das modernas sociedades: abondaría citar algunhas das obras que escribír «Tratado de Carreteras y Ferrocarriles» «Tratado práctico de Estereotomía» e notar que estiveron de texto en centros de tanta importan-za com'as Escolas de Inxenieiros e as de Artes i-Oficios, e as condecorazóns (Cruz de Alfonso XII. Encomenda da orde civil do Mérito agrícola) con que foron premiados os seus desvelos en materias sociais e agrarias. Solo sinto, Señoras e Señores, qu'unha das miñas moitas incompetenzas me pri-ve do prazer de xuzgar e gabar como elas merecen as pubricazons do Sr. Ponte y Blanco.

O 13 de Marzo do 1924 foi elixido pra presi-


RAMÓN OTERO PEDRAYO

dir a Real Academia Gallega. Comprendense os méritos do Sr. Ponte y Blanco pensando que foi á ocupar o lugar de D. Manuel Murguía e de D. Andrés Martínez Salazar. A inmorredoira figura de D. Manuel Murguía, o Patriarca venerabre das novas Letras, a iatma do rexurdimento moral da nosa Terra endexamais estará ausente do fogar d'ista ilustre Academia na que latexa aquí espírito creador, como tampouco e á par d'ela a do segundo Presidente D. Andrés Martínez Salazar, espello de eruditos e investigadores, que co-a seréa perseveranza d'o xenio metódico moderno tanto e tan froitosamente traballóu pol-a nosa cultura. D. Francisco Ponte y Blanco soilo douis anos presidiu a nosa Academia: en tan curto tempo non estivo ocioso; pol-o contrario puxo tod'a sua enerxía ó servizo da Corporazón, e n'il verificouse unha festa do espírito de primeira importanza: refirome á festa conmemorativa do centenario de Camoens, festa brillante e sonada, a primeira que se fixo na España c'aquí motívo en homenaxe do poeta dos «Lusiadas». Outras cousas boas faría o Sr. Ponte y Blanco pois moito s'agardaba dos seus singulares dotes, mail-a morte levóuno o 22 do mes de Sant-Iago do 1926. Unha data triste pr'a Hes-

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

tórea da Academia Galega. Mais por fertuna ista afinca en terra onde endexamais falla o home necesario. E d'aquela a eleiceón recaéu, coincidindo c'o voto da millor parte da Galiza, no doce e saudoso, no grande e escolleito poeta D. Eladio Rodríguez González, que xa cinguida a frente c'os loureiros de Apolo véu a dirixir a Academia e hoxe dinamente a preside. ¡Deus queira que por moitos anos ditosos!

Iste traballo, do que vou leer algunas partes, é un ensayo arredor dos orixes e caráuteres do Romantismo que na Galiza persoaliza Pastor Díaz, da Saudade e do Sentimento poético da Raza e da Terra considerados en algús aspeutos de Rosalía e Pondal. Pregándovos que me perdoedes o atrevemento de evocar tan ilustres presenzas, pido a vosa licenza c'o voso perdón.



I

Cando un día do 1792 o ministro Roland se presentou diante Lois XVI c'un traxe de rúa e sin fivelas nos zapatos, o Mestre de Cerimonias erguéu as mans ó ceo pensando con terror: «todo está perdido». Todo estaba cambeado, comenta H. Taine. A Revoluzón políteca encobría nos espritos outra revoluzón mais fonda e compreta. Chamarémoslle polo pronto revoluzón ínta que non sexa a verba millor apropiada. Fóina, en comparanza c'as xerarquías reinantes ata entón na arte, na filosofía, na vida. Unha nova visión das cousas, outro sentimento dos probremas eternos, espranzado e doño do pôrvir, mail-o tempo alimentado por augas inmorredoiras en afondidas capas psicolóxicas. Y-en moitos aspeutos contrario ás arelas da transformazón políteca.

Non é doado definiñir nin demarcar o Romanticismo. A materia espirtoal ó igoal da materia

RAMÓN OTERO PEDRAYO

cósmeca, non sempre cristaíza en locentes i-ordeados sistemas de soles e planetas. Vaga, cambeante, vivente, crixinaria, insospeitada, se non presta ás clasificazós. Dividida e demarcada en escolas, en tempos, en patriarcados, figura morrer com'as rocas arrincadas do monte ou as herbiñas dos campos murchas i-etiquetadas nos herbarios. Nin a filosofía, nin a arte, nin xiquer a cencia, quérense acomodar nos rexos cadros que pretende trazar a sistemática da Intelixenza. A doutrina das primeiras páxinas de «L'Evolutión creatrice» de Bergsón aparece certa e xusta si se considerar as obras ceibes do espírito. Por iso nós somos nemigos dos prólogos, das críticas, e da hestórea literaria en canto saia do puro estudio ouxetivo. ¿Que sabe un home de sí mesmo? Quen s'analiza re sintese morrere ou pol-o menos espríméntase limitado. Pois toda clasificazón ven por natureza *a posteriori* e non opera sobr'a vida sinón sobr'un rastro, quizáis mintireiro, sempre insuficiente, deixado pol-a vida. Inda nas artes e nas letras do pensamento que s'acostuma á chamar cráseco non é doado a fixazón dos carauteres. Hai sin dúbida n'il unha xerarquía ordeada de valores; unhas poucas doutrinas e persoalidades orgaizán as forzas

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

do espírito. Hai un eixe de autoridade volta en tradición, unha evidenza central e raiolante, unha disciplina que somentes consinte lixeiras desvia-zós. Trunfa a lús sobr'a penumbra, a coor sobre o matis. As variaciós non encobren un soilo istante o seréo desenrolo dos temas da sinfonía. Por isto pódese ademitir relativamente unha hestórea das letras francesas no século dazasete, por eixem-pro; e non hai exemplomais craro e preciso. Contodo si chegamos polos camiños do estudo intenso, da simpatía, da evocazón, a escudriñar a ialma d'aquiles escritores, quedaremos surprendidos pola sua variedade, hastra pola sua tráxica contradición. Por baixo do lingoaxe das verbas e da segura arquiteitura ideolóxica, latexa a vibrazón individual. Un desespero, unha saudade, un reloucar de vida tola, un sorrir ou un matís de pensamento, traiciona ás prosas mais coscentemente equilibradas, os alexandrinos millor pensados *sub speciae aeternitatis*. Toda a lóxica de Port-Royal non foi bastante, nin c'axuda da Matemáteca, pra pechar o abismo pascaliano, angusteoso e atraente. Dibuxase unha forma d'home apaixoadao no solene plegue do manto bispal de Bossuet. Un pouco do doce, e temeroso misterio órfico presta feitizo d'arelas

ínconqueridas á traxedia raciniana, com'a infinda paixón góteca dinamiza as páxinas douradas de Fenelón. As pelucas e as casacas tamén vestian homes contradiutoreos, en loita consigo mesmo, tráxicos cotidiáns, apesares da seguridade dos conceitos básicos. No Romantismo fracasa toda clasificación por escolas. Unha determinación cronolóxica xustificase en parte. Pois o Romantismo significa xa o primeiro ollar, o trunfo dos valores de movemento sobre os valores de estabilidade asegurado escribe certeiramente Albert Thibaudet falando do Romantismo filosófico. E xa que lebramos un autor francés dos modernos non deixaremos d'aproveitare as ideias de Paul Valéry. Hoxe Francia adícase a estudar dun xeito novo seu pasado espiritoal grazas a un admirabre renacemento filosófico. Onde a hestórea literaria demora na supreficie, a investigación filosófica, o severo método do pensamento, chega a coller no cerne vivo un pouco das cousas e das direcions Despoixa de todo a salvadora e común arela de todal-as cencias non pode ser outra sinón chegármelos o mais posibel o íntimo mistério das almas. Coidamos que Paul Valéry fixou dunha maneira indiscutible a posizón do pensamento cra-

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

sicista n'un ensaio en col do Descartes por desgraza non rematado. Nos poucos anacos publicados di tratando do Discurso do Método:—«Unha lingoa orgullosa e familiar fáinós sensibres e craras as voluntás esenciais e as aititús xéneraes á todolos homes de refleuseón, de xeito que resulta menos unha qbra maestra de semellanza ou de verosimilitude, qu'unha especie de presenza real alimentada da nosa... nada d'aparencias escolásticas, nada que non sexa do tono interior mais sinxelo e humán, apenas mais preciso qu'a natureza...» Descartes asegura a primacía do Universal. Foi matemáteco, matemáteco euclidián. Por algo a matemáteca chegou a ser unha lingoa universal e coma tal non soficente sinón pra recibir un conxunto de ideias xenerales, as precisas pra s'entenderen os homes na apricazón da Intelixenza á vida. Poideramos dicir que aquil senso quer dicir a tona xeneral dos espíritos, indefrente á sua intensa diversidade infinda e sotil. Engade Valéry coma de que xeito teima Descartes:—«que nos atopemos en nós o mesmo qu'il sentía en sí mesmo». Pois en Descartes cristaiza a fórmula filosófeca do Crasicismo. Na filosofía anterior e posterior, escoitando con tino o diálogo inmorren-

RAMÓN OTERO PEDRAYO

te dos pensadores, poderíamos, si estiveramos capacitados pra elo, precisar a fórmula vital do Romantismo. Non quixemos dicir a fórmula sinon as fórmulas. Elásticas, provisionás, incomprendetas, mais todas elas importantes pra chegar o mais preto posibre do cerne latexante do problema. Pra decilo en térmenos consagrados: realismo e nominalismo valorizan os sensos contrareos de Crasicísmo e Romantismo. A antiguedade foi realista. Pol-o menos a porzón d'ela que infroíu d'unha maneira xeneral e visibre. Ideas platónicas, teoría aristotélica do coñecemento. As ideias son universás coma os xéneros e as especies: todo saber posibre tén que sere universal. O sentimento cristián da inmortalidade loita contra a doutrina antiga, mais cástalle grande esforzo trunfare d'ela. Considerada en conxunto a filosofía central da Edade Meia figura de un sólido realismo: Alberto Magno, Sto. Tomás aparentan encher tod'o espazo do pensamento. Mais outras forzas novas, ledas, anciosas do porvir, formiguestan na unidade católica. N'elas nacen os xermes espranzados da filosofía moderna. Duns Scoto e William de Occam son nominalistas; a inmortalidade e a liberdade sufincan seus sistemas de pensamento. Cada

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

acto divino de creazón crea algo particolar, úneco, incomparabre. N'isto loce a verdadeira grandeza de Deus. I-é dino de se notare o feito non casodal de que os franciscáns foran, en conxunto, nominalistas, seguindo aquil ardente amor da Natureza—â iauga, âs aves, ô lobo, âs froles, âs anduriñas, â cinza, e hastra â doença e â morte—e aquila certeira apreceazón do valor do esprito de cada individuo que foi propia do Santíño de Assis. Os homes d'entón inda non pensaban qu'a natureza estiver escrita «en lingoa matemáteca» asegun despoixa escribía Galileo. Pr'os nominalistas a fermosa armuña do mundo remanece da sua intensa e necesaria variedade. Hoxe gábase con xustiza a funzón da chamada escolásteca decadente, época de apaixoadelo esforzo e orixinalidade, na que se procuran as fontes do pensamento filosófico moderno. O millor do Renacemento, o que d'il viviu, non foi precisamente o que teña de refrexo da Antiguedade. O pensamento camiña por outros vieiros. Con Leibnitz orgaizase o individuoalismo como vivir dominador da filosofía futura: pra Leibnitz o universal non tén eisistencia, pois toda posibilidade somentes no individuoal pode realizarzarse.

RAMÓN OTERO PEDRAYO

Poderá figurar valeira ista lembranza, apenas indicada, d'un dos conflitos básicos da filosofía. Nós considerámola urxente pol-o Romantismo trunfa, millor xa nace, baixo o signo da individualidade; quizais sexa o sóilo conceito que abrange o conxunto das suas variadas e ás veces, contrarias arelas. Mais eiquí chegamos a un istante dificuldoso. ¿Cando surde o Romantismo? Témar defínilo sería compréndelo.

O Romantismo que mais infruíu na trasformazón das literaturas peninsulares da Iberia foi sin dúbida o francés. Seu reinado esterior pódese establecer doadamente. N'o 1800 Mad Staël publica o seu libro «*De la Litterature*». A autora formada por Richardson, Rousseau e Goethe debía ben pouco ás duas literaturas imperantes: a antiguedade cráseca, e mais á francesa do século XVII. Dous crasicismos, duas escolas de sólida universidade. No 1801 sai un libriño pequeno: *Atala*. Chateaubriand conta nas suas memorias o eisito insospeitado. París ainda páledo de revolución e d'heroismo, sentiu de súpeto unha nova emozón. O autor isolado por raza e carauter, o pelengrino das soildás do novo Mundo, tiña que fuxir dos aprausos do público e refuxiarse en

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

calquer café—os futuros cafés da Bohemia—pr'a soñare no paisase interior povoado pol-as formas fuxitivas da grande paixón céltiga com'as landas nativas da Armórica. O ano seguinte o «Xenio do Cristianismo» posto á venda o día mesmo da firma do Concordato cando as eirexas se estraban de novas froles de espranza. Outras datas dispensaránnos de longos comentareos: 1820, «Meditations» de Lamartine; 1822 «Poémes» de Alfred de Vigny, «Odas» de Víctor Hugo ainda crásecas na forma e un folletiño de fonda novidade: «Racine et Shakespeare» de Stendhal, un home raro, pouco crasicabre, fino analista, epicúreo requintado, viaxeiro estrano de terras e de ideias, prisioneiro da fermosura d'unha cibdade coma da fermosura d'unha muller, de Milán que é morena coma Venecia é lqira. A pátrexa escolleita por Stendhal non pode ser mais contrarea á siñificanza do xenio francés do XVII. Góteca e comunal, ardente e páleida, ainda tiña un pouco da fonda lonxanía de Leonardo. En xeneral o crasicismo se non comprende na Italia apesares da sombra das cúpulas romanas e renascentes. Stendhal, d'aquela, tiña moito escrito e pouco pubricado. Loitaba pra formarse un *ego* orixinal, fora do tempo e proyeuta-

RAMÓN OTERO PEDRAYO

do car'o pôrvir. Mail-o folleto «Racine et Shakespeare» foi o primeiro mañifesto românteco. Hai n'il Rousseau e XVIII francés, tempo alomeado por costelaciós do Norte. Asegún Stendhal o áburrimento é o signo eminente do crasicismo, 1825: o primeiro cenáculo românteco no salón do Arsenal arredor de Ch. Nodier. O salón era unha biblioteca, Nodier un erudito, bibliófilo, un humanista cheo de paixón por novas formas de beleza. Michelet definiúñ'o:—«le chercheur infatigable de notre vieille litterature, le hardi précurseur de la nouvelle». As fiestras franqueabanse n'unha paisaxe de arquitecturas gótecas—a Santa Capela, Nôtre Dame—talladas en espírito, simbólicas, botando sombras saudosas sobre do Sena. No sólpor unha dona de trenzas negras, de palideza luar, interpretaba ó piano composizós xermánicas: lonxanías de selva de Bach, sonatas apaixoadas de Beethoven. Na Abadía dos Bosques, outra tertulia. Presidía a branca testa ergueita e malencóneca de Chateaubriand; un circo de donas criadas en Saint-Denis, ainda tremantes do horror da guillotina e do desterro e algús mozos aristócratas namorados da epopeya francesa da «Gesta Dei» e da morte de Roldán e do Imperante da barba frolida.

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

Unha musa—Mad de Recamier—brilaba no reuén com'unha estrela antre roinas. No salón de Ch. Nodier as testas novas, que non viran a Revoluzón, criaban con alegrias e angústeas, todo un mundo latexante de futuridade. A de Vigny, os irmans Deschamps, V. Hugo, Sainte-Beuve, Delacroix. A. de Musset, quen di da reunión:—«*Alleurs, dans la grande boutique—Romantique,— chacun avait, maître ou garçon—Sa chanson*». A noite do 25 de Febreiro do 1830, *Hernani* no Teatro Francés, a Bastilla do século XVII, o bastión dos Faubourg e da Academia. No estreno bulian Th. Gautier c'o seu chileque roxo, e Gérard de Nerval que despois d'apurar a copa do Rei de Thulé non treméu diant'a copa do suicideo chea d'un licor ben diferente do que bebeu Sócrates. O mal do século, amor da Soedade. Edade Meia, Oriente, España, Paixón e Morte, mares dos Vikingos, selva infinda e resoante da liberdade dos pobos, caszón popular, tráxico pracer do pensamento diant'o atraente mistereo do ser, xogo ceibe das formas artistecas, malenconía de rapaces, paixón da inmortalidáde, hestórea sentida coma un dinamismo, meditazón sosteñida arredor da intuizón dominadora... ¡Quén sería capaz de pre-

RAMÓN OTERO PEDRAYO

cisare todal-as direizós do Romantismo? E' millor quedarse c'unha fórmula, xusta anque demasiado xeneral: unha arte lírica. Individuoal. Egocentreea. Quen desexe entrar no íntemo do vivir románteco non coido que escolla millor guía que a obra d'un pintor: Delacroix. Millor que nos cadros n'un tempo escándalo dos Museus, n'aquil *Diareo* seguido con coidado, con esperta curiosidade interior, con fina sensibilidade do mundo. O Romantismo francés tamén morreu en parte, por se facer doutrinareo, vulgare imitador cando naufragóu na sensibilidade burguesa, e no desencanto do tempo políteco. Mais non compre esquencerse das noites da rue de Rome baixo o Patriarcado de Stephano Mallarmé («De l'éternel azur la sublime ironie»... arela románteca inconfesada) nin de que Gustavo Flaubert lia cada mañán trala prosa de Chateaubriand, nin das pelerinaxes de Rimbaud nin de Verlaine. Nin esquencer de que xeito hoxe dend'a cátedra de H. Bergsón hastra a «Arte poética» de A. Bretón, hai unha loita contra o senso positivo e naturalista, contra a que podíramos chamar *crasicidade* do derradeiro terzo do XIX, paralela á levada polos vellos romántecos debeladores da forte xerarquía dos modelos inmutabres.

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

E' curiosa, é siñificativa a posizón de moitos crítecos e hestoreadores franceses—todo francés mais ou menos coscentemente sinte a saudade d'un equilibrio, d'unha medida qu'il coida salvadores—cando tratan o problema dos orixes do seu Romanismo. Algúns ainda groriándose do brillante esprendor atinxido confesan con facilidade o orixen extranxeiro do movemento. Louis Reynaud escribe: «...au XVIII^e et au XIX^e siècle, il s'est passé chez nous un drame istellectuel dont il serait difficile d'exagérer l'importance. Notre litterature a, pour ainsi parler, changé d'âme... Nous voudrions déterminer la part qu'ont prise à cette révolution les littératures de l'Angleterre et de l'Allemagne» Eiquí pódese ouservar como o agarrimo gostoso e sereo do xardín de buxos e mármores estorbando o sentimento do grande bosque antergo sempre novamente agromado, aparta ás veces da valorazón dos orixes. Os que sosteñen que a Francia do XVII—orden, disciplina, razón, fundadas na antiguedade romana e no Catolicismo: Versailles—encarna o ser esenzal da Francia esquencen, alomeados por un esprendor quizais úneco, moitos periodos da espirtoalidade francesa e dende logo seus orixes. Eiquí tería aitoalidade

RAMÓN OTERO PEDRAYO

a vella discuseón encol do predomínio celta ou latina na cultura das Gallias. A frase de Raynaud non s'entende ben. Soa á estrano. Pois como pode cambear de alma unha literatura? O fondo céltigo, e xermano, os carolinxos, a eirexa de Saint-Denis, a chanson de Roland, o aer da Illa de Francia, a Universidade de Abelardo e de Occam, as rexiós c'o seu espirto, Rabelais, a Pléyade e moitos mais elementos vidais que espertaron ó soar a chamada do Romantismo. O luar céltigo e xermáneco, non se perdéu entr'as oxivas esmorenadas das roinas. As voces d'affora foron seguídas porque traguían un acento irmán. Outra ideia brillantemente espota e repetida fai de Rousseau a fonte do Romantismo. Sobretodo da Rousseau da «Nouvelle Héloïse» das «Confessions» e das «Promenades». En moitos aspeutos tod'o Romantismo garda o ronsel da morbideza espirtoal e da intema tragedia rousseauiana. Mail-o principiar da sensibilidade románteca moderna débese procurar denantres. Decimos moderna poi-o analise áinda que non pase da tona dos feitos tén que considerare duas especies hestórecas, millor duas vibrazós do mesmo orixen e solo de diferente lonxitude i-acento. Unha racial, étneca, inconsciente: outra indi-

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

vidoal, culta coscente, requintada. Poesía de pobos e poesía de poetas. Vaga e sempre presente sensibilidade cósmeca e outra sensibilidade moltiprica-
da asegún o xenio de cada temperamento de artista. A primeira vive ás veces por debaixo da hestórea aparente nos pobos da grande familia atranteca, particularmente nos pobos de raza céltiga. Vicente Risco e tamén Euxenio Montes teñen pensado o Romantismo como un fenómeno céltigo. A teoría merecente d'un longo desenrolo non figura propia d'iste traballo, mais ¿quén sería dono de resistir a sua fonda suxestión? Na alma galega sentímos todos a presenza d'un eixe vital inmorredoiro que nos dá a nosa forma espirtoal e nos difrenza d'as outras xentes habitadoras da Iberia. Ista visión céltiga do mundo xurde, pra quén seipa esculcar, en todal-as enxebres manifeszazós do espirto galego. Dend'as latricadas dos labregos arredor d'o fogar, dos temas ornamentás que un albañil dibuxa nas pedras d'un cabaceiro ou a maneira de s'agruparen as mulleres na praça cando agardan. na serán bretemosa, o regreso das dornas, ata a istrumentazón que fai Mateo dos temas teolóxicos no Pórtico da Gloria ou o ritmo intemo dos versos dos canzoeiros ou as afi-

RAMÓN OTERO PEDRAYO

nidás filosóficas dos pensadores galegos. Por algo os poetas e hestoreadores do tempo romántico espiñaron a concenza do verdadeiro ser da Galiza. Entón o traballo arqueolóxico non pasaba apenas dos marcos romanos, os estudos etnográficos non adequiriran o desenrolo d'hoje, un pasado episódico ainda bocababa sombras noxentas d'onte tiráneco sobre a interpretazón da hestórea, da arte, do derecho da xeografía humán, da fala, do tema de Galiza. Eles aduviñaron certeiramente porque tiñan ollos pra considerar a concencia galega. Añudaron o leif-motiv crebado, souperon precurar as correntes escondidas do río hestóreco, fluente e romoroso, da nosa persoalidade. O Romantismo extranxeiro fixolles atopar un sentido galego do vivir. Hoxe as cencias millor artelladas, confirman o xenial sentir dos Precursores.

Consideremos un istante o mapa espirtoal da Europa cando s'affirmaban com'os pilares d'unha ponte, os sufincos do Imperio Romano. O sul lúmioso, ondeando arredor do Mediterraneo o mar que estende suas duas azas de águia no centro do vello mundo: unha acougando a cultura grega, outra a cultura latina. Un mundo de vellas civilizazós misturadas de illas antergas, acostumadas a accompa-

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

sare seus longos pasados ó ritmo broncineo da lei romana. O marco das cumes alpinas fora cruzado pol-as lexiós. Elas chegaron c' o seu paso calcado e metódezo («Le piétinement sourd des légions en marche» José M. de Heredia, no soneto da batalla de Trebbia) hastra as correntes ceibes dos dous grandes ríos carregados de mistereo e mantidos pol-a pureza infinda dos neveiros: o Danubio, o Rhin, e hastra ás praias e os cóns do Océano occidental. Mais alá dos ríos o home cráseco dubidaba e temía. Outros hourizontes. A estepa dos nómadás que apagan seus fogares cada mañán, e a bruante selva xermáneca. Pra chegar ó Rhin e ó mar, tiveran que conquerir un anaco, o mais vasto da Celtia. Todol-os hestoreadores de esprito superior sentiron que Roma non foi imperio namentras César non venceu ás Galias. A barbarie, a novidade, a estraneza, o mistéreo, estaban demasiados perto do Mediterráneo. Desque César conqueriu o coto de Alessia o Impero pudo vivir cinco centos d'anos. Leendo o latín preciso, acuñado en frases coma pequenas moedas indestrutibles, do «De belli Gallici» aduviñase un dos grandes medos da antiguedade: o medo do descoñecido. Os homes crásecos non temian á morte: en troques

RAMÓN OTERO PEDRAYO

semper temeron ô mundo estrano qu'os cinguía. Coma quen coltivando no xardín sabe que chegado a invernía virán xiadas e loucos ventos do norte pra destroir seu traballo. César sabía que os Druídas non morrerían, cada arboredo pechado era un templo, cada coto unha fortaleza. Mais si o chao lakrego se deixóu cruzar de vías e inzóuse de vilas imperiales, o hourizonte bretemoso do mar endexamais foi dominado polos romanos. Nas alás verdes cantaban sereas estranas, ô lonxe as illas navegaban car'un futuro infinito. Cando na Iberia os lexionáreos ollaron a posta do sol no fio tremelante das augas sentiron coma dí Appiano un relixioso horror. Pra moitos era o final do mundo. Tiñan razón. Era pol-o menos outro mundo. A raza céltiga aparentemente domeada, sempre gardou seu espirito ceibe nas beiramares do oucidente. No esquecemento, esdeñosa de criar orgaizazós politecas, mais mantendo sin encetar a propia célula social, sentouse nos Fisterras e ollóu séculos e séculos o salgado hourizonte do lonxe. Así se lle puxeron os ollos mais verdes e a alma mais saudosa de lonxanías. A epopeia irlandesa, as xestas heroicas, a literatura galaico-portuguesa, o Doncel do Atránteco Amadis de Gaula, o Roman-

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

tismo, foron algúns momentos do xenio celta na hestórea. Un xenio hoxe trunfante en todal-as naciós n'as que inzóu sua raza. Un xenio que presta novas e liberdadoras direuzós á civilizazón europea. Roberto Buchanam concretou n'istes poucos versos o ser dos Celtas:—«Lee ás estranas ruñas do Mistereo—Ouh, Celta, na patreá, e sobr'a mar:—franquearonse os marcos; os probes son ceibes—O grande futuro do mundo está nas tuas maus.—Traballa a terra, ergue cidades—Sé forte, ouh ¡Celta! e rico, e sábeo.—Mais sempre tranquio, c'os teus divinos ollos graves—Soña ouh celta! no reino do Mistereo». Spengler caracteriza o espírito faústico polo símbolo do espazo puro, sin fronteiras («Hinaus zu weite Feld» di Fausto fuxindo da vila) cuio corpo é a cultura occidental «que empeza a frolecer nos chaos nórdecos dend'o Elba hastra o Tajo, c'a arte románica do século X» Dentro d'iste mundo da cultura comprendese o celtismo integralmente e levando de fixo un papel superior polo faustismo no que tén d'anceios de infinitude é tan xermánico polo menos como céltigo. Di: os botánicos modernos que o castiñeiro, o albre petrucial, non tén outra pátreas que o chán granítico, amolecido pol-as chuvias oceáne-

RAMÓN OTERO PEDRAYO

cas, da Galiza. Da mesma maneira xurdíu na nosa terra o tema inicial da arte románica; coma a coluna chamada albre de David encerra a xenealoxía de Cristo o estilo do Pórtico da Gloria pecha, en semente, en agarda de infindas primaveiras, todal-as posibilidás futuras da arte cristiana. Unhas compriron seu ciclo hestóreco, outras agar dan, espranzadas, a sua realizazón necesaria. Outro grande pensador xermáneco váinos a ofrecer axuda pra carácterizar o Romantismo: Hegel. Sua obra impónse ás xenerazós como unha vasta e armoñosa catedral do espírito. Nas leizóns sobr'a «Filosofía da Hestoreia Universal» Hegel presenta ó espírito realizandose na Hestoreia; hastra chegar a saber o que sea en si. Traballosoamente chega c' o cristianismo nas naciós xermánicas a concenza de que o home é como home libre, de que a liberdade do espírito forma a sua intema natureza. Convén lembrar que Hegel entendía os celtas dentro do mundo xermano. Na «Estética» traza o desenvol vimento das artes paralelamente ós ciclos filosóficos da Hestoreia: forma simbólica, cráseca, e románteca. Na primeira a imaxinazón loita pra erguerse por riba da natureza pra chegar ó espiritual, mais é impotente pra se ceivar do peso da

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

materia. Lembrade aquela fermosa páxina da «Estética» sobre o perfil grego: a forma cráseca xunta de maneira perfeita a ideia c'a forma. O espírito no fondo, no centro da representazón, a natureza coma forma exterior. A teoría non atopa nada mais perfeito. Non abonda. O espírito pide mais: pechalo en lindeiros é dárlle morte. Demanda realidade na sua propia forma. Iste desenrolo do espírito que erguendose hastra sí mesmo alcontra en sí mesmo a forma que dinantes procuraba na forma sensibre, é o principio esenzal do Romanismo. A beleza pra Hegel considerada como categoría un pouco inferior «cede didiante da beleza espirtoal que reside na natureza intema da alma». Tratando dos persoaxes de Shakespeare (como se sabe foi Shakespeare o grande patrón dos románticos; cando se representou en París *Othello* integralmente, dinantes do *Hernani* din que os crásecos mais fanátecos andaban asombrados polos corredores do Teatro repetindo en diferentes tóns:— «Iago, Iago, Iago,») dí a «Estética» hegeliana:— «Non obran por motivos relixiosos, nin en armunía con determinadas leises morales. Son... persoaxes independentes colocados somentes frente d'eles mesmos, frente das suas propias arelas

RAMÓN OTERO PEDRAYO

que eles concebiron espontáneamente e que realizan c'a consecuencia increbrabre de paixón, sin pensamentos anexos, sin ideias xenerales».

A relazón dos filósofos c'o senso románteco adequire proporzóns que nin estamos capacitados pra estabrecer nin son propias d'ista introduzón xa ben longa. Mais non podemos chegar ás primeiras formas literareas do Romantismo moderno sin lembrar algúns dos pensadores de sustancea simpáteca ó espirto románteco. N'isto de citar ós filósofos com'os poetas hai que fiare mais do tón xeneral, do acento peculiar do home en conxunto que das propias palabras. Despois de todo nos pensadores xogan infroenzas ás veces insospeitadas por eles mesmos e as doutrinas, o vital das doutrinas, chaman unhas pol-as outras asegún afinidás eleutivas ou o Eros que rexía as simpatías dos átomos en Leucippo Mr. Seilliere acusa a Platón d'haber sido o primeiro rousseauiano. Considerada a vitalidade lumiosa e xogantina dos «Diálogos» a afirmazón non figura tan paradóxica coma si somentes pensaramos no Platón da escola onde unha iscripzón dicía:—«Ninguén que non sexa xeómetra demore eiquí» Por algo Heráclito foi chamado «o escuro Efeso» pois a sua filosofía da

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

mobilidade non collía no mundo *euclidian*o asegún lle chama Spengler. Pra encontrarre unha formulazón filosófeca verdadeiramente románteca é preciso chegar a ús cantes pensadores dos derradeiros do XVIII e principios do XIX. O «Ego» absoluto de Fichte foi un credo na vida espritoal dos románticos. ¡Non é a paixón do Ego a maior paixón moderna? Lefevre, outro dos novos franceses, n'un traballo «Reconnaissance de l'unique» pra soster o culto do esprito toma a Bergsón por punto de partida mais chama ós filósofos románticos desde Fichte e Schelling en axuda da tesis da comunidade do esprito c'o ser. Cada dirección románteca tén outa xustificazón filosófeca. Novalis xuzga a realidade com'unha creazón da fantasia «O mundo fáise ensono, o ensono fáise mundo». Viviú n'uha especie de atmosfera astral, feita d'espiritos na que non tiñan sinon fuxitiva realidade as formas do mundo pensabres pol-a intelligenza. Novalis católico, consideraba realizada a unidade interior do home pol-a relixión: o ideal da Edade Meia, pol-os románticos xustificada trunfalmente frente ás ideias da ilustrazón. A ironía de Schlegel non é sinon outra fórmula do individuoalismo na arte: na obra a fantasía dá for-

RAMÓN OTERO PEDRAYO

ma a materia, o autor dicese e espresase todo inteiro na obra. Hegel sempre historicista e individualista, eisalta a funzón de cada pobo particular e diferente dos outros, e o misticismo de Schelling, o que puxo a maor paixón na Metafísica (xuntanza da contemprazón, da aizón e do amor n'un feito místeco) está no centro da ideoloxía románteca.

Mais xa deixamos apontado de donde vén a nova lús do mundo. Foi un oriente o oucidente. Os xermanos diron forma, levaron á posibre eisaltazón e sistematizaron o romantismo formulado primeiro na Inglaterra, trunfante no continente dende Rousseau. A verba romantismo, aparece por primeira vez n'un celta, apricada á Escocia e ó outono; n'as *Estazóns* de Thompson publicadas do 1726 ó 1730. Fillo d'un eclesiásteco probe, sempre soñou c'un vivir tranquilo i-ensonador na verde paisaxe; aprecia os xogos da bretema nos cumes, as ondas d'aire no bosque, o lonxano ecoar das torrenteiras. Hastra il soilo a pintura flamenca—Ruysdael, Potter, Hobema e outros—soupera apreciar a intema poesía da Natureza. Coma dí H. Taine «Trente années avant Rousseau, Thompson avait exprimé tous les sentiments de Rous-

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

seau, presque dans le même style». N'isto non podemos estar conformes. O estilo de Rousseau ainda hoxe ten un feitizo conqueridor coma si sempre fóra un adolescente o que falase. Por il o Romantismo vencéu á Ilustrazón e fixo a revolución sentimental na Europa. Todas-as artes procuran nova vía: ó principiar o XVIII un pintor, Kent, inventa o xardín inglés todo inspirado na paisaxe e Richard William pinta a campía ingresa. Amarelan os buxos arquitecturás, as fontes simbólicas, e as estatuas mitolóxicas do xardín versallesco de Le Nôtre lixanse cás follas murchas do outono. Unhas poucas datas: no 1742 a primeira das «Noites de Young: 1751 a Elexia de Thomas Gray: 1760 os «Fragmentos de antiga poesía xuntados nas montañas da Escocia» por James Macpherson; o «Tingal» e «Temora» nos 1762 e 65; as primeiras poesías de Roberto Burns publicaronse en Kilmarnock, o 1766. Na Francea despoixa da forte infroenza ingreza representada por Montesquieu, Voltaire, Diderot e cuaseque toda a frota da Enciclopedia, partidareos da politeca da filosofía e vida británeca—outra protesta contra o crasicismo monárquico-catoleco do XVIII—estoupa no ano central do século o Discurso sobre o orixen e fondamentos de desigualdade» que fai de Rousseau

RAMÓN OTERO PEDRAYO

o home á moda. Cronoxia dos principales libros de Rousseau: «La Nouvelle Héloïse, 1781-88 as «Confesiós». Veñen un tral'outro com'as chuvias da primaveira. Tamén nos derradeiros anos do século, Bernardine de Saint-Pierre fáise popular non coma un bucólico ou un didascálico máis, sinón pol-a sensibilidade dos «Cadros da Natureza» e dc «Paulos e Virxinia». Na Alemaña víxilaba un pensamento esperto e destemido, mais as letras seguían empoeiradas á francesa com'as pelucas dos conselleiros privados hastra que xurde a «Messiade» de Klopstock—«O Klopstock!» moriu Carlota acaron de Werther diant'a tempestade nos campos—Despoixa os *Dioscuros* de Weimar—Schiller e Goethe—Hoffmann, Xohan Paulos Richter—Mais no cerne da Europa sinalase dinantes de Klopstock, un libro suizo: «Essai de poésies suisses» (1732). Feito sínificativo: seu autor, Haller, era un fisiólogo ilustre e novador e un namorado das montañas, ainda que tamén n'ista paixón nótase o infruxo d'un devanceiro inglés Coxe e do Ramond, autor das «Observations dans les Pyrénées. Haller foi o primeiro en sentir literareamente a grandiosidade dos Alpes, pr'os que estiveron cegos todolos crasicismos c'a esceizón

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

ben coñecida e sin consecuencias do Petrarca. Den-d'entón un vento de graciad refrescóu as frontes dos poetas. Pénsese no xardín de Mad-Stael, na illa de Rousseau no lago de Bienna, n'o «Obermann» tan admirado por D. Miguél de Unamuno que soilo respira na cume de Gredos e no quoto chao castelán, no esquencido castelo onde morréu fai dous anos Rayner M. Rilke. Tema pra un fermoso libro: funzón renovadora das montañas na arte e na vida. O fino filósofo do bô xantar Brillat-Savarin escribía:—«L'air pur des hauts-lieux refrachit l'âme et dispose l'imagination à la méditation et au Romantisme».

Eiquí pararemos n'ista lixeira escúlpa d'orixes. Pra que fora completa sería preciso engadir moitas páxinas, e refacer, en profundidade, as escritas. Mais pra non deixar tan aixiña o feitizo do tema, demandamos licenza pra lembrar, somentes algunas páxinas e momentos, dos proeles do Romantismo.

Thompson asulagado coma un pintor na pri-guiza espranzada da Primaveira:—«O tépedo ven-to do sul ven quentando a amplitude do aer e sopra sobr'as grosas nubens, xa amolecidas pol-as

RAMÓN OTERO PEDRAYO

chuvas de Abril. Tod'ô largo do día deitan as nubens ditosas orballeiras, e o terrón regado fártase de vivir vexetal, hastra que no ceo do oucidente o sol rayolante xurde rompendo á púrpura das nubens. De súpeto suas ceibes rayolas pegan na montaña, brincan pol-o bosque, tremeloce no río e n'unha amarela neboeira que fai fumegar ô lonxe, os grandes chaos, acende infindas chispas nas pingas do orballo».

Roberto Burns cantóu a vella balada dos Highlands, mais sobretodo á Liberdade—«N'iste albre (o da liberdade na plaza da Bastilla—madura un froito singular—meu rapaz, tod'o mundo dirá as virtudes que encerra—pois il ergue o home por enriba do bruto—») e fillo de probes servos, criado no esterco e na fame, berrou coma ninguén a tola alegria dos desherdados do mundo:—«Pr'o demo, os protexidos pol-a lei!—a liberdade in'hai millor festín!—As cidades foron feitas pr'os priguzosos—com'a Eirexa pr'o crego.—C'os nosos bastós e nosas artes—imos, d'eiqui pr'acolá, tod'o día—e pol-a noite na corte ou na palleira—abrazamos nosas queridas riba da herba.—Pol-a saúde das chagas, das muletas e dos farrapos—Pol-a saúde da tropa dos mendigos—Pol-a saúde dos pi-

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

llos e das nosas comadres!—Cada un, e todos, berráde: Amén».

Outro escocés, iste fino aristócrata, vive no resoante bosque medieval. Templarios, orgullosos concellos, a leenda vivida, o antergo fogar da tradizón sempre acesa. «Unha ves» conta Sir Walter Scott, cruzando Magus-Moor, preto de Saint-Andrews, describiu o asesinato do arcebispo a algús desconecidos compañeiros de viaxe, e un d'eles, ainda que soupera de memoria aquila hestórea, díxome ô día seguinte qu'o meu relato non'o deixara durmir»

Rousseau ben se decataba da amplitudde que franqueaba seu estilo mórbido, inquieto e tentador. Abondan unhas liñas do prefacio de «Julie ou la nouvelle Héloïse. Lettres de deux amants»:— «Porque temo dicir o meu pensamento? Ista colección de cartas c'o seu tono góticó convenlle millor ás mulleres qu'os libros de filosofía. Quizais sexa bó pr'as que gardan un pouco de virtude no meio d'un vivir desleigado... Ide, boas xentes c'as qu'eu gostaba de vivir, ide ben lonxe á procura dos vosos semellantes; fuxíde das vilas pois non'os atoparédes n'elas. Procurade nas homildes chouzas unha parexa de fieles esposos cuio amor se fortaleça

RAMÓN OTERO PEDRAYO

leza c' o voso exemplo; procurade algun home, sempre e sensibre; algún solitario fuxitivo do mundo que avergoñándose das vosas faltas e dos vosos erros, confesese á si mesmo entenrecido: Ah ieiquí as ialmas das que precisa a miña!».

O bosque de Montmorency, as «Charmettes» os camiños dos Alpes—A ialma ô desnudo, sin piedade, contodo gozando nos tristeiros anos do desterro os mesmos praceres da mocedade. As «Promenades» son quizais a millor estilazón da esenza rousseauiana. Coidabase ditoso na illa, pequeniña de Saint-Pierre no lago de Bienna; traballaba con ardore de principiante n'unha obra «Flora petrinsularís» d'isas n'as que coida un home atopar a felicidade—e que non escribe endexamais. «Saindo d'unha doce e longa ensonázón, véndome entre follas, froles e paxaros, e deixando pasear os ollos, ô lonxe, sobr'as románticas orellas que pechan a grande larganza d'auga crara e cristaíña, éu asimilaba todas istas garimosas cousas á miña ensonázón; e chegando, por grados, a mí mesmo e ô que me arrodeaba, non podía detremiñar separazón entr'as ficiós e a realidade; de tal xeito todo concurría a facerme querido meu vivir solitario en tan ditosa terra» A derradeira das

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

«Promenades» a décima, foi escrita o 12 do abril do 1778; tres meses dinantes da morte. Volve as emozóns do infanza, está chea da lembranza de Mad. de Warens:—«O gusto da soedade e da contemplazón nacéu no meu corazón c'os sentimentos espansivos e tenros feitos pra ser seu alimento... Teño precisión de soedade pra amar. Eu levei á mamán (Mad. de Warens) a vivíre na campía. Unha casiña isolada na vertente d'un pequeno val foi noso asilo, e n'il, por catro ou cinco anos, disfrutei d'un século de vida e d'unha felicidade pura e chea que cobre c'o seu feitizo todo o horror do meu destino». Non sei de millor comentareo ás «Promenades» que os «Six jours a Ermenonville» de Lacretelle. O autor do «Silbermann» descendente de protestantes, fino catador de espiritos, figura o mais disposto pra sentir tod'a larganza, paixón, dcor e morbideza do autor do «Emilio». Di Lacretelle: «Que pensaríamos de Rousseau si somentes conoceramos d'il as «Réveries»? Gustos inocentes, acento resiñado, ausenza de toda decramazón... todo nos faría a impresión d'un home doce, sin orgulo, desgrazado. Mais cando toca as suas desgrazas, entón tréma... e vemos o salvaxe e o tolo. Mais qu'importa qu'istas alarmas sexan

RAMÓN OTERO PEDRAYO


esaxeradas ou hastra maxinadas? Que importa que se teña equivocado falando de Mme Epinay, Grimm, Hume? Cando se incomodainxustamente e pérde os seu amigos, non sentides qu'il sofríu cen veces más qu'eles?».

Ainda se fala do escándalo que seguiú á publicación das cartas de Chateaubriand o vello á sinxela «Occitaniana». Prantea suxestivos problemas psicolóxicos. Louis Martín Chauffier n'un artigo tidoado «Le mythe de Chateaubriand» acerta, na nosa opinión, c'o verdadeiro carauter dc Vizconde. A teoría de Chauffier pódese conter en poucas palabras: n'as «Memorias d'Ultratumba» n'hai que procurar sinceiridade, pois o autor non quere xustificar nin lembrar millorando soilo quere sentir e eternizar duas cousas: unha infinda sensibilidade e unha sorte superbamente desgraciada; non tivo senso do real: «il était tout imagination et sensibilité imaginaire et chaque prise de contact avec le réel était une souffrance pour lui, la réalité étant une matière trop lourde pour ses jeux». E coma somentes tivo verdadeira, real paixón pol-a Occitaniana, entón sofríu de verdade ó se sentir vello; xa non foi un doloroso pracer da imaxinazón, foi unha real pri-

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

vazón. «Son imagination devient enfin son ennemie».

Pra rematar istas lembranzas lquen tivera a arte de evocar aquila anoitecida do mes de San Xohan do 1822, o naufraxio e morte de Shelley na badía de Liorna! Shelley patroneando seu pequeno barco quixo pasar con mal tempo á outra orela onde agardaba Mary. Byron e o antigo pirata Trelawny ollaróno sair. Ceo e mar de plomo. Logo o trebón, d'unha violenza que non recordaban os mariñeiros vellos. Restaba a espranza de que a nau fora botada descontra Elba ou Córcega. Cinco ou seis días mais tarde a mar botou n'unha praia iñorada o cadávre de Shelley: estaba comesto polos peixes; tiña n'un bolsillo, aberto, un volume de Keats, o irlandés. Non sei d'escea mais fortemente románteca. O barco do autor da oda ó vento do Oeste chamábbase: *Ariel*. Fixeron ó poeta ceibes honras fúnebres. Queimaron o corpo na praia: despoixa de tres horas o curazón d'un tamaño enorme,inda non se consumira. O pirata Trelawny metendo a mán no fogo colléu aquila reliqua pra levála á verde Inglaterra lonxana. Por primeira ves na sua vida Lord Byron non escondéu a emozón.



I I

O P. Sarmiento pol-o ano 1766 escribía falando da lingoa galega:—«Tengo observado que las lenguas vulgares que solamente se hablan y no se escriben, son casi eternas, inmutables, y que cada día aumentan más y más, conservando siempre el carácter privativo de la lengua... [as lenguas que se hablan y no se escriben son más copiosas de voces de la lengua que [as lenguas que se escriben... Estoy aturdido de la abundancia de las voces gallegas puras que oí y recogí en Galicia... Dícese que (en Galicia) de un lugar a otro hay lengua diferente. No hallé esa multitud de lenguas. Estos o los otros términos sueltos que se hablan aquí y no allí es cierto que los hay, pero sin salir del gallego en general, y esto sucederá en todo país cuya lengua se habla y no se escribe». Ista lingoa, forte, densa, vivente na campía frolecéu dende os meiados do XIX n'unha fermosa literatura. O

RAMÓN OTERO PEDRAYO

«Album de la Caridad» Pintos, Añón, Rosalía, Pondal, Curros... Os prosistas e os poetas, sobre todo os poetas en poucos anos dán ó mundo a sensazón d'unha lingoa trunfante. Apesares do esquecemento que s'empriguizaba sobre o nome de Galiza foron apreciados, correron o mundo.

¿Cáles son as causas d'iste rexurdimento? Galiza volvén a sentir a presenza da sua persoalidade, sostantiva e inmorrente. A lingoa privada do amor, e das ideas dos artistas e dos pensadores desaparecera do esceario aparecial da historia. Galiza, terra provincial asoballada, pagaba en homes e diñeiro, en froitos i-en sangue, e solo cobraba bulras e desprezos porque os melhores dos seus fillos fixéranlle traizon. Eranles noxentos os doces ceos bretemosos, fuxiran pr'as terras do sol e do ceo azul. Esqueceranse de ser Europa e gostaron da Iberia múdexar, espallada e imperialista. Por tral-as montanas do hourizonte sul dos seus pazos ouvían dicir qu'había unha terra redícolai Portugal. A liña artifical da fronteira politeca tamén se dibuxaba, feridora, nos curazós. Pol-as portos deixados non chegaba ningún ronsel da Europa. O setestrelo heráldico locía tristeiramente na noite negra sin espranza d'alborada. Mail-a

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

vida sabe agardar. Com'a sementeira dos centeos sofre o rigor das invernías. Com'as follas murchas dos carballos apeganse as ponlas atercedidas, e trunfantes das nordesias de Xaneiro, ainda recollen o pasar levián dos aires da primaveira. A lingoa baixouse rent'ô chán, fixose pequeniña e homildosa, apegada ás esenzas da terra, do terrón étneco: os paisanos. Eles com'unha capa xeolóxica viviron sebr'a entrana da terra. Labraron as leiras de sol a sol e pol-a noite acarón da lume recreaban o mundo infindo das tradizós, vivian o universo sentido com'a presenza mistereosa e decorrente de moitedumes de almas, non perderon un chisco da sua inmorrente mitoloxía salvadora. Cando o Romantismo afondou as perspeutivas, os homes de sentimento descubríronse a sí mesmos o decatarse do seu ser galego. Neles e arredor d'eles, latexaba a alma magoada da terra. Sentiron a un tempo door, vergonza e espranza. Estaban citados a un xuizo de concencia. Mediron a sua tremenda responsabilidade. Os homes da cultura foran os responsabres do gran pecado. Outros homes da cultura debian, pol-o propio esforzo, redimilo. Eran poucos, febres, mozos, desprezados. Na propia casa ainxustiza tiña asento; adeprenderan como Galiza

RAMÓN OTERO PEDRAYO

era algo inferior, cuia lingoa bárbara, noxento signo de servidume, era preciso esquencer hastra borrar o seu doce acento, pra non atraguer as bulras do mundo. Non é d'estranar a páledeza das facianas entrevistas nas páxinas dos «Precursors» de Murguía. Mais os millores d'eles tíveron fé e afirmaron no futuro a chegada dos tempos. As causas xenerales do Romantismo operan na España mais tarde, non menos eficientemente. O Imperio asocegado da monarquía do dereito divino rachouse na guerra da independenza. Logo as loitas politecas. Todo eisaltaba o individuoalismo. Ningun valor deixó de ter emprego despoixa do esborrallamento do solene Pasado que aixiña figuraba recuar no tempo. Millor dito foi a interferenza de douos tempos: un antigo, outro novo. Os douos de diante volume e calidade. O pasado estaba demasiado perto: seguía tiranizando. Sua presenza noxenta erguía voces debeladoras. Un tempo novo que demandaba pôrse urxentemente a tono c'unha Europa nova. Mais tamén os espiritos sensitivos tremaron diant'o Progreso. Era feio, utilitareo, pragmática. O Romantismo espertaba o amor pol-as almas dos pobos e sentía apegada unha alma ideial, com'un raiolar d'estrelas, ás roinas

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

comestas pol-a pedra. Duas categorías de novos contradiutoreas, as duas románticas e moitas veces combinadas traxicamente no mesmo indivíduo. Na guerra da Independenza abateronse n'horizonte as azas do imperecio español; as rexios tiveron que se valer scilicet. Privadas dos consellos sesudos da monarquía de Carlos III, a propia enerxía tivo que facer a liberazón da Pátria. Fracasaron os graves xenerales educados no culto de Federico II de Prusia; e trunfaron os guerrilleiros. Galiza compríu seu deber dinantes das outras rexios. O vello reino, o mais antigo da Peninsoa, foi o primeiro en botar ós franceses. Como era costume as duas glorias non tiveron premio. Da loita da Independenza quedou a concenza trunfante do propio valor, a ideia liberal e unha infroenza ingresa. Si Byron non estivo en Galiza coma parou en Cádiz (no Cádiz feito polos bós canteiros galegos, o Cádiz en cuio pequeno espazo loitaron, nun pequeno mundo apaixoados, nunha expresión de individualidades, o pasado e o pôrvir) na Cruña ise sepulcro do héroe inglés ten o valor dun simbolo. Sua traza cráseca animase c'q sopro da tromenta, a veciñanza do Atrántico e a xuventude e os amores do caudillo. Lembra as estrofas dos «Sepol-

RAMÓN OTERO PEDRAYO

cri» de Hugo Fóscalo o grego italianizado que sentía a nova paixón. Logo ven a restaurazón absolutista. Galiza, a Cruña, salvóu o movemento de Riego e foi a derradeira praza en defendere a bandeira da libertá contra os frodelisados batallós de Angulema. Logo a guerra dos sete anos. Na Galiza o calrismo non sostiña unha individuoalidade anterga coma nas Provinzas Vascas. A verdadeira causa galega era demasiado fonda pra se fier das loitas dinásticas. Aquila causa pechada nas entrañas do pobo tivo que ser programada pol-as beizos dos poetas, no dazanove coma no tempo dos Druídas únecos sacerdotes no fogar da Pátreia. Mais a que seguir co ista lembranza de feitos por pre-ciseón cativa? Hai unha persoalidade que concreta na vida e na obra as esenzas do tempo románteco. Un poeta galego anque cuaseque sempre escribira en castelán: vive do 1811 ó 1863. Algús dos nosos millores intelectuais—Vilar Ponte, Vicente Risco—considérano o Románteco tipo. Xa Murguía dende o punto de vista galego escramara: Il foi o primeiro. Apenas é preciso decir o nome eufónico que figura tén unha longa sonoridade elexíaca: Nicomedes Pastor Díaz.

Recorrendo a vida e a obra de Pastor Díaz

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

xurde unha poderosa e malencóneca lembranza: Chateaubriand. Non escribíu memorias, era mais lirico, sentía a propia persoalidade afundida n'unha néboa de raza mais aduviñada que coscente. Un grande celta que chegou demasiado cedo ou demasiado tarde á vida. O ser da Galiza ainda non estaba precisado. Os orixes e o pôrvir figuraban igoalmente lonxanos. Mail'o paralelo pódese estabrecer salvando a proporzón do esceareo en que cada figura se desenrolóu. Coma Chateaubriand Pastor Díaz foi un moderado e un lexitimista na politeca, un agudo entendedor da realidade europea, un poeta home d'estado e dipromáteco, un namorado da Italia sin perder a saudade do norte. Coma Chateaubriand daba un mentís á vella preocupazón de qu'os poetas non sirven pragueiar un ministerio ou unha embaixada. Demasiado sinceiro non chegou Pastor Diaz a facer do seu vivir unha obra apaixoadas d'arte e d'imaxinación. Coma Chateaubriand xa vello visitóu as torres de Combourg refrexándose nos mornos estanques, Pastor Diaz pouco dinantes de morrer voltou a Sant-Iago. Dí Murguía: «sentose en las piedras que escombran la mísera plazuela, vió las ventanas de su cuarto de colegial, volvió a errar

RAMÓN OTERO PEDRAYO

bajo todas las umbrías». Soilo os poetas románticos podían enfrentarse c'a sua primeira mocedá porque todolos románticos creeron polo menos na inmortalidade.

Pastor Díaz estudiante nas vellas Universidades—Sant-Iago, Alcalá—alcanzou unha cultura semellante á de Chateaubriand nos colexios dos xesuitas. En conxunto os románticos sabían moi ben o latín e os ingreses todos cursaron moi ben seu grego. Asegún o prologuista das obras completas nos seus estudos «está el germen del carácter severo y escogido de sus estudios y aficiones literarias, clásicos, por decirlo así en medio del romanticismo» Os homes d'hoxe non podemos figurarnos doadamente o valor antergo dos estudos de grego e latín e a impresión que facían na mocedad. Polo pronto estabrecian unha dinidade social cuase da mesma importancia qu'a teoloxía. Prestaban unha realeza espirtoal. Eran precisas pra todo como hoxe defenden na Francia os partidarios do Bachillerato clásico. Unha das maiores acusacións que se lle facian a D. Manuel Godoy era a sua falla d'estudos de Humanidás. A disciplina do estudio pode figurar noxenta ás xentes superficiás que soilo estiman unha eficacia direita na prepara-

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

zón da mocedade. Mais debaixo da fermosa corteza estaba a pulpa do froito do vivir e d'unha esprenzia sempre nova. Toda'llos rapaces ardentes sentiron a morbideza da paixón en Ovidio, en Virxilio e a valentía da razón ceibe no poema de Lucrecio. Como está por riba do tempo e do espazo moderno o latín e o grego non tiranizan sinon os espiritos volgares. D'iste xeito Pastor Díaz sentía a beleza do Landrove e non s'adevirte na sua obra ningunha pauta preceptiva que amingoe o ceibe decorrer da inspirazón galega e románteca. En Madrí foron seus primeiros patronos douis homes do século XVIII: o comisario de Cruzada Fernández Varela, ben coñecido na hestorea galega, solene crego do despotismo ilustrado, filántropo i-epicúreo, grande amigo das artes coma un pequeno cardeal—ainda había moito barroquísimo pol-o mundo—e o olimpeco D. Manuel Josef Quintana. O galeguiño miúdo, ardente e malencóneco, foi empregado por outro humanista D. Javier de Burgos. Escribia nos xornaes «El Siglo» «La Abeja» «El Artista» e no 1837 era xefe políteco de Segovia; entón demostrou unha serenidade estraordinaria. Chegou a eispedizón de Zariátegui. Os calristas xa s'affixeron a chamar ás portas de Madrí, o xefe políteco

RAMÓN OTERO PEDRAYO

gardóu os fondos do Estado no Alcázar e seguío misturado c'a xente pol'os pobos da provincia dando valor e exemplo. Logo en Cáceres foi un grande ademanistrador. Iste era na vida o poeta mais fondamente pesimista do século dazanove na España. Non era finxido, coma outros, seguindo a moda do día. Garantizan a sua sinceiridade a honradeza do seu carauter e a paixón da palabra. Conta Valera como cando Nicomedes Pastor Díaz rubía á tribuna aquila figura mácia sofria unha trasformazón; por algúñ tempo cobría a frente co brazo como se cobre unha ave c'as aas; unha impreseón corría pol'o auditoreo; falaba, i-as suas verbas tiñan suxestión poderosa. Por algo foi un xefe da xuventude apesare de non pubricar manífestos. Sentíase n'il un símbolo do tempo, un símbolo atromentado, sofrente. N'hai pesimismo mais radical qu'o séu. Mais en troques de estralar en *humour* byroniano ou en gargallada mefistoféleca; estilaba bondade e ben considerado unha cras de fé. Mais que pesimismo era saudade. Valera que ll'adicóu páxinas moi certeiras era un home realista, confiado no mundo das apariencias, dos que se decatan ben onde rematan a sombra e a lús. Non podía sentir ben a maneira de Pastor

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

Díaz. Era iste un celta, un home da raza longamente esperimentada pol-a desgraza, condenada pol-o mundo, mais dona d'unha interpretazón do mundo que non alcanzan os homes das culturas sa-disfeitas. Levaba o infindo capital d'ensonos dos criados nas beiras do mar, dos botados ás marxes da hestorea. Il mesmo, quizais—era ben cedo entón!—se non decataba do valor do seu patrimonio espirtoal. E o choque c'a realidade éralle dobremente dooroso. Seus versos son froito naturalmente malencóneco, da mocidade. Concedéu moito á retóreca domiñante mais a sua tristeza é tan grande e fonda que figura representare no mundo unha coarta dimensión. No prologo ás Poesías publicados no 40 dí: «mis versos son hijos de ésta triste edad y de ésta literatura más triste aún... son, aislados, plegarias y suspiros, desahogos, gemidos solitarios de un corazón que como casi todos gime y llora solamente por haber nacido» Era amigo de Figaro; o mundo pra il un cemiterio como aquil que pintou Figaro no seu derradeiro artigo. Mais Pastor Díaz tiña fé relixiosa e, ainda que non confesada, tiña tamén unha outra fé que non lle falta a todo bon galego. A ispirazón sorprende ó poeta na orela do mar; é unha musa

RAMÓN OTERO PEDRAYO

triste e enloitada; non ven a consoar, nin a eisaltar: «De ébano y concha éste laúd te entrego—que en las playas de Albión hallé caído» díelle indicando as fontes do Romantismo e siñala o camiño do poeta: «Cantarás solo inutiles ternuras—la soledad, la noche y las dulzuras—de apetecida muerte». Cumpriuse a profecía polo poeta sinte que son «lánguidas agonías mis caricias—y una tumba mi lecho». Procurando o laúd de Tibúlo (en Pastor Díaz está millor a iarpa) invoca a Morte: «Llévame de mi Landro a los vergeles—y allí, Muerte piadosa—bajo los mismos sauces y laureles—do mi cuna rodó, mi tumba posa» Pastor Díaz non agarra nada da vida, nin da razón. Os vint'anos sinte unha man fría no leito; esprimenta un medo; non era o tempo nin a morte pois ísta como noiva arelada polo poeta tén a man doce, soave, a man liberadora. Pola mañán o corazón estaba triste, o mundo figuraba morto. Era a man fría, a razón. Eiquí xustificase unha pequena divagazón ¿porque os poetas románticos españoles tiveron á Razón un horror igoal ó que os antigos pensaron da natureza con relazón ó valeiro? Pra nós o feito soilo tén unha esplicación: a filosofía non aniñaba na cultura d'entón. Siñificaba a noxenta esprenza

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

friamente vencedora da inocenza e da confianza da mocedad. Faltou ó novo romantismo un eixe de pensamento. A filosofía que se debullaba nas cátedras, na probe Universidade d'entón, estudiábase con ollos postos saudosamente n'outros hou-rizontes. Figuraba nemiga do vivir, do ensoño, e d'a espranza coma si representara a rexión mais baixa da ialma, a que toca direitamente sobre a realidade. Eran os farrapos remendallados, sudados e vellos d'un morto escolasticísmo distanciado do grande tempo en que vestiu de ialma a realidade. Era o tristeiro truco da escola, o rompeca-bezas da lóxica soilo boa pra locir unha infecunda pillería. Ouí era un sensualismo baixo, mal tradocido, pedante e insuficiente pra todo espírito are-lante. Cencia de vellos dómines enxoitos, dispu-tadores como os galos no curro. Soilo gozaba ferindo impiedosa a ensonazón dos mozos. Pol-as fiestras da aula ou do gabinete d'estudo entraba o pulo sempre renovado das primaveiras, dentro de sí a concencia descobría a cada momento novas paisa-xes do espírito. Pois a ledicia creadora de sentir o mundo e o espírito estaba condenado en nome d'unha Razón orgullosa. Filosofía de frades es-caustrados ou filosofía de tendeiros. Na sua apri-

RAMÓN OTERO PEDRAYO

cazón á vida aquila Razón xustificaba todo o noxo da Realidade. Todo o Romantismo meridional, hasta o francés, padeceu da inferioridade do pensamento filosófico. Faltoulle unha viseón nova do Universo. Na Xermania o Romantismo fixo filosofía e a filosofía Romantismo. Despois do derradeiro pensador do século XVIII, Kant, veñen unha tral'outra ledas, collidas da man, apaixoadas, as rondas das filosofías idealistas. Elas xustificaron o *élan* do Ege, abrangueron a hestórea como un desenrolo de simbолос, costruiron mundos levados pol-a mán da intuición. Pastor Diaz e con il todo los sensetivos faltos da alegria creadora do pensamento, afundironse, confiadamente n'un radical desespero. A lúa era un frío penedo xirando traxicamente no oco dos ceos valeirado pol-a cencia. O primeiro embate do pensamento centífico no mundo maximatívo levóu ós espiritos o sentimento de que algo morría fadalmente. Apenas disfrutou o poeta da mocedad: estaba ledo, mais chegou a mariposa negra: «A veces creo que un sepulcro amado—lanzó bajo esta larva aterradora—el espíritu errante que aún adora—mi yerto corazón» Pastor andaba sin voluntade levado por seu sino n'unha paisaxe de tumbas: sopra o nordeste sin a ironía

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

aceda de Byron; era a primeira paixón morta d'un adolescente todo sinxeleza. Por iste carauter seu, de primeiro noivo da poesía, foi sin dúbida Pastor Díaz un xefe dos románticos. Ademiraban n'il unha sinxeleza e unha verdade que impuñan baixo a forma, ás veces pouco artisteca, do verso. Mais tampcuco olla á morte com'unha redenzón: quer vivir c'o seu door que figura o eixe da sua ialma, coma se lee n'unha das poesías mais fermosas «La Inmortalidad» escrita no 1829 en verso libre d'outo tono.—«Solo la obscura soledad me agrada,—Claustros y torres, bosques y ruinas» Guiado por Platón pensa na metempsicosis, arela ouvir dos beizos de Pitágoras «la voz que un tiempo—los doctores del Indo le enseñaron». Non quer nin Olimpo nin belides campos Eliseos; busca o retorno; il renascerá: «Aun otra vez en mi laúd doliente—la Muerte cantaré—veré de nuevo—las riberas amenas del Landrove» Virá Ossian a considerar o seu sepulcro. ¡Nista arela de inmortalidade, abrazado a door non latexa a razón de vivir do Romantismo, e tamén o sentido occidental, atránteco, da vida? Pastor Díaz somentes atopa acougo na beiramar patrea. Foi un poeta da mar. Sentía n'ela unha sinxeleza d'orixes xeolóxicos, a

RAMÓN OTERO PEDRAYO

infindade d'un elemento sempre cambeante, a novidade dos seus xogos, a ceibe indefrenza purificadora. Pol-os ronseles da mar chegóulle a nova lira: ben siñalou seu orixen: il víu á Sirena do Norte: «Yo la vi un tiempo en mi natal ribera—De la noche a deshora—Tender fulgente en la estrellada esfera—ráfaga hermosa de boreal aurora». Un poeta da Galiza acariñada pol-a mar, mollada pol-as orballeiras. Non ouve a chamada da España mudéxar que foi pr'os romántecos a primeira viseón do Oriente, sinon a da mar por onde chegaron ó seu recuncho as barcas normandas e debería chegar a palpitazón da nova Europa. Xa a sirena non foi a branca figura fuxitiva esculturada na graciosa escuma do Mediterráneo. Tiña os ollos verdecentes de profundidás abyssales com'as que pintou Dante Gabriel Rossetti e seus cabelos non se peiteaban nos fios do sol de Delos sinón que confondidos e desfiados no lombo das olas refreñaban un ceo bretemoso. Fuxía a Sirena: «No más oí de la gentil Sirena—El cántico divino—Sinó el tumbo del mar sobre la arena—Y el ronco son del caracol marino» Estes versos son pra nós os mais fondos e fermosos do Romantismo en castelán. Conteñen a lonxanía e o mistereo da noite da

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

beiramar, están carregados non xa d'un desespero individuoal sinón millor d'un tráxico sentimento cósmico, do home diante o Infinito. Pastor Diaz botou sua xuventude feita mollo de versos, como unha Ofelia, na corrente do Landrove xa salgado pol-a mar. Un dos romances ispirados por Lina ofrece unha relazón con Bécquer e c'a gabada traduzón de García Ferreiro: «Porque son, nena, os teus ollos—verdes como a mar tés pena» Pastor Díaz pensa en xustificar ús ollos negros. Sónno os de Lina pois «Negro es el Sar medroso—y nebras sus orillas». E non deixa de ser estrano a maneira do poema galego: A Alborada, publicada no *Museo* no 1828. Pra nós dita poesía é unha das poucas galegas de corte crásico. Sería intresante un estudo do curto crasicismo galego. Toda lingoa pra comenzar seu coltivo literario arela unha crase de dinidade procurando o gusto crásico:—«Ai! que o Landro brilante—Non é o dourado Tajo nin o Tormes—Alinda o meu retiro—Durme, sí durme, mentras eu sospiro» O antigo prestixio mitolóxico dos ríos figura continuarse na poesía ainda fora dos marcos crásicos, e tamén, quizais, gardase n'ela un pouco do encanto bíblico dos *Psalmos* «Super Flumina Babiloniis». Os principio artís-

RAMÓN OTERO PEDRAYO

tescos de Pastor Díaz están contidos no admirabre prólogo que puxo á primeira edizón dos Poemas de Zorrilla (1840) e dinantes no ensayo sobre «Movimiento literario en España en el año 1887» publicado no «Museo artístico y literario». Son liñas espranzadas ben difrentes do pesimismo da introduzón ós propios poemas: Apesares do loito e do sangue hai unha renovazón de escritos e outra de politecos. Os poetas teñen mais púbrico. A España nos dous séculos derradeiros non tivo filosofía e aparece lonxe do movemento creador. Rematada a guerra chegará un tempo novo. Hai poucas páxinas no século XIX español que garden unha emozón e un acerto tan suxestivo coma as do prólogo de Pastor Díaz ás poesías de Zorrilla. Unha serán foi Azorín c'un grupo de amigos todos enhisteirados, con ramos de violetas nas máns ó pequeno cemiterio, xa crausurado de alciprestes e mármores, abouulado polos trés da estazón de mediodía de Madrí. Leendo en «Voluntad» o discurso de Azorín—«Sincero, impetuoso, apasionado, Larra trae antes que nadie al arte la impresión intima de la vida y con Larra, antes que con nadie llega a la literatura el personalismo conmovedor y artístico»—no cemiterio de San Nicolas, lémbra-

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

se a fermosa evocazón que fai Pastor Díaz do entierro de Figaro. N'il xurdíu Zorrilla como un bardo porque falou por todos sin que ninguen pensara si era cousa cráseca ou románteca, Oriental ou filosófica; era o século de Chateaubriand, Byron e Hugo falando con espírito español. «Lo que afectan llamar romanticismo es la poesía, la naturaleza, de verdad» Zorrilla representa a nova poesía «elegiaca, de vértigo, de vacilación y de duda; de delirio o le duelo; sin unidad ni sistema, fin moral ni objeto humanitario, poesía que sin embargo encuentra un eco... va a herir profunda y dolorosamente a las almas» Pastor Díaz falando do tempo atopa frases dinas d'un Lanmenais. Zorrilla pra ollar diante fortalécese no pasado e descobre á Toledo e os mouros. Eiqui fai Pastor Díaz un eloxio da catedral de Toledo que deberá figurar nas antoloxías d'aquila cibdade. Presenta a Zorrilla como porta-lira dos tempos novos; il tivo a mesma ideia. Agora, con gusto e admirazón cede o posto ó novo poeta. A paisaxe de Viveiro está lembrada, con grande acerto, ás veces, nas páxinas de «Una cita»: «brillaban los charcos en las praderas y las cortezas pálidas de algunos abedules» O cabaleiro da leenda vai en procura da rapaza labre-

RAMÓN OTERO PEDRAYO

ga que ten corpo lanza de piñeiro e unha vos de manantial entre rocas musgosas. A rapaza está morta e na cabeceira da cama branquexa a cruz de prata da eirexa; esa cruz persegue sempre o cabaleiro cando anda errante, na noite, pol-as praias e arredor da Pena da Cruz.

Pastor seguía a sua carreira de políteco e periodista. Escribía no «Correo Nacional» no «Heraldo» e con Ríos Rosas e Tassara no «Sol». Tiña unha devozón románteca pol-a Raiña —cando xuró a constitución do 1837 díxolle n'un poema: «En el cerco de nubes que ennegrece—el horizonte de la patria obscuro—Solo eres tu la luz que resplandece»—e cantou a morte de D. Diego León conde de Belascoain, xuzgado no Colexio Imperial e afusilado no outono do 1841, adicandalle o canto funeral, vibrante e apaixoadío, *15 de Octubre*: «Sagrado pabellón al aire sea—su noble lanza rota». Pastor Díaz sentía a forza dos grandes carauteres e dcs destinos tráxicos. Escribiú as biografías de León, do duque de Rivas e de Cabrera. Tres fortes individuoalidáis. Cada unha ó seu xeito, pechada no desenrolo d'un sino. Tamén os outros eran románticos, non o duque, somentes. Pastor Díaz loce, coma biógrafo, unha técneca moderna;

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

podería figurar no equipo—con Maurois con Bellersort—que en Francia fuxe do lenzo hestóreco e do método positivo de Taine pra coller o tema vital, a fisiognomía, do persoaxe. A retirada de Ocaña, o desterro, o medeo en que foi escrito «El Faro de Malta» trazan a reauzón d'un outo espírito, romántico e arelante, diant'a guerra, diant'as potenzas antergas ainda fortes e temidas no mundo. León un Bayardo—levaba lanza e loitaba pola doce raiña—«miraba a la tierra como héroe y al cielo como cristiano» di Pastor Díaz: «sobre su corazón se encontró una reliquia que le había acompañado en todos los peligros; y el sacerdote que le acompañó hasta la muerte, no puede recordar sin enternecimiento aquellos instantes en que tuvo arrodillado a sus plantas al mejor caballero de España» Pastor Díaz escribía artigos c'un brio e unha vida de estila e de pensamento non usados na retórica dos partidos. Seu ideal políteco podería tidoarse: liberdade dentro da Relixión. Confiaba no reinado de Isabel, n'aquil «trono que asoma en un horizonte cercano como una cúpula explendorosa» En Cabrera apreciaba Pastor Díaz a forte individualidade do tipo: «Cabrera es un caudillo algo a la oriental: tiene rasgos de analogía con

RAMÓN OTERO PEDRAYO

Abd-el-Kader, puntos de contacto con Mehemet Ali... Si hubiera vivido en tiempo de los romanos él hubiera sido Viriato» Sentía o peso d'un grande e tráxico sino.

Pastor Díaz n'os outos postos que foi ocupando (Diputado-Secretario del Banco de Isabel II. Ministro de Comercio, Instruzón e Obras Púbricas, Rector da Universidade.) sempre protexía á intelixenza: il nomeóu a Bretón de los Herreros o comediógrafo da castiza alegría española, Xefe da Biblioteca Nacional e dispuxo trasladar a Sevilla, os restos de D. Felix José Reynoso. Xa estaba pra il esquencido (non pra outros) o escándalo producido pol-o famoso libro «Examen de los delitos de infidelidad a la Patria». Sin dúbida Pastor Diaz pensou entón na escola poeteca sevillana, no esprendor devoto e meridional d'aquiles escritores —Reynoso, Arjona—que coidando franquear novas canles á imperial ispirazón de Herrera deixabanse levar pol-a malenconía de Milton e soñaban c'as liberdades da vella Inglaterra coma o páledo e ardente Blanco-White nas douradas liturxias da grande catedral hispalense. Moita parte do influxo inglés-románteco na España entrou pol-o Guadaluquivir. Byron puxo na engolada e devota sociedade

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

de Sevilla c primeiro canto do Don Juán e sempre o viño de Jerez foi simbolo d'unha relazón con Inglaterra, paralela ainda que de menor profundidade á representada pol-o viño do Porto.

No curso do 1848 ó 49 eispricou Pastor Díaz no Ateneo as fermosas leuciós sobre «Problemas del Socialismo» Foi un dos anos critecos na hestórea de Europa. O vello Ateneo da rua da Montera (a rúa dos elegantes e das fondas satirizadas por Figaro; rúa de pobo pequeno; Madri non empezou a ser grande cibdade hastra que a rúa d'Alcala non chegou ó arco de Carlos III) xa se podía chamar a «Holanda española». As leuzóns tiveron un eisito resoante. Pastor Díaz desenvolve un método hestóreco de grandes voos; dentro do tón sinteteco e decramador da época, surprende a novidade dos xuizos. O valeiro moral, obra da filosofía atea pódese simbolizar, asegún o orador na balada de J. P. Richter «O Ensoño dos mortos; mais Bruno Bauer e Ruge eran pouca cousa diante a disolúzon anarquista do libro de Max Stirner «O úneco e sua propiedade (1845)». Os critecos modernos establecen craramente a xenealoxía d'iste libro; ven de Fichte mais que de Hegel, mais pondo o Ego individual en logar do Ego absoluto o mundo somen-

RAMÓN OTERO PEDRAYO

tes pode servir como propiedade e pracer do ego. Pastor Díaz dá unha soluzón relixiosa; Socialismo baixo o evanxelio. Hai n'istas leuzóns unha notable profecía; os rusos virán a Europa pra estrapecer o imperio da democracia ou o do comunismo. Cánovas púxolle un prólogo en 1867; asegún o xeñe conservador o socialismo era un perigo xa pasado.

Ditosa temporda debéu ser a de Pastor Díaz representante de España na Corte de Turín. Na severa cibdade dos Alpes, toda asoportalada, chea d'un puritanismo patriótico, Pastor Diaz estivo moi enfermo: foi consoado por un xesuita non vulgar, un irmán de Silvio Pellico outro liberal-relixioso. As ideias de Pastor Díaz sobr'a apaixonante custeón de Italia están espontas nos escritos: «Italia y Roma» e «Roma sin el Papa». Son grandes frescos de pintor de historia. Italia garda o poder de conferir imperios e non pudo ser independente porque sempre foi centro. A unidade de Europa depende de Italia; isto non'o podía comprender Voltaire que soilo sabía d'un equilibrio estilo Lois XIV. Preconiza o Pontificado ceibe na Italia ceibe. Algunhas páxinas sobre Roma dinas de Chateaubriand: endexamais Italia será unida. Ro-

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

ma pesa demasiado. Podería ser o centro d'unha federazón celto-latino-católica pra volver á unidade europea que remata en Carlos V. O *Te Deum* de Lepanto foi o derradeiro que un Papa cantou por tod'a Cristiandade. Levar o Papado a Xerusalén sería teimar que a vida s'enzendrase nos brazos da morte. Pastor Díaz disfroutou da amizade portuguesa sendo plenipotenciareo en Lisboa. Era nemigo da politeca ingresa, nova Cartago e gardaba unha impresión doorosa do enorme Londres neboento e indefrente. Pastor Díaz levou unha vida sinxela de solteirón idealista, amante da nai e das irmás. Foi seu médico o Dr. Benavente o que ten no Retiro un busto sinxelo entre graves alciprestes animados pol-as rondas inmreddoiras dos nenos. Acompañado nos derradeiros instantes polo crego ateneista de franco e xeneroso espirito D. Miguel Sánchez morréu no Marzal do 63. O conxunto detremiñante do seu carauter figurásenos ben descrito n'us versos en contestazón a outros de Zorrilla:—No lay de mi! ruiseñor en los rosales—ni entre los mirtos amoroso anido.—Hijo del mar, sus rocas y arenales—Me dieron su tristeza y su gemido.—El cierzo y los contrarios vendabales—Fué el céfiro en mi citara mecido;—

RAMÓN OTERO PEDRAYO

Mi cesped blanco y mi musgoso lecho—Verdosas algas y marino helecho». Xa é tempo de tratar o tema central d'ista disertazón. As páxinas escritas somentes se propoñen sitoarnos, polo menos nalgúnhas das correntes de esprito que dispuxeran o nacemento da Poesía en lingua galega no século dazanove. Quen chega a un hourizonte familiar lembra as paisaxes semellantes cinguidos c'aquil por fondas simpatias. Ven a Poesía galega do oitocentos baixo o sino salvador do Romantismo; mais non teimamos estudala enteiramente. Soilo o pesimismo e o sentimento da raza e da paixaxe personalizados en Rosalía i-en Pondal. E sin pretender apurar total-as suxerenzas que os dous nomes, amados e venerabres, espertan en calquer esprito galego.

I I I

Entrar na obra de Rosalía é como entrar ó
empardecer no xardin deixado d'un pazo. Os donos
fai tempo que fuxiron car'outro vivir mais mun-
dano e brillante. Están pechadal-as fiestras inde-
frentes ó puro fráñescer dos xasmineiros. Os gra-
nitos barrocos da soláina recibiron longamente a
caricea do sol da serán e cobertas de orcelos soñan,
quizáis, na sua nudeza, c'o tempo xeolóxico en
qu'erañ pensatibres i-ergueitos penedos na libe-
rdañ do coto. No xardín, unha már branca e sen-
setiva, már de dona galega, ordeóu com'un tema
musical, o armoñoso decorrer dos sendeiros. Mais
fai tempo que soilo pisan por eles os pés leviáns
das fadas da noite. Na luzada do día, cando polos
ceos se desfolla a branca frol da ialba maravillosa
com'a frol das fontes no abreñte do San Xohan, o
reiseñol e o merlo scherzan na frouma do xardín;
o reiseñol quixo c'o seu canto prender ás estrelas

RAMÓN OTERO PEDRAYO

e embarcarse na barca da lúa. Mail-as estrelas todas morreron envenenadas na copa cruel do día e o mingoante naufragóu nas serras bretemosas do Oeste. O merlo mais confiado e humorista, apesaras do seu fatelo de monxe rebuldeiro, scherzando sonatas a un tempo bulreiras e confiadas, quixo ser tod'o día dono do xardín. Mais aixiña calóu cando medraba a sombra do alcipreste, e un infindo silenzo feito de lembranzas certas e de tristeiras espranzas cobríu as vellas roseiras, os magnolios petulantes, a esdeñosa fidalguía dos buxos. Pra sentir a fondura do silenzo é precisa unha vos. E iste xardín, millor que na lanzal ensoñazón dos alciprestes, millor que no verdecer confiado dos laranxeiros fala c'a vos da auga eterna e sempre nova pois a cada instante xurde da entrana da terra. Xurde e chora. Non tén consolo nin polo-día nin polo-noite: baixo o sol a probiña que ô fin e labrega sinte timeza da luz e da fidalguía do xardín e fala tan baixiño qu'apenas se escoita. En troques envolta nos liños do luar ou no infindo mistereo, da noite e da chuvia, a iauga espalla seus desconsolos. Figura non ter bágoas d'abondo pra chorar a sua door. As veces hastra parés que decorre confiada; soilo un istantiño; de seguida un

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

afogado salouco racha a hora do sól-por e entebrecc tod'o xardín. Camiñamos por il cobertos c'o loito das novas doores acrecidas pol-o salaiar da iauga.

Mais engañaríase quen pensara qu'iste xardín pecha, c'a sua artística tristeza e c'a sua auga saloucente o paraíso garimoso pr'os poetas decadentes. Non'o creóu o narcisismo da malenconía. Non representa o xogo funeral d'unha ialma que se geza na propia morte. Pol-o contrario representa a maior realización d'un poderoso i-enerxico esprito que pol-a door trunfa da Morte. Pasarán as rondas de soles e luas, d'estrelas e de ventos de todol-os anos do vivir, e as roseiras seguirán desfollándose, o alcipreste soñando e a iauga agurgullando verbas novas. A door pode ser un eixe de vivir espirtoal e pol-a door franqueanse as mais outas realizazós areladas. Considerade un instantiño a terra da que zuga sua elexia iste xardín e os hourizontes que o encoadran, rexamente, no cerne da Galiza. Onde rematan as orlas de violetas dá principio o pomar. A iauga fuxida do xardín corre xa calada pol-o verdecente seo dos lameiros e vai a levar un consolo de frescore ós valentes milleirales alapeados pol-os soles do més de Sant-

RAMÓN OTERO PEDRAYO

Iago. As raíces do xardín afondan con lediza no chan mesmo e n'il mistúranse c'as raíces da carballeira e do souto. As ilusíós baixa o penitente alcipreste tomou terra no mesmo leito no que dormen os petrucios e os nenos da aldea. Un mesmo ceo orballa longamente sobr'os buxos do xardín e sobr'os cctos do monte. O xardín vive e sofre na campía. Arrincado d'ela e volto parque de cibdade ou claustro pechado entr'arquiteituras, deixaria de sofrir, morrendo. O que dixemos ô principiar iste traballo sobre da ineficacia da críteca teríamolo que repitir agora con chea xustificazón. Rosalía desarma o analise. Fracasan diant'ela os métodos, as esprenncias, as comparazóns. Unha ialma sinxela e forte vai núa polos camiños do mundo somentes vestida c'a sua propia esenza e o mundo todo adquiere a forma que lle presta ista esenza do poeta. O menos literáreo, o menos pensabre que se podia maxinar. Mais polo mesmo fortalecese a tentazón; non se pode vencer ist'arela de meditar sobre a lediza das *Follas novas*, dos *Cantares*, das *Orillas del Sar*. Pois asegún escribe Paul Valéry:—«A Estética é unha grande e hastra unha invencible tentazón—¡Como sofrir sentirse conqueridos por certos aspeutos da natureza e das

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

obras dos homes, sin espicarmos ista lediza casoal ou elaborada que figura independente a un tempo da intelixenza e das novas afeizóns ordinarias?» Centase que o Beato Anxélico pintaba axoennlado os cadros mistecos. D'iste xeito imonos chegar á obra de Rosalía, non pra trazar unha estéteca, nin un capidoo d'hestorea literarea, non enchendo a sistemáteca d'un programa ou teimando estabrecer unha opinión. Somentes—*inon* abonda o atrevemento?—pra alentar algús istantes no aire qu'ela respiraba, pra seguir no decorrer dos versos a fonte e a fuga d'algún dos seus sentimentos, pra espirnos de toda realidade banal na lus estelar da sua door. A maor dimensión lírica na arte alcanzase en Rosalía: n'hai ego que subxetivize o mundo en tanto grado como aquil ego saudoso. Por a suprema dinidade do tema entramos n'il sinxelamente esquecendo toda a literatura que se ten feito arredor de Rosalía, pois na soedade do pazo aldeán soilo viven os versos e nós diant'eles, sobrecollidos coma didiante da alma inmorredoira da Galiza. Asoballa a força do xenio poético de Rosalía. Seu eixe de diamante será door, pesimismo, malenconía, saudade... Mais ista presente consecuencia do sentimento viste ó mun-

RAMÓN OTERO PEDRAYO

do, e a ialma, o pasado e o pôrvir. Un sentimento acariñado con mimo, sentido con desespero, ás veces inocentemente bulrado, endexamáis ausente. ¿Quén dixo nebulosidade, indeciseón, meias tintas... e tantas cousas mais? —«Triste é o cantar que cantamos!—¿Mais qué facer s'outro millor non hai?» Afirmazón crara e compreta, poderoso convencemento adequirido pol-a sensibilidade, concenza viva do ser da poesía. Pouco importa que o verso veña engarzado n'outras ideas sobre a nova paixón dos mozos. Rosalía fixo da door a dimensión, a forma e a figura do seu espirito. As «Follas novas» nascen no ermo:—«Ramallo—de toxos e silvas sós—hirtas com'as miñas penas,—feras com'a miña door» A paisaxe coma da ialma privada do consolo da felicidade procura sua eispreseón na gándara; non gándara pondaliana latexante da infinda espranza dos pobos, pois Rosalía proeutandose no mundo chega ó cume do lirísmo—dcir lirísmo é repitir romantismo—e tén plena fé no tidoo, «Follas novas» no senso certeiro de qu'e a descobría un universo novo que hastra ela non tivera na arte compreta realizazón. Sentía a primaveira sua, tráxica, orballada de bágoas, mais tamén amada porque sofrindo vívese. E xa ve-

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

remos cal foi pra Rosalía o soilo senso da vida. Di como sinte o medo da desgraza («Que vive—e que se non vé.—Que vén, e que nunca se sabe onde vén»): hai n'iste medo tamén un carís de amor poil-o fin a desgraza vai con ela, é seu vivir diareo pois: «...meu corpo de terra—I-o meu cansado espírito,—adondequer qu'eu vaia—van conmigo» Mais n'hai orgullo n'ista concenza. Outros sospiran por algúm *bén perdido*; sospitar por algo perdido ven a ser unha espranza poil-o hoxe e o mañán decorren con outros ritmos no tempo interior. Rosalía non sospira nin arela; hastra sabe que seu doer vivirá con ela despoixa da morte. Non arela outra cousa porque unha ves fixo unha esprenza na que podería atoparse o cerne do caraúter de Rosalía. Tiña un cravo cravado no corazón. Non se paróu a estudalo. O analise interior non entraba no seu mundo sinxelo e dinámeco. Nada menos intelectual: outros grandes líricos isolan, ouxetivizan na concenza as presenzas psicolóxicas; chegan a ollálas frente a frente, pol-o menos un instantiño, ou privanse d'elas encarnándoas n'unha criatura de arte que vive fora do autor. Rosalía é todo ela; sua forte intelixenza non se separou nunca da sensibilidade que corría en pulos renova-

RAMÓN OTERO PEDRAYO

dos de fondo abisal do ser. Goethe ceibóu seu Werther pol-o mundo: un fillo que se olla algunha ves con malenconia que non tinxe a nova obra. Os mistecos e os ascetas tallaron a carne do espirto e botaron sobr'a mesa da concencia hosos e nervios, sangue e músculos; ali quedaba o corazón sanguento estudiado e como estudiado, suprimido. Rosalía fixo a proba; se non fióu das propias forzas: chamóu a Deus. E o cravo foi arrincado:—«E séica,—séica tiven soildades—d'aquela pena—¡Bon Dios!» E Rosalía seguióu abrazada á door coma San Francisco á cruz: era a vida da sua ialma, o sentimento de que ainda vivíu—Quixera ter unha alma mais grande; a felicidade non énche, en troques quén sofre:—«Oco n'atopa no ferido peito—Porqu'a door, iénche tanto».

Non pudo sofrir o balbordo do mundo, nin a propia vitalidade inquietaixa sabía que estaba chamada a ser trono da door sin consolo! Quedóu soia, consigo mesmo, apenas un pouquiño de mundo pra que o espirto soupera que ainda habitaba na carne mortal: un mundo do que somentes s'ouvía o roer d'un rato e o estralar da ponla nolar, compañeiro das ardentes maxinaciós dos solitareos. Acarón dise lume responde a todo intento

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

de consolo:—«Mais vé qu'o meu corazón,—é unha rosa de cen follas» Pouco importa arrincar algúnhā, están apegadñas, son lñfindas «O corazón m'arrincaras—desqu'as arrincaras todas» Isas follas da rosa miragreira da ialma fóinas arrincando ela mesma, unha a unha, e salferíndoas nos seus versos. N'eles están sangrando e chamando unhas pol-as outras—c'a saudade das que ficaron na entrana do corazón de Rosalía! Ten ela diante sí a desgraza súa ouxetivada: xa non é door nin sauuade, xa non é o mal abstracto, sinón a desgraza sua, que por un esforzo do lirismo—un pulo requintado de sofrente vivir da ialma soilo posibre n'un grande poeta—hastra chega a ollála fora de sí, persoizada na negra sombra ou na pantasma disforme maor que o ceo e a mar—as duas representaciós da infinitude—e ten un pé nos astros e outro na coba. Istaas criaturas asómbranlle o mundo: saen d'ela un istante sin deixala tranquía. N'istes momentos de lucideza terrible icon que ollos considera Rosalía a sua desgraza corporeizada? Non con frio analise, nin prestandolle un carauter épico; ela sempre muller identificada c'o sentir sinxelo das almiñas aldeás vé pasála, arredor de sí, con medo, c'un triste consolo, pois sabe

RAMÓN OTERO PEDRAYO

que a desgraza i-ela, Rosalía, son os únecos actores na escéa do mundo e que deseguida volverá a negra sombra e a pantasma disforme a acoubar, enchendoo, no seu espirto. N'os poemas que poideramos chamar ouxetivos alcanza Rosalía unha maravillosa técnica na carauterizazón da desgraza; indican, ben lonxe de toda postura literárea, unha ardente meditazón do asunto. «De donde ven? ¿que quer? ¿Porqué a consíntes,—potente Dios, qu'os nosos males miras?» Ela endurece o corazón, mata a espranza, fai o valeiro arredor, produz laicos ou brasfemias, entrubia ó sol, empezoña as fontes, enxoita o mar onde quixerá afogarse o desgrazado, que hastra se sinte abandonada pola morte. Pra ela non hai primaveira, nin lus, nin calor, nin siquer unha coba tranquía, vai da ponla en ponla soia como unha pombeña, o vento do outono arrinca as follas coma as espranzas e «so o sono da morte—o triste durme en paz» O que tén non é frío, nin doença é «a ialma enferma, poeta e sensibre—que todo a lastima—que todo lle doi». Pra sandar terianlle que arrincar o corazón. Aquila roxa estrela náda co ela non'alumeóu, ben poi dera apagarse, pois o seu tempo sempre vai caindo na eternidá contado por un—«Tás - tís! Tás - tís!

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

pol-a péndola na noite silenzosa, com'un corazón cheo de doores, e—us tras d'utros instantes silenciosos—pasando van e silenciosos chegan... sin que o porvir velado ôs mortais ollos—rompan as pesadas brétemas». Ela ben sabe que a door sendo a verdadeira dimensión da sua alma identificase c'o tempo.

* * *

Hai en Rosalía un misticismo. Non semellante o da Misteca católeca que eiquí poideramos cifrar por ser muller en Sta. Teresa de Xesús. A grande doctora de Avila da que escribíu Fray Luis de León: «Es maravilla nueva que una flaca muger tan animosa emprendiese una cosa tan grande y tan sabia y eficaz, que saliese con ella y robase los corazones que trataba para hacerlos de Dios y llevarse las antes en pos de sí a todo lo que aborrece el sentido» foi unha costroitora, chea de agudo senso practico, fonda e serea coñecedora das almas, viva, leda, sempre precisa e forte no éstasis e nas fundazóns. Sua forte individuoalidade alcan-

RAMÓN OTERO PEDRAYO

zóu por costante empeño de voluntade a se sentire aprixoadha na Humanidade de Xesus. A doutriña teoloxica da Misteca qu'ela adeprendeou no «Tratado de la Oración» de Fray Francisco de Osuna, non engade rén novo: o que fai é vitalizala, impónela pol-a enerxía do carauter, a subrime eficacia da lingoa e do exemplo. Coma dí sua biógrafa Gabriela Cunningham Graham «a obra de Teresa non foi resultado de especulazóns car'un ideal abstracto: tivo por fundamento a espranza, o dooso coñecemento das doenças das ordres monásticas». Intilixenza e voluntade póstas ó servizo d'un amor craramente definiðo. A misticidade, si iste térmeno se pode empregar eiquí, de Rosalía é ben diferente, e xa teimarémos indicala. Por baixo da door da sua ialma hai un fondo abismo, qu'ela apenas s'astreve a ollar. E aquil abismo de Baudelaire no seu célebre soneto:—«Pascal avait son gouffre avec lui se mouvant.—Hélas! tout est abîme—action, désir, rêve,—Parole! et sur mon poil qui tout droit se releve—Mainte fois de la Peur je sens passer le vent.—En haut, en bas, partout, la profondeur, la gréve,—Le silence, l'espace affreux et captivant...» non deixa de têr puntos de semellanza c'o fondo sin fondo do pen-

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

samento de Rosalía sobr'o cal pasan as ideas com'as nubes pol-o ceo:—« D'estrañas feituras, de coores incertos—Agora asombran—Agora aclaran —O fondo sin fondo do meu pensamento» Ela, probe pomba batida pol-os ventos da disgraza, non quer detérse sobr'as augas fondas e mistereosas: —«Dios puxo un velo enriba—d'os nosos corazós— Velo qu'oculta abismos— qu'El pode ollar tan só» Trema diant'il c'un medo relixioso (poil-a relixión era o úñeco sentimento garimoso qu'a afirmaba ô vivir): «S'iste velo caise—de repente antr'os dous —Tembro... e incrinand'o a fronte—Digo: «Que sabio é Dios». Pra que fôra maor a perfeuzón moral de Rosalía hastra tiña remordementos. Era unha perfeuzón moral que chamariámos dinámea, endexamais quieta, cristaiña e rematada, sinon esenzalmente conseguida na loita interior, doorosa. Tiña remordementos, «espantada o abismo vexo» di, e o tema xurde com'unha chama quéimadora en moitos versos. Remordementos, de qué? Cicais de non sofrir tanto como debera asegún o seu ideal de vitima propiciatorea das desgrazas da Galiza. Escuros remordementos, cicais, de non alcanzar a ter suxeta aquila negra sombra que a dominaba e que debera, na concenza relixiosa,

RAMÓN OTERO PEDRAYO

fuxir ou quedar escravizada pola fé trunfante como os monstros da Gloria de Matéu, sosteñen, asoballados, o misteco esprendore das virtús. Remordementos! Son nos poetas románticos unha forma do vivir do Ego, que n'eles olla figuras anteriores de decorridos estudos da concenza, e apesar de todo non'os rechazan porque o fin son seus. Dinamismo moral de Rosalía que sin ela percatarse ven a ser o de toda a sensibilidade occidental:—«Nous ne cherchons jamais les choses, mais la recherche des choses» escribía Pascal. Sería de fonda exemplariedade unha xenealoxía espirtoal da moral de Rosalía: n'il xurdiría de fixo a páleada e atromentada maneira de Pascal, pois foran irmans nun sofrimento. Rosalía poidera dicir como Pascal: o curazón tén as suas razós que son desconocidas pr'a Razón, como il quixo facer sentir ós mais a presenza d'un abismo interior, qu'ela sin saber filosofía, como todolos poetas sabía que se non pode medir c'os pensamentos d'iste mundo:— De la vida en el múltiple conjunto de los seres,— no, no busqueis la imagen de la eterna belleza— ni en el contento y harto seno de los placeres—ni del dolor acerbo en la dura aspereza.—Ya es átomo impalpable o inmensidad que asombra—

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

Aspiración celeste, revelación callada—la comprende el espíritu y el labio no la nombra,—y en sus hondos abismos la mente se anonada».

* * *

O sentimento dos admiradores de Rosalía cando souperon a morte d'ela está condensado nas palabras: Descansa al fin, pobre alma atormentada, tu que has sufrido tanto en este mundo! que puxo Murguía no prólogo das «Orillas del Sar» palabras certamente xustas e sobretodo cristianas. Mais non era compretamente o reposo, o descanso o que Rosalía ollaba na Morte. Grande esprito céltigo non separaba con precisión a Morte da Vida. Eiquí tocamos unha das sotiles figuras do pensamento—do sentimento—ouidental e atránteco. Tod'o vivir dos pobos da nosa estirpe aparece misturado c'a morte; non'a consideran algo estrano, terribre ou garimoso, compretamente desemellante, sinón como algo mistereoso como o mundo tamén é mistereoso mais por isto mesmo sempre presente. Os mortos seguen vivindo: quentanse no

RAMÓN OTERO PEDRAYO

fogar, poboan a noite, falan c'a xente. Na Bretaña por exemplo nos días de Santos tod'o país figura habitado por pantasmas familiares. E d'ista longa e secular convivenza non podía afastarse a autora das Follas Novas, coma poeta alimentada nas fuentes étnicas, como veciña das campías galegas e filla do Sant-Iago ergueito sobre cobas conselleiras e amigas. Todolos románticos creeron cada un ô seu xeito na inmortalidade. O conceuto que d'ela tiña Rosalía non é doadoo de precisar. As veces chama pol-o sosego da morte, hastra c'un desespero propio do seu forte caraúter:—Porque Dios piadoso—porque chaman crime—ir en busca da morte que tarda—cando a un esta vida—lle cansa e lle afrixé?» Lembrade a formosa composición «As torres do Oeste». Paisaxe silenzioso coma soilo animado pol-as quintas de violín que abren a IX sinfonía beethoveniana; un outono súpeto na campía: «o sol, cal a lúa—en noite de brétema—Brilaba tremendo—por antrás bimbieiras». Com'outra Ofelia, ela, ía soila, seguindo o correr das augas misteriosas que morren na eternidade da mar: ía en procura d'algo que se non confesaba, c'as suas penas; cando unha tras outra xurdiron as cruces da orela. Era coma si unha estadea a invitara e

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

chamaban por ela as longas herbas fluviales cabeleiras de mortas ondinhas. «A marea viva—petaba n'as Tarres» A tentazón tén prena disculpa, mais ela aconsella «Non vaiades nunca—eu vol'o aconsello—As torres d'Oeste—c'o corazón negro» D'en-
ton as malencónecas pedras que gardan a lembranza dos días da grandeza galega quedaron mais carregadas de poesía, cinguidas pol-as hedras, sempre verdes da door de Rosalía de Castro. Hai cousas enignátecas nas «Follas Novas» sobretodo: soilo un bo estudo biográfico poderá dar c'o tempo a lus precisa. D'iste xeito figurame a poesía:— «E ben! cando comprido—teñas ise ardentísimo desejo—O meu rir sin descanso será estonces—anque un rir triste e negro; aquiles mortos que s'erguen dicindo:—N'era aquello o que buscades... mais tampouco era *isto!*» En Rosalía o mesmo que en Pastor Díaz que debéu escribir o prólogo a un dos seus libros, a morte franquea outra etapa de ánsias e d'arelhas; agarrouse a ideia d'unha inmortalidade ascendente a través de loitas e de sucesivos estados, posizón central do Romantismo que ainda na morte fuxe da quietude e quer sentir sempre a individuoalidade. Familiarizada c'os mortos eles son os amigos de Rosalía; fala con eles e

RAMÓN OTERO PEDRAYO

suprica as mulleres da aldea que camiñan «leve e pasenño—o cruzal-o pé do cimiterio d'Adina, poil-os mortos «anqu'estén calados—Ben oien o meu penar». Está ben con eles, e sua door un istante sétase gostosamente soñadora par d'ela, nos cimiterios. Sétase n'eles c'a infinda confianza do pobo:—«Dos vivos amigos sôdes—Mortos qu'ali tés descanso:—e nin os nenos vos temén—s'a ninguén causas espanto». Unha ves quixo cantar o trunfo do amor e berróu:—«Olvidemol-os mortos» «Profanemos dos bosques as umbrías!» A copa báqueca ofrecida no sagrado da terra, mais a sereidade do piñeiral, as sombras do bosque e a outra sombra d'ensoño que lle xurde na ialma, afástana da debilidade. «Socegaivos, ñas sombras airadas—Qu'estou morta para os vivos». O bosque representaba pra ela tod'a ialma da Galiza, os mortos eran a vos da raza enteira, sofrindo e soñando co iles pudo dícir:—«Sagrado quedáches, bosque—sin mancha tí, meu esprito!» Hai no pobo galego como froito do seu comercio c'a morte unha especie de humorismo que tén suas raíces na Danza Macabra niveladora, que abate as grandezas humáns. En Rosalía aponta algunas ocasiós iste sentimento que non chega endexamais á gargalla-

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

da do nordeste en Byron e nos románticos tétricos, poilo vivir confiado de Rosalía non demoraba moito no scherzo de Hoffmann. Sempre sinte a morte d'un xeito individuoal, seu. O cemiterio d'Adina é ditoso: os cregos venerabres quentábanse ó solciño; as oliveiras pacifecas como aquiles e com'a herba, asombraban piadosas o montón de terra ond'a algunha probe o amañecer s'enterróu. Mais cand'ela procurando os seus, petando de porta en porta, soilo atopou sombras errantes, e o batelar das torres dixolle qu'estaban mortos, entón, a muller Rosalía, racha o sagrado aire da Galiza c'aquil «Adios» que resoa ó largo da nosa Poe-sia misturado c'o «Adios» pondaliano da Campana d'Anllóns. Homilde, afundida, na infinda beleza da terra, vai recorrendo as veigas do Sar, e pr'a desposarse ca sua beleza quere ser ali enterrada: a sua pena, quizais, sexa a soila mancha do infindo decorrer do tempo; qu'a enterren, sin pedra pra outeñer o supremo esquecemento onde viviron suas doores, mais tamén inocentemente pide que o montón de aréa sexa coberto c'as froles qu'ela amaba.

Hai na vella Cruña un illó de socego, de fondo romantismo, no que fala a cibdade as palabras

RAMÓN OTERO PEDRAYO

mais sentidas da sua ialma inmorrente ô correr dos séculos: o xardín de San Carlos. Vive na lembranza com'un bouquet de froles entre a muralla e a mar. Os ventos do largo, baten nas pedras do antigo bastión mais non turban a sereidade dos mármores onde durme o heroë. Ise xardín figura poñer un lirismo saudoso na epopeia atránteca. Rosalía no poema adicado á tumba de Moore alcanza unha grandeza egoal pol-o menos ó sonado poema «I sepolcri» que fixo a fama de Hugo Fóscolo. Os dous pertenecen a ise romantismo de formas crásicas ô que foron tan afeizoadol-os ingreses respetosos c'a tradizón, pois Fósco'o tivo nos squares ingreses unha paisaxe que o curou da perda da sua «Piazetta» veneciana e Rosalía, como galega, entra sin traballo no ambiente puro, tranquío, d'emozón contida, da vella Ingraterra onde naceron as elexías, estilo Gray, nos verdes cemiterios. Lembrese que Chateaubriand emigrado soñou moitas tardes n'un camposanto onde mais tarde o nenó Byron xogaba. No poema de Rosalía o vento ceibe do verso libre deita as cimas dos alciprestes da espranza—«Ouh, brancos cisnes das britanas islas!»—salfire as follas murchas, mais chega todo salgado do grande sopro do Atránteco ronselado

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

dende a ialma da humanidade pol-os barcos que ian do Físterre galego ô Land End ingrés.. Hai notas modernísimas com a lembranza da «branda alfombra que leal conserva—d'o pé do morto unha sinal visibre»; o *home* quente e pechado, a malenconía das alamedas e das fontes, e aduviñase a paixón da Lady Stanhope, a Circe do Deserto como lle chamóu, H. Bordeaux. O infindo amor de Rosalía pol-a morte non somentes pende no deseexo de fuxir da disgraza, sinón tamén do amor apaixoadó á Galiza pois enterrada no seu chán garimoso e ceibe o espirto na estadea da lembranza, figurábaselle, cicas, estar mais preto do curazón da terra-nai.

* * *

Sempre na paisaxe interior de Rosalía decorre o río da dor coma na paisaxe amada fuxen as ondas do Sar. Ela sofríu e soñou acarón das augas. Sinte a paisaxe galega d'un xeito espirtoal, e ó mesmo tempo xusto. Non un fondo indefrente sobre o cal se dibuxan as curvas atromentadas da vida

RAMÓN OTERO PEDRAYO

Non se pode demarcar onde remata a alma e comenza o mundo. Todo o poboado de presenzas espirituás xurde ou chea pol-a paixón do poeta, ou absorvida a alma creadora na sua beleza, no seu desespero, na sua malenconía. Ela expresou iste modo esenzial da Galiza que os estranos e os desleigados esquencen. Somentes consideran un amolecemento da paisaxe polo doce releve, a fondura da vexetazón que non deixa apenas amostrar o penedo a coor mineral da sua entrana. En realidade un artista que queira obteñer a simpatía da nova paisaxe ten que vivila dinamecamente é dicir pôrse a tono c' o seu variado simbolismo espirtoal froito da longa compenetrazón d'unha raza sensetiva c' o seu ambiente xeográfico e sobretodo pasálo polo seu propio ser pra en certa maneira recrealo. Non sendo impermeabre nin indefrente a paisaxe galega deixase ordear pol-a individuoalidás creadoras. O de Rosalía leva todo il a imprompta do seu esprito ou outras veces o poeta escondece nc sentir do pobo e xurde a paisaxe que podemos chamar folklóreca. Porque dicir natural é pouco menos que non dicir nada. Son as duas especies de paisaxe rosalián: a primeira esmalta de carballeiras outonizas, de agromadas ledas, de nubes griseiras, d'or-

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

balleiras musicais, de fume de aldeas e desenrolares de camiños os poemas de «Follas Novas» e de «En las orillas del Sar». A segunda fai o horizonte familiar onde o pobo canta, incoscente, doores e alegrías.

O caer da tarde Rosalía vaga pol-o pazo. Figura n-unha sepoltura. Nas salas, seguramente as lembranzas acuguladas fan mais espeso o espazo recendente ó balor das cousas vellas, condenadas a unha longa morte impracabre. Os pazos nin teñen o consolo de morrer supetamente; vánse pouquiño a pouco esmorenando e sempre deixan no terron labrego a sinal d'a sua arquitectura poderosa. Contrastá a soedade do pazo c'a renascente vitalidade da aldea, o cantar dos grilos cobría o máíno esmorecer da serán; erguía a presa sua vos escrava e o lonxe brilaban optimistas lumes fuxitivos. Todo vive espranzido; sóilo «o caseron querido» é unha traxica—e por ela mais amada—esceizón á lei da vida. O esquecemento materialízase com'unha nova escuridade da noite.

Un parque de pazo que semella un pouco a aquiles que Heinrich Heine gostaba de pintar tendo conta de que o seu riso non arrincara as fermosas follas decorativas do outono. No de Rosalía

RAMÓN OTERO PEDRAYO

frolece agarimosa a vexetazón do val ullán artisticamente ordeada por un gosto sensoal e barroco: outos negrillos com'os das campías de Dickens, os arbores que primeiro se deixan enfeitar pol-outono, buxos onde se dibuxan cifras, loureiros labregos, un marmullar de fontes «que parece que se queixan». Un xardín com'o de Brandeso en Valle-Inclán. No meio d'ista «fermosa tristeza» está «negra e fraca» «a nai de todal-as meigas». Parece que ás infindas tristezas de Rosalía xuntábase outra: a da Galiza ó ver abandoados os pazos que deberan representar a xuntanza d'o señorío c'a aldeia ond'aquil tén raices do seu valor.

N'os tercetos de «Tristes recordos» a calidade dos versos iguala a do «Divino sainete». No metro breve e curtado fire crudelmente a enxoiteza do torrón castelán; son definitivas algunhas notas de paisaxe, dinas da ouservazón de Azorín:—«Do largo pinar cansado—a mancha negra sin términos—do pobo o color queimado». Sintese baixo a lumiosidade metódica do ceo o desenrolo da planura asucada e a angustea do pinal que cicais remata na cerca branca d'un enxoito muro de cemiterio.

O contrareo de Pondal que ouxetiviza na paisaxe a alma da terra, Rosalía abrangue c'a sua

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

door o anaco de mundo que contempra e sempre tén ô mundo unha fiesta aberta: pra procurar un consolo que sabe non poder conquerir. A mañán de Mayo chama a todolos seres, o mundo parece novo pra todos menos «a triste alma—que dendeis cu'é, non sabe—qu'é ter sosego e calma». Chama polos meses do inverno cuia tráxica beleza iba tan ben c'a roina das suas espranzas, cando no correr das augas chega o badelar das franciscanas campás d'Herbón. Poucas veces se tén dado na arte unha impresión de paisaxe musical coma cando Rosalía espertase leda por caso estrano; os nenos durmen seu sono inocente; ela vai seguindo as augas da ría, latexa na paisaxe unha ceibe legría: repinican os picos dos canteiros, pasan os carros c'un longo cantar d'eixe, ela segue a corredera da Codesa. Contodo, unha tristeza: algún batelar lonxano fala da morte d'un neno. Na Galiza «hai nas ribeiras verdes» dí Rosalía mil espritos: leva-la naturalmente com'unha pastoriña ô dolmen, esperimenta o desengano d'unha mordedela de cobra simboleca namentral-unha nube que viña de Compostela asombraba a fermosura do día.

Xurde a cada verso unha paisaxe aduviñada entre bagoas, meiovisto n'unha volta do camiño, un

RAMÓN OTERO PEDRAYO

istante espranzado na raiola d'un sol mozo. Resoa a selva antiga forte e renascente com'a raza: lémbremos aquiles «Robles» das «Orillas del Sar» e outros poemas semellantes nos que o verso castelán manexado por dedos de fada corre, rube, soña, estasiase, c'unha esprenza d'esprito a que non estaba acostumado na poesía anterior e que tardó moito en s'impoñer. Os espiritos mais finos de Castela (Azorin, Bonilla San Martín, Díaz Canedo) souperon estimar a función de Rosalía na poesía castelán, mais ista xusticia ainda non pasou ós autores de manuales e d'antoloxías cando abondaría aquil poema «En los ecos del órgano o en el rumor del viento—en el fulgor del astro o en la gota de lluvia,—te adivinaba en todo y en todo te buscaba —sin encontrarte nunca» pra considerar a Rosalía com'a precursora, c'o seu incoscente faustismo e sua maravillosa concencia do verso, do mais moderno e requintado lirismo.

* * *

Ténse a Rosalía pol'a cantora incomparabre das ribeiras de Padrón. Con xustiza. Mais coida-

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

mos que outro esceario apaixonou mais seu espirito, aquil onde quizais estivera a raís da sua incurabre malanconia: Compostela. Non eran os tempos de «Follas Novas» os millores pra sentir a exemplaridade das pedras de Sant-Iago. Faltaba unha fonda meditazón do seu valor; estaba moi fresca a sombra d'un circustanzal pasado nemigo e a hestoreia non tiña incorporado no sentimento a gloria ecumeneca da Compostela das Pelerinaxes nin tiña destacado o simbolo inmorredoiro das artes románecas e barrocas. Por iso non debe estranar a cativeza da valorizazón de Sant-Iago nos «Precursorres». Murguía sentiuno porque levaba en si a xenerosa simpatía dos hestoreadores románticos pola Edade Meia, Neira de Mosquera teceu en forma literaria á moda algús dos temas inmorredoiros da cibdade Santa. Mais no conxunto da poesía galega do dazanove somentes Rosalía alentou na atmosfera compostelán tinxindoa, como é da natureza do seu arte, cás coores melanconeas e afundando n'ela as perspeutivas abertas no propio espirito dooroso. Pra conseguir a grande verdade de Compostela en forma artística precisabase un poema en certo senso épico, privando a ista palabra de todo o que tén de neocraseco; un poeta que pode-

RAMÓN OTERO PEDRAYO

mos soñar coma un Pondal dos séculos creadores da Edade Meia, como o bardo de Bergantiños aprixóu a vaga épica orixinaria dos celtas. Non é necesario dicir que tal poeta ainda non xurdiú na nosa literatura.

Renunciamos a esculcar a traxedia interior de Rosalía. Xa dixemos qu'iste traballo fáise somentes sobr'a materia prima dos versos. Mais Rosalía filla de Sant-Iago debeulle sin dúbida—a causa particular do seu incurabre desconcello, pol-as desgrazas coñecidas do vivir de Rosalía non eisprican d'abondo ainda xuntadas c'unha nativa sensibilidade sustanceal da sua obra poéteca, de cuia sinceiridade se non pode, nin un istante dubidar. Quixerá ou non, e xa sabemos que Rosalía crarividente d'un destino fadal non loitaba c'as forzas da voluntade, levaba n'ela a paisaxe compostelán. Unha vez díxolle adios: á moitedume de poderosas arquitecturas e ó chan onde frolescen. «Adiós, montes e prados, igrexas e campanas» apenas para na beleza de vidan alegre, dos muiños campesios que figurán vivir a mil légoas d'unha metrópoli: comprácese en siñalar cousas mortas: o «craustro triste de Conxo» mollado do humidade de séculos que pinga nas follateiras dos capités, o ascético

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

Belvis, de muros cobertos de orcelos, morto remanso de froles de penitenza, dende cuias fiestras as torres da cibdade figurán no sól-por ordearse na pompa d'un enterro, as oxivas de Santo Domingo trepadas pol-as hedras do camposanto, o esquençido San Lourenzo cinguido de leendas medoñentas Cando dí do Sto. Domingo «en onde, cant'eu quixen descansa» figura despedirse c'a espranza non confessada—ela non se permitía iste luxo da espranza—de durmir baixo as lanzales oxivas. Di adiós as torres pardas e com'as augas do Sar e do Sarela vai en procura da dozura da ría. Remontará o camiño das augas pra atopar tan soilo «victimas da mudanza» Ela quixerá que Sant-Iago ficase pra sempre quieto e felis n'unha noite de luar medida pol-as bateladas ou amolecido docemente baixo a múseca da longa orballeira. Na paixase de Sant-Iago mistúranse d'un xeito saudoso a Galiza ermados outos c'a Galiza mol e labrada dos vals e das rias. Rosalía andivo pol-as fondas corredoiras, sentouse o pé dos cruceiros, pasóu entr'as greas de rapazas enlarafuzadas que bulen arredor das probas chouzas de pizarra com'a si a beleza das arquitecturas precisara pra vivir d'afondar as raizes en tristes esterqueiras humáns. Pasea pol-os campos

RAMÓN OTERO PEDRAYO

de Conxo de beleza ullán; fuxen as augas baixo os emparreados, as rosas e as violas esmaltan os com'a n'un cadro miracoso dos Primitivos. O cruceiro de Ramirez tén falas misteriosas com'a estatua de Memnon de súpito Rosalía maldí os loureiros e as rosas; surprende ista aitude; é lóxica, é unha maldizón pasional pois elá sintese desgrazada, estrana, e sofre de lixar a paisaxe querida, que quixera botar de si anque non'o diga. Debéulle atraquer fondamente a fermosa soedade do bosque e do convento do San Lourenzo. Entón ninguen s'astrevía de noite a cruzar por ali; à hastoreia románteca d'un satanismo impresioante pr'a época do arcebispo Muñiz xuntabase o pasar das luces da estadea. Rosalía é grande describindo aquil illó desespranzado: sendo nena, a serán da primaveira envolvía as roínas en arrulos de pombas; chilar d'anduriñas, scherzos do vento nas homildes herbas; chegaba o estoupar da roupa qu'os fortes brazos das mulleres galegas lavaban na auga da fonte; apoiada na fría pedra d'unha arcada sentiu a sua orfandade: no esceario de pranto ermo en troques das fermosas leendas dos frades, scherzou a risada do Trasno: isa risada cruel que mordeu ó corazón de Rosalía com'a xiada mata as froles dos pomares

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

no Abril. Mais S. Lourenzo, pol-o menos, se non sentía insultado pol-a desgraza; fora do mundo soilo vivía de lembranzas; reinaba n'il un pouco d'aquila soedade que Xuan Xacobo procuraba na illa do lago de Bienna, Chateaubriand nos pequenos mosteiros do agro román, Bécquer nos pasadizos mudéxares de Toledo. Non eran roínas animadoras com'os arquitraves marmóreos dos templos dorios pra Goethe. Os carballos cubertos d'un sudario de musgos, xa o alcipreste e o campanario non sentían o calor do sol pois eran todo espirto: a fonte volta ceibe ô esmorenarse as pedras e o Cristo morto falabanlle quizais a primeira da esperanza eterna da campía. O cristo decialle verbas de resiñazón. Eran da coor da morte as dixitales cardealizas. Unha ves chegou; ogallá non fora; outro consolo pechado. Estabano restaurando. A obra qu'encheu de alegria ôs amantes de Sant-Iago foi unha nova door, pró curazón de Rosalía.

Compostela é, entr'as vilas galegas, a soila que garda unha profundidade de misterio. As eirexas figurán desmasiado grandes: sempre teñen doores que acoubar e hai unha grea d'almas que viven a sua sombra. Rosalía, mergullabase no seu baño consoador. Procuraba as horas ceibes do em-

RAMÓN OTERO PEDRAYO

pardecer. O Obradoiro dispuxóse pra que o sôl-por todo entrara na basileca; no seu lume frota o santo argumento da Groria, chega en adourazón hasta os recunchos mais escuros; o organo vistese de lús poente e un sorris vaga nos beizos de pedra das estatuas. Rosalía, pequeniña, homilde, sinxela, pisa como sobre Jús. Mais fixase no Inferno: ali está; é unha realidade. Non'o dí, mais ela non comprende porque eisistindo a desgraza sexa preciso o castigo na alem-morte, e vaise. Tén medo. Iste medo de Rosalía, pode que un medo metafiseco qu'ela non s'eispricaba, ou o medo de non ter d'abondo confianza pra s'adormecer na dooir. Sempre fala da Catedral na serán; n'outro poema eisprica pol-o menos un consolo: o sentimento da eternidade da santa arquiteitura, coma na maravilla outoniza e barroca do San Martiño atopou un socego o sentir o sereo ollar da Santa Escolasteca de Ferreiro. O toque d'alba na fermosa composición admirabre da técnica que poideramos chamar musical e de evocazón, foi pronto pra ela un novo desespero. Candorosamente dí:—«Porque a tocar volvaches—â ialba candorosa—desqu'eu houven d'oirte—en bagullas envolta». A campana d'Anllóns badela na lembranza, amorosa e doce ô

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

recordar. O bergantiñán mozo ainda pode ouvíla como pode ver outravolta á *rula inocente*. O toque d'alba soilo franquea no calendario de Rosalía outra data esconsolada. Ela conecía, rua por rua, pedra por pedra, a cidade que chamou «cementerio de vivos». Firente contraste entr'as grandezas decorridas e a cativeza d'hoxe. Pasaba baixo o arco do Pazo «en donde eterno—del culto torrente el rumor suena» botaba un ollar a rua de S. Francisco «camino de los frailes y los muertos» e sentía o parpadexar das fiestras do San Martiño e o bafo doente do Hospital. Sinon chegou Rosalía a sentir prenamente a Compostela—nin eran, os tempos nin o seu xenio Jirico ô consentia—comprendería a entraneza da cidade e deixou engarrados fios da ialma nas silveiras das corredoiras e nas pedras orceladas dos templos.

* * *

Iniciarónse istas follas encol de Rosalía c'a comparanza do xardín do pazo no sól-por. Toda door eisixe un consolo. O xardín está arrodeado

RAMÓN OTERO PEDRAYO

pol-a campía galega. Non é un hourizonte pequeno ou grande, preciso. Non. Abrangue tod'a terra galega: erguese en lombos de serras ond'as ermidas brilan ó lonxe coma seixos locentes, espallase en chairas percorridas pol-as cabalgadas dos ventos e vestidas nas primaveiras c'a neve e os ouros vexetales das froles sensetivas das prantas esgrebias, afóndase en quebradas romorosas de augas, en val's prolixamente artellados, cada un un pequeno mundo de séu, onde maduran os ácios e a vexetazón do sul; abrasase a ensoñadora gravidade dos bosques boreales. Dá frente ó mar en arcoc de costa fera traballada pol-as forzas cósmicas, ou en seos ditosos nos que a mar se volve familiar espello da fartura de costa. A pedra granítica nai d'augas, d'arboredos e de raza, nai nosa, alterna con masas follentas de pizarra. Sobre este anaco do praneta vive desd'os orixes unha raza traballadora e vixiante que no íntre de amolecer c'o aixada e c'o arado o terrón nutricio, tivo vagar pra crear unha infinda poesía. As aldeas viven no seo da mitoloxía das beiramares atrántecas. Creou Galiza a sua fala e cada verba pecha outro hourizonte diante ó hourizonte físeco. Pol-os camiños destemidos que cruzan e cinguen os pobos ús cos outros

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

e vencen, pasiño a paso a soá das serras, pasanxentes e pasan pantasmais. Mais ista raza creadora sufriu moito da dura lei dos destinos que se compraz en castigar ós seres escolleitos. Tivo sua forza na resistenza e na pasividade, e d'ela resultou acarón da idealidade sustanzal unha filosofía prauteca irónica, conselleira, as veces desconfiada, com'a d'un vello intelixente e sensitivo moi castigado pol-a vida. E ista Galiza físeca e moral foi a redenzón e a groria de Rosalía. Pra non sofrir abondaballe se lembrar de ser muller, galega e campesía. En canto falaba c'os labregos e se deitaba na fondura do agro, Rosalía xa non era un ego sofrente. Tod'o sangue baril e churrusqueiro do pobo entraballe nas veas; e xa non era ela; era o corpo e a voz da Galiza labrega e mariñán. Así naceú o libro dos «Cantares». Non teimamos falar d'il. Cai fora do noso intento. Por ser outamente individuoal chegou Rosalía a non sel-o, queria que a rexión espranzada do seu espírito, a que circundaba a pequena e fonda rexión individuoal e carauteristica formaba a outra mitade sua. Por ela vivéu. D'ela zugóu enerxías pra levar a crus do seu vivir. Aínda tén a obra de Rosalía unha mais outa calidade. Estaba incomprenta a poesía

RAMÓN OTERO PEDRAYO

popular: o pobo, grande neno, balbucea e tatexa. O cantar popular continuase en Rosalía, chegou ó seu compreto térmico, a sua eispreseón rematada, a forma qu'arelóu escuramente nas aldeas e nos agros. Rosalía desentangarañouno, e d'entón tivo Galiza o seu cancioeiro compreto, sinxelo eispre-sivo. Non esbara por riba nin tece maximaciós arredor do cantar ou da sitoazón: está sempre no seu centro vital. Igoal falan n'ela os vellos conse-lleiros, qu'aes probes donas sin home, as señoritiñas cursís qu'os mozos barudos, a ermita lexendaria qu'a feira balbordante, o sacrificio da nai qu'a cazurreria do labrego, a velliña qu'está xorda qu'a moza casadeira, a alborada leda que a negra noite sin pan nin lume. Tod'un mundo barroco pin-toresco, contradictorio, engarzado n'un decorrer de sazóns da natureza e da ialma, no conxunto optimista coma tén que sélo por baixo das aparenzas o vivir d'un pobo traballador, labrego e mariñeiro. N'hai unha idea, un sentimento estrano á psicoloxía aldean. A psicoloxía d'un tempo, ó que viveu Rosalía e no que se poden escutar carauteres inmorredoiros baixo o xogo levián das aparenzas.

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

* * *

E sendo así a poesía de Rosalía tiña que dar tamén un paso necesario. Consecuente con ista leidiza popular cantou a espranza e a gloria da Galiza. Fixo o sacrificio da propia door que na limitazón das creaturas humáns non deixa de ter algo d'egoista i-ouxetivizándose na terra foi o i-goal que Pondaí un bardo dos destinos.

«Terra a nosa» Canta unha primaveira n'estes novos versos. Esquençouse a melancónia do cláustro de San Lourenzo e a door individuoal afundiuse e calóu nas entrañas do Sar. Sinte a felicidade de falar en galego, a fermosura do traballo, a eiscelsa calidade da paixase, a forza dos fillos de Galiza. E confiada e valente, com'a quen rillou o pan de centeo e víu o primeiro sol dourando os novos succos da arada, e coñecéu as glorias pasadas e non iñora as cativezas presentes, levada pol-o pulo dos destinos xusticieiros, aconsella com'unha Musa immortal:—«Hou, Galiza, Galiza: a arpa sonorapronto descolga xa—d'a seca ponla onde olvidada dorme—dorme, a sigros contar;—os bardos fillos teus a vos levanten—d'as cordas ô compás—i-en-

RAMÓN OTERO PEDRAYO

chan o mundo armóneas e altivas—tan só por t'alabar». Si aquil desespero qu'a levóu as Torres do Oeste lle deixóu tempo pra cavilar, Rosalía, non foi doorida pr'a coba. Tivo que recoñecer na ialma magoada que a Galiza lle concedera o consolo de cantala no vivir aldeán e a gloria de dirixila a millores futuros.

VI

Imos á lér unha ves máis, descontando sempre a emozón nova iste pequeno e maravilloso libro «Queixumes dos pinos». Didiant'il sentimonos á un tempo pequeninos e valentes: pequeninos e asoballados pol-a grandeza infinda d'ista Poesía que en breves e sinxelos ritmos, contén a alma inmorredoira da raza e da terra; grandes poil-o seu conxuro xurden voces cósmicas do fondo do espírito e sabemos que o millor do noso ser tén un logar ceibe na dinámeica da hestórea, por sere nós galegos criados da materia dos celtas, dos pendos, da mar, do carne e do sangue da Galiza. Co iste libro Galiza dixo seu espírito pra sempre. Non o espírito índividuoal d'un ou d'outro; o integral da Terra que fora do pasado e do futuro brila com'un radioso luceiro sobr'a mar épica dos destinos. Calquer intento d'analise soilo, quizáis, espertaría na sombra do bardo un sorrir indulxente poil-o quil dixo unha ves, nos instantes úneos do seu vivir, quedou frotando sobr'os tempos e non admite sinón a fé que se debe ós profetas. Co ista fé imos coller un á un os poemas dos

RAMÓN OTERO PEDRAYO

«Queixumes». Témos un vello exemplar coberto de notas esquirtas en diferentes tempos i-en variadas ocasiós e d'outras que se non escribiron, mais circulan arredor da poderosa evocación dos versos. Hainas que fixan a sorpresa e a lediza da primeira leitura cando eramos rapaces do Instituto e os ritmos pondalianos nos franquearon horizontes novos, deseguida amados coma os soilos familiares entr'os espellismos dos outros libros á moda. Hainas de tempos posteriores, nos que xa formado o carauter s'affirmaba á nosa confianza nos destinos galegos. Hai tamén anguriosos valeiros, de door e malenconia, cando nas marxes dos «Queixumes» non-os astrevíamos á fixar a punxente diferenza entre o ideal e a realidade. Tal coma elas son ditas notas, sin orgaizazón nin sistema formarán o noso tributo homilde ó bardo e á Academia nada baixo a costelazón do seu nome incomparabre.

*
* *
*

*Pol-o baixo cantando,
o boó bergantiñán*

.....

¿Que pensan da Galiza os mozos galegos? Os que aran as leiras, e asucan a mar, os que van a

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

facer o servizo militar e despoíxa inzan unha familia na aldea ou emigran a terras lonxanas? Figura que non sinten a chamada do deber e seguen xordos ás ideias redentoras. Que son vaga materia istintiva sempre disposta a sofrir, sin unha reauzón, todal-as imitanzas alléas. Non-o creamos. Os labregos apegados á terra son coma unha capa de roca étneca que recobrindo a faciana xeolóxica seguen o ritmo interior escoitan frases que os homes da cultura soilo ouvimos algunas ocasións na nosa vida. Pondal tivo fé no pobo, istintivo e folklóreco. Non foi pra il sempre materia pintoresca. O istinto, forza primixenia e eterna, se non pode perder. Pode ocultarse nos ocos fondos ou decorrer por baixo da paisaxe aparente das ialmas. I-o istinto que se non pode definiñir, do pobo, terá unha pureza d'orixes, é orixen sempre. Coma será aquila terra de Bergantiños? Desque a vin, comprendendo millor a Pondal, figura-se na Xeografía do sentimento unha Gallia agrícola. O mozo bergantiñán ceiba suidades: suas e da terra. Dase conta escura da servidume da Patrea, más contra il cospira todo pra ll'arrincar dito sentimento. Poida que sexa outro pol-o día, de fixo éo na vila e na conversa. Máis cando vai á Ponteceso na noite de luar--o luar dos Queixumes mais branco pol-os pinos negros e pol-o vento--o bergantiñán ouve o fungar da falanxe ben

RAMÓN OTERO PEDRAYO

tecida, alma chea de luar e do longo rumor dos pinos.

*

* * *

*E pois eu aborreso
os vulgares propósitos*

Sabe quén é, o poeta, quer dar *da sé*. Obriga urxente. ¿Que valor ten a vida regalada e mórbida? Poetas; como soa ista verba ceibe e casta com'unha espada de lus? Os amolecidos quizais non teman á Morte. Pondal soilo tén medo de que lle non deixe comprar o seu tema vital. Quer caer con fragor com'un valente pino, que a morte faga medrar no tempo o esforzo do espírito. Pagar a sua débeda á forza da raza. Arela d'un romantismo orixinario que se non parece á groria literaria; é unha groria guerreira poil-o vate fala c'a vos do pobo. Brásidas. Pondal estudiou os crásicos. Tén unha mitoloxía céltiga, a sua, a da Galiza. Escolle ademais por natural disposición os tipos da Sparta. Lira e espada, Libertade e heroísmo, No Romantismo considerábase a Sparta como tamén se considerou a Napoleón: O *Vir*. O home de Plutarco, contrareo ó longo decrebar da cultura antiga. O sentimento heroico da antiguedade foi na

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

cultura oucidental o sentimento común da cristiandade: inmortalidade. O bardo vive nos orixes e no centro do espirto nordeuropeo. Sintese c'a forza d'un heroi comparabre ós primeiros guiaadores dos pobos, e inda mais qu'a istes ós herois que loitan contra o correr aparente da hestorea. O poeta ama ós pequenos pobos vencidos e quer ceibalos, pol-o menos morrer c'o ánimo esforzado de pretendelo. Romantismo: correición da hestorea, do mapa politeco, das conveniencias dipromátecas. Hai outra cousa por baixo, Non lle faltarán herois.

*

* * *

*Podés deter un pouco
o valente soldado,
que torna presuroso
por ver os eidos pátrios*

.....

Na antiga e natural orgaizazón da sociedade—labranza, gado, comunismo tribal—sempre a porta estaba aberta e reservábanse na mesa postos valeiros pr'ós de fora. Igoal no casteló homérico, no fogar celta, na tenda da estepa ou do deserto entre mongols e árabes, no castelo, no

RAMÓN OTERO PEDRAYO

mosteiro, na morada dos *vellos* burgueses ainda afincados no chán, no pazo antergo, A hora das doce—sol na cume do ceo—a hora do solpor—noite, perigos, pantasmas—ímpuñan os homes sinxelos e fortes ista obriga de piedade universal. A lei da hospitalidade franquea os albres pr'os paxaros, os tobos pr'as feras; somentes o home da cibdade vivindo contr'a natureza pecha a porta ó xantar e ó cear. Os veciños da mesma rúa son mais estranos entre eles qu'os pelengrinos n'outro tempo e despide o probe na porta c'unha cadela. Entón agradescíase o alimento e o descanso e a chegada do estranxeiro siñificaba unha bendizón de Deus. O soldado contaba suas fazañas, seus traballos o pelingrino. Mais de tempo en tempo chegaba o bardo, o vate, o rapsoda, o trovador. Todolos outros tiñan a sua casa lonxana. Todos andaban pra precurála. Soilo o poeta se non detiña. Cantaba e marchaba no meio da noite deixando un ronsel de miragre. O poeta, escravo d'un sino superior trai o seu tempo contado. Ven pra decir ós homes algo superior e non pode deteñerse porque outros agardan. Sonorosos e vagamundos com'o vento que chega a avivar as lapas da chemineia despois de pulsar o orgao xigantesco da selva. Cando os homes se fixaron nas cibdades xa non comprenderon a vagamundaxe do poeta, principiando pol-a propia familia e naceu a bohe-

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

mia. O poeta contraria todolos hábetos de sedentarismo. Anque esté sentado á mesa sua ímaxina-
ceón voa lonxe. Hastra nos bohemios dos cafés—
mansión d'ospitalidade—fica unha protesta contra a cibdade, e todos levan na ialma unha paisaxe,
a nativa ou a soñada ou a que leva no sangue
herdada dos antergos. Alfredo de Vigny, xentil-
home sin castelo dibuxó en «Chatterton» incom-
parabremente o triste sino do poeta moderno e
Baudelaire describeo hastra pol-a mesma nai
maldizoado. Pondal vagamundo d'un marco a
outro marco da Celtia no tempo e no espazo,
sempre debía dar a impresión d'un home pronto
a camiñar.

* * *

*Moitas veces nos matos nativos
no crepúsculo fusco e calado*

* * *

Liberdade alma da Poesía, punxente paixón
do bardo. Liberdade que non s'atopa nas costitu-
ciós nin nos pobos da millor policía. O poeta has-
tra quixer fuxir do seu corpo que ll'impón transa-
ciós noxentas c'a realidade diaréa. O ensōño de
se ceivar do barro e ser esprito. Si se estuda as

RAMÓN OTERO PEDRAYO

presenzas e representaciós de espirto ouservarase o seu amor pol-as horas indecisas, de lusco e fusco, pol-os sitios ermos, pol-a veciñanza da mar e como ten o millor simbolo nas aves salvaxes. Se non entende iste estado nas radiosas mañás dos chaos fartos e labregos, nin na sesta dos moles ribeiros. No «crepúsculo fusco e calado» as cousas perden a xerarquia habitual, as grandes sombras ruben atoutiñando, hai unha coor astral na coba máxica do sól-por e na mar xurden voces misteriosas de vello Glauco eolio ou de sinxeleza primordial dos orixes. O poeta segue o vóo das «aves aquelas—do pico tamaño» silandeiras, rápidas que acougan nas Sisárgas. Estas illas irmás de tantas outras da Céltiga—as de Sta. Kylda, as Arán, as Scilly, a de Ouessant—diariamente cobertas pol-a escuma, tan batidas pol-o mar adequiriron unha concencia vixiante, gardar o ecoar dos primeiros nomes postos pol-os primeiros homes qu'espertaron c'a ruda vos un pasmo no mundo e son buscadas pol-os Faros gardando así unha función senlleira e guiadora no mundo.

Arela de se afundir ca natureza, ca natureza dinámeca da costa brava ond'a loita da mar ca terra descompón os elementos en formas transitóreas nas que o espirto vive ceibe, polo espirto precisa hestorea e non matemáteca refeita.

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

*

* * *

*Que barba non cuidada!
Que páleda color!
Que vestido que longa
Noncuranza afeón!*

Grandeza tráxica e fatal da misión do poeta. Estrano e vago ás xentes, levado por un poderoso vento do espírito, ten a vista «brava—chea d'espanto e door». O artista cráseco loce os radiosos ollos sereos, no fondo dáse conta da propria limitazón: ordeóu un xardín e disciprinando as cordas da lyra suprimiu a selva e a tráxica entrana do destino. O bardo primixenio ou románteco non pode percharse en tal serenidade: compréndese soilo a meias «ignoto a min mismo—escuro enigma eu son». Tampouco é anxel: os ánxeles saben o que son: outras suidades privárono com'a Luzbel do primeiro esprendor. Sin cantar ó Diabo como Carducci poeta más demarcado no tempo o no espacío, o noso bardo esperimenta unha áncia titáneca. Mais n'ela tamén unha lediza que non alcanzan os homes pois hastra a sinxela rapaceta das urces bravas, ela afeita ó misterio, considerao quizáis com'un tolo. O camiño esperimentado, a grande voz do pobo dí: «parece un pino leixado do vento

RAMÓN OTERO PEDRAYO

—parece botado do mar de Niñóns». Soilo o mar infindo da atromentada costa pode producir tal creatura. Non a mar das rías encuadradas de cultivos: ten que sere esa costa e mar d'a concuencia cósmeca, endexamáis tranquío, sempre erguendo ás estrelas brazos titánicos d'escumas teimando agarralas pr'as gardar no seo dos misteuros. En Niñóns a mar tan salvaxe, toda pasión, esterilizóu a terra que á sua beira asombrada e vencida soilo produz malencóneas vexetaciós e pinos bravos que teñen os ollos tollos d'albiscar dend'as outas chairas a cabalgada das escumas.

*

* * *

*Morir en brando leito
entre molentes brondas*

Niste poema enfréntanse duas paganías. A confiada, a olímpica, coscentemente limitada e ditosa, e a rebelde, non sadisfeita, arelante de gria. Persoalízase en Leónidas. Outra volta Esparta. Unha Grecia doria, do norte acampada no sul, unha protesta viva contr'a limitazón mediterránea. Eiquí os espartanos son bárbaros afincados en tribu no mundo grego. Por algo as millores páxinas do «Itinerario» de Chateaubriand son as adi-

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

cadas a Esparta coma tamén as d'outro románteco nórdeco retrasado: Maurice Barrés. Rude no relieve da Marsellesa puxo figuras dorias. Pondal, levado pol-o prestixio do nome e do xesto derradeiro do héroe fáino representar «unha patria escura —d'escravos e de ilotas» pois ó defender as Thermopilas os trescentos tamén defendían o torreón dos escravos. Non quer compasión coma non a quería Hialmar o do forte curazón de Leconte de Lisle; quer que o viandante sinta espanto diante «a cinza poderosa» nai de futuridade, pois continuase n'un ronsel de herois. Isteas guerreiros baptizados serán os guerreiros das cruzadas e da nova Europa atránteca.

*

* * *

Das africanas praias veciñas

O bardo ama as anduriñas: son ledas, valentes, viaxeiras; contan hestoreas dos mares de lónxe e coma frechas voando trazan no aer quente estranas esquirturas. Mais tamén son egoístas e non agoantan o longo desespero da invernía. Son as turistas da natureza. Preguntan pol-o bardo. Elas teñen unha prudencia xeolóxica. E unha de duas: ou non quería entristeirar ás anduriñas decíndo-

RAMÓN OTERO PEDRAYO

Iles «esquiva nova» ou considerou qu'a gravidade do «Fatum» bárdico non é dina de ser comunicada ás aves «amabres e doces» que fuxen c'as primeiras néboas dos montes.



*De Camelle os baixos son
Mui garridos ó mirar*

Sinxela eispresión d'un sentimento da raza. ¿Porque goza o mariñeiro ollando dend'a mar coma branquexan os baixos de Camelle? Vive co iles no diareo comercio do seu esgrevio espírito. Os baixos atraguen seu ollar criado nas lonxanías coma si foran elas, as bruantes pedras, bultos de sirenas perigosas agora garridas e femeninas peiteando cabeleiras d'escuma. Onde está o perigo tamén está o amor e o chamamento da aventura. O mariñeiro ama a mar onde terá calquer noite sepoltura. Queira on non sua razón d'eisistencia está ligada ós baixos, ás furnas, ós fondos. No dia craro do inverno non hai mariñeiro nin paisaxe. Hai o panteísmo á que arelan en derradeiro examen os celtas, panteísmo, sin palabras, fondo e indiferente á filosofía e á literatura com'o son os factos, as rocas, o músculo que guía

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

a proa, i-a arela de infinitade franqueada na fren-
te salgada dos homes da mar.

*

* *

*Ou mazarico que cantas
Tras do pinal do Marico*

• • • • •

Hai na natureza instantes tristes e outros bulreiros e irónecos. N'hai que confundir aquila tristura, c'a melancolia que Lucrecio cantou. O canto d'un paxaro, o bruar de determinado vento, en determinada ponla, adequiren unha ironía humán baixa; n'eles vese o papel d'un demo simiesco baixo a bondade dos ceos. Unha trasposizón humana. Por algo hai simios nos bosques. Repunancia de certas voces do cosmos «desmasiado humanas». Pra qu'os «Queixumes» foran un universo era preciso ista nota de tristura baixa pois a espirtoalizazón do mundo non pasa de ser nos nosos estados histórecos un lonxano pôrvir.

RAMÓN OTERO PEDRAYO

*

* * *

*Com'a debesa follosa
Sobr'a nativa e cara costa de Recemel*

Sensazón d'agarda da vexetazón no vrán. Na hora da sesta soilo algúnn estralar de froito maduro. O sol recurta crudelmente as follas. A tenra natomía loce descoberta por mil coitelos de lus. Fondura do ceo alapeado. Chán esgrevio, de forte recender do que figurán fuxir os sucos vidales. En conxunto o bosque agarda confiado. Lonxe a desperta e nova sensibilidade do abril, a alegria das chuvias consoadoras, o longo decrebar —trunfo do espírito do bósque— dos outonos. Na Galiza callada, sin se mover» baixo o sol xurde unha imaxe de morte máis firénte qu'as invernías caroalle. Mail-o bosque sabe que do mar virá o alento espranzado e ca noite a orballada. Fermosa e acertada comparazón ca doce rapariga. Alapeada no espertar da mocedade. Pouco tempo. A revelazón da madureza, a compreta posesión do estado de muller—sacerdotisa nos pobos atrántecos—non se demorará pr'a rapaza que agarda ca confianza cega da campía.

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

*
* *

*Ou terra de Bergantiños,
roxa ò arar, nobre e testa*

Corre unha friaxe d'emozón ollando o horizonte nativo. Iste sinxelos e poderosos versos: «Ou terra de Bergantiños—ben te vexo desde lonxe—cos teus trigos e os teus pinos» fixeronos amar o chán bergantiñán moito denantes de conocelo. Vastos hourizontes do mar aduvañado ou presente en sinfonia d'escollos. Terra deitada, traballada secularmente na que cada presa ten unha longa historeia do diareo heroísmo dos labregos. Roxa ò arar, coma nobre sangue celta, terra a máis distanciada do marco peninsoar da Galiza, terra que ofrece ò atránteco a doce curvatura d'un peito. A armonía dos logares esmaltando o chan puxo na y-alma do poeta a armonía dos tempos primixenios inda mollados de abrente e cada pobo garda o nome d'un héroe patriarca. Terra tan humanizada pol-a atmósfera e pol-o traballo qu'os relevés amolecen no unánime ensoño dos piñeira-les e soilo destacan as testas pensatibles e conseilleiras dos castros ispirados. Os labregos rodearon de loureiros as suas casas, loureiros bravos, loureiros pechos, coroa do bárdo. Todal-as augas de

RAMÓN OTERO PEDRAYO

Bergantíños corren soñadoras pra pasar xuntas
pol-o Ponteceso a ofrecerlle á casa de Pondal o
tributo de todal'as armonías da longa terra: vos
d'augas e de pinos namorada da potente vos do
mar. Na costa a terra e a mar loitan n'un cósme-
co puxilato: cada nova marea fai subir un alento
de infinitude, mais tamén as ringleiras de olas es-
cachan de lediza o escoitar o longo queixume
dos pinos.

* * *

*Meniña, rapaza nova
Ou rosa de Corcoésto*

* * * * *

A rosa de Corcoésto suga do mesmo torrón
qu-os rumorosos e non ten medo da «barba non
cuidada» poil-o luar enseñouse desqu'ela desabro-
chóu na tenra ponla todal-as hestoreas que saben
contar pol-a noite os castros, os montes, as co-
rrentes líricas das augas e o salvaxe mar de Ni-
fións. Brandéase con gracia ó sopro do vento; non
amolece no doce céfiro, e saberáse desfollar pra
levar un consolo de ulido ó irto piñeiral e ás uces
bravas da gándara.

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

*

* * *

*Sálvaxe val de Brantoa
En terra de Bergantiños*

Moito andivo o bardo pol-o mundo; sinte a door de ser estranxeiro na patreia: os homes non'o escoitan. ¡Qu'importa! Ii sofre pol-a «patreia perdida» qu'é a mesma que pisando vou con vagaroso andar. A mesma door ceibaron todol-os poetas da grande Celtia. Door que s'acresce ó lembrar o curvo arco de Rentar: semellante o luar crecente e curvo cazaba os corzos com'a lúa caza ás estrelas. Mais si os homes, sombras fuxitivas d'un instante, non'o sinten, sempre a terra ama os seus bardos, e os piñeiros novos antes de tere os gallos secos verán o trunfo da terra. O val fala, franquease seu peito ó poeta; xuzga c'a superior prudencia das cousas eternas a loucura dos homes e cando o bardo durma no seu seo, o val frolecerá nas fortes froliñas das urces, o vento virá á pulsar os arpados n'un responso de groria que nos tempos se perpetuará ca eterna xuventude da raza e de Bergantiños.

RAMÓN OTERO PEDRAYO

*

*

*Penedos de Pasarela
cando vos vexo, penedos
sospiro d'a mor por ela*

Penedos vestidos de sol, vestidos de lúa, de cerne frío e pel orcelado. Quizáis acougan a forte vida escura d'un lugar e na paisaxe da y-alma solo pouzando a frente n'eles sabe o bardo que amolecerá un instantíño a tráxica quentura do destino.

*

*

*Eu non sei porque terra esquia e dura
cal d'un decreto férreo lanzado*

Il ben sabe cal é a terra por onde cruza o «subrime e vago». Non'o dí pra non matala: ainda tén a fé dos grandes no pôrvir. Meteorizado com'unha pedra; com'un albre xigante, marcha; o raio, saúdo dos deuses, marcóu c'un sello superior o rostro pálido. Cai. Car'o ceo. Non apodrecerá na terra. A alta e antiga selva —a infinda selva sempre frolecidá do pobo— toda chea do espírito do subrime, ceibará seu cantar.

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

*

* * *

*Qu'ô teu peito é menos branca
Ou nena, a neve que croa*

¡Qué leda a chegada da nevel! Pros espiritos mozos unha astral brancura qu'axiganta a sombra. A noite longa moltipricando o rayolar dos luceiros na misticidade da neve. Fumes de fogares, contos e a terra longamente embebéndose de humidade. A vila señoriteira non sempre sinte a campía. Mais ista inda que brava e con neve fai sua cortesía á doce menina de Sant-Iago.

*

* * *

*Vamos mi buena Rentar
Deja una vez tus tristezas*

¿Coma poidera Rentar sentir xiquera a tentación? Non unha vaga saudade. Nin moi menos isa típica morriña dos galegos de Madri. Quer ela un algo preciso e determiniado que leva no peito, seu eixe de vivir. «Areosa Lane» epiteto de grandeza Homérica. Falar c'a yalma: soila receta pra

RAMÓN OTERO PEDRAYO

ser escoitado o largo dos séculos. O pobo tén as fiestras orientadas, com'as vellas eirexas, car'a espranza do sol.

*

* * *

*Paroleira anduriña
Sobr'o balcón pouada*

• • • • •

A Grecia amada por Pondal foi a primixenia Grecia baruda, ainda non cráseca nin moito menos neocrásica, a Grecia mollada dos orixes, dos mitos vagos, e dos destíños incertos, com'a primeira alborada d'a Europa. Non cantará Atenas nin Corinto sinon a esgrevia *doridade* dos Espartanos, a limpideza de espada da Grecia contr'a Asia, a tristeza dos campos ilotas da Messenia e a lepra purificadora non a planta orxiásteca. E no mytho aquila vaguedá naturalista do primeiro orfismo inconscente ainda non crasificado pol-a sistemática dos colexos de sacerdotes, pol-os artistas, pol-os retórecos. O espírito de Pondal bañouse en lús de libertade traducindo os primeiros elementos do grego. Unha Grecia interpretada d'un xeito somellante ó dos puros i-ardentes teorizantes da Revolución francesa.

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

* * *

*Adusto, silencioso e solitario
está... é a punta sin cesar branquea*

* * * * *

Fragmento do grande poema xeolóxico que o bardo levaba na alma. C'un esforzo poderoso, c'un pulo sosteñido o pensamento do poeta podería ser todo il seguido poil-o poema da raza e da terra ali está nos «Queixumes». Xeolóxico. Parescerá absurda ista palabra. Seriao n'outra terra. N'a Galiza, non. Dend'os lonxanos orixes a roca entrou na alma e a alma na roca. Cando asegún os naturalistas eran estesos lagos terciareos os largos chaos rasos do cerne da Iberia, xa o granito galego ergueito en poderosas serras tiña unha longa historeea. A primeira concencia humán espertou entr'isos gránitos, traballounos criando torrón labrego e cobriños d'aldeas. O moimento da primeira Galiza, o castro está forxado n'un elemento da paisaxe. Tanto com'ás longas chuvias garimosas debe a nosa terra seu releve o amor con que foi esculturada pol-o traballo unánime das xenerazós. A saudade ¿non se pode traducir nos espirtos pol-a frescura calada das grandes serras reservas do futuro como son as serras da paisaxe futuridade de te-

RAMÓN OTERO PEDRAYO

rras labregas? As paixós labran o cerne psicolóxico da raza com'as arroiadas e os ríos o cerne da roca. Ao mesmo xeito que n'hai penedo sín unha sinxela vexetación de orcelos tamén a concencia esperta e vixilante vestiu todal-as profundidás do espirto. A raza sensitiva non amostra ises anacos de barbarie, a falta de sensibilidade das xentes d'outras terras. E coma frecuentemente espirtoalizada a roca pode falar na Galiza, cando n'outras rexións somentes a vexetación ou as nubes, ou as augas pôden chegar á unha persoalización espirtoal. O cabo envellece diant'o mistereo do mar; sempre vixiante cada golpe das oleadas é pra il unha nova espranza que garda na sua memoria misteriosa. Tanto viviu que ten un lostregar de concencia e sinalado pol-a chispa — a longa e negra fenda, na pedra como a sinal d'unha idea apaixoada na frente do bardo caviloso — di sua palabra que soilo o poeta e o pobo sinxelo entenden. N-un mundo matematecamente pensado ouviu Pitágoras a mûseca das esferas; n'outro mundo dinamicamente sentido — hestorea, deveñir, liberación do espirto aprixoadoo nas cousas inertes: Romantismo — Pondal escoita a elexía do cabo Touriñán, Buitra, Nariga, Torto. Calquera dos ergueitos vi-xiantes que axexan os ronseles da mar e acenan por ríba do lombo do hourizonte mariño as terras vagarosas d'un lonxe prometido. Escravizado co-

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

ma Prometeu, coma Luzbel, soña envolto en brétemas «no respirdor da doce edá primeira —cand'o principio cheo d'hermosura—. Brotou do seo morbido da terra». O bardo afundindo nos orixes da raza —séntir os orixes é capacitarse pra sentir a futuridade— cobra unha xuventude d'eispresión insospeitada n'un vello idioma renacido, pois colle o esprito sin contentarse c'a codia.

*

* * *

*Río Langüelle, río Langüelle
Ben se vé qu'éss da montaña*

Chora a filla de Troitosende, nas ribeiras do Tambre, a soedade das brétemas e das uces desleiradas; o río Langüelle soilo apaña no seu morro correr un refrexo de ceo montesío, lavado pol-os aires fríos. Ten «a cara brava». A montaña como oposta á ribeira. A auga do Langüelle, coma en xeneral as da gándara, ainda non adequiríu individualidade de río. Vaga pol-as chairas frientas, toda chea da grandeza adusta da terra outa. Máis ben se sinte a admirazón do poeta: abonda lembrar a fermosa estrofa: «As túas ribeiras son—ben soas e ben escravas—donde no medio do vrán—só se vé pousada a garza». Poucas evocaciós más

RAMÓN OTERO PEDRAYO

fondas do ser do ermo galego. Pra Pondal son a mar e o ermo vastos tempros druídecos. *Templum* pr'os antigos era o espazo limitado pol-o bastón do augur. Lonxe de sentir tristura Pondal n'ises templos ouve á latexante presenza dos orixes, sua paixón arelante.



*Cando as doces anduriñas,
Baixo un aleiro pousadas*

Camiño de Ponteceso a Sant-Iago. Moitas veces o andivo Pondal mozo. Isa Galiza pouco sonada, pouco traballada pol-as augas en vales ditosos apenas diferenciada. Camiño que se foi trazando no espírito do poeta com'unha Galaxia. Deixaba atrás a curva dos hourizontes mariños aduviñados tral-os piñeiraes e os cóns, o salaio do pinal de Tella. Cruzaba a ponte Anllons e dend'a Barreira escoitaba os sinos coma o bergantiñán da «Campaña» Amolecía o camiño nas fartas cólleitas. Logo cotos ermos e a terra de Xallas, uces —com'as da ponte Arantón—illós, vago decorrer d'augas, o outono debruzado sobr'as chairas. Cruzaba a pequena Ribeira do Tambre —leva o río a espranza do seo de Noya—e deseguida tras d'os cotos pe-

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

nitentes do Pedroso voaban as bateladas do Sant-Iago. A Galiza á un tempo mesmo calcada d'orixes e de futuridade é a vila flor universal da Galiza. Na cosmicidade de Pondal e na sua xeografía está ausente Sant-Iago. Seu senso do mundo é xeolóxico e racial. Se non detén na cidade, sempre un pouco transitorea, ainda a millor representativa. Con todo, Pondal gastara n'ela gran parte da mocedade e tivo instantes de groria. O banquete de Conxo. Os amigos. As leiciós de humanidás— aquil grego que n'il era bronce homérico— e as seráns do Hespidal. Grande tentaceón pra un románteco, ¿Debemos ver unha ausencia procurada á mantenta? Quizáis. Seu sentimento cristiano somentes admitía o que teñen de étneco as ermidas dos castros. Quizáis sentira a doer da pedra escravizada pol-as teoloxías. Xa dixemos que templos procuraba e que ruínas —o vello castro— ll'espertaban sólpores no espírito. Pol-a primaveira cruzaba outravolta en procura do lar a «feia terra de Xállas». Mais algo levaba de Sant-Iago. Unha doce lembranza. D'eiquila mesma que non debían tocar as irtas uces da ponte Arantón. Os ventos cas chairas axitaron os cabelos do poeta. «Sempre iba pensando n'ela.»

RAMÓN OTERO PEDRAYO

*

* * *

*Ten o seu punto,
a fresca rosa,
de ser collida
a encantadora*

Naturalidade das sazóns e dos froitos. ¡Que poucos homes da cultura souperon gardar iste senso primitivo da fadal e gostosa necesidáde! Cada froito, cada frolo maduran pra algunha mán. Hai que comprar a lei da Natureza. Com'un celta primixenio, com'un feudal ou un mozo aldeán. Nietscheanismo que se non pode razonar, anterior e arrodeador do razonamento.

*

* * *

*Dous rapaces, non sei onde.
Ben non me pudo acordar*

A mar ceibe e a terra un pouco menos ceibe. Ceibe no espirito. A poesía ten amor polos logares vougos, areosos; polos ermos non por misticidade cristian, pola misticidade da alma celta pois

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

ela non precisa da brandura do val e fala millor diant'a sinxela presencia dos elementos, as potenzas da y-alma da terra de Breogán demasiado achegada ó cerne do mundo pra se fiar do pasaxeiro encanto das follateiras, e das paisaxes ordeadas en circos armoñosos. Os doux rapaces deixan falar por iles as longas lembranzas de todo un pobo. Falan a mar e a terra. Soilo os ventos poden dicir o que falaron.

—O barco gaivota. Eiquí tócase a un dos istantes máxicos da historeia cando os homes despois de moito tempo —longa arela de ensaios e sacrificios— poideron dibuxar un ronsel nas augas. Foi o trunfo tan grande que sempre garda novidade a saída dos barcos a vela. Será quizáis preocupación, mais sempre cada verba pondaliana figura referirse ós orixes, está mollada de abrente. Non é certamente o feitizo d'aquila incomparabre poesía. Ténse dito que non temos poetas da mar. Abondarían algúz versos de Pondal e de Cabanillas pra refutare unha opinión autorizada pol-o argumento do volume. «Que dicha é ser pescador —que ten por sí tod'o mar». Superioridade *in principio* do mariñeiro sobr'o labrego. Unha cavilación más fonda farianos atopar a xuntanza dos ronseles da prosa e os ronseles do arado. A vos mariñeira gaba o feitizo de Cádiz; más que de sul feito de brancura da vila traballada coma

RAMÓN OTERO PEDRAYO

en poliedros de sal, toda Afrodita tamén por surtir núa ó sol da escuma. Saudade de Cádiz, saudade de Améreca. Sería intresante estudar a aparente ausenza nas Descobertas na psicoloxía galega. Poil-a hestorea oficial pouco importa e unha saudade d'Améreca latexou na y-alma da Galiza e recolleuna o Pondal dos «Eoas».

— Os Casás. Quizáis os de Nemíña. Si o mozo da mar atopa n'il unha infinitude tamén o pé do monte da Croa no ermo car'o vendabal aniña o numen sin nome da raza. Outro numen fáusteco pois quen sabe mirar sinte a lediza da soedá. «Sós, só de lonxe ven o mar». A mar leva pol-o mundo, na terra afóndase no mundo. Vaosilveiro ten augas frescas, aveláns nos lameiros que son yarpas pra qu'as pulse o vento. Ó rivés do marfieiro. Iste chega á ollar a beleza ondina de Cádiz — vila amada pol-os bós canteiros galegos que labraron aquiles pazos do dazaoito —, o labrego de Vaosilveiro morre de pastor. Os dous lugares asombados pol-o Facho de Touriñán chegan á unha craiturización épica n'ista sinxela cántiga de mozos.

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

*O abrigo do vento circio,
sentada ó pé dos valados
q'hai nos Casás de Nemiña
os cabelos peiteando*

Moito gostaba Pondal dos camiños e dos valados de Nemiña. Lembranzas de neno. D'isas feitas de pequenas cousas —unha silveira rechoucheante de avellós, un illó d'auga outoniza, o soar do aire n'un albre— gardadas tod'a vida na paisaxe interior. Os amigos d'entón adequiren corpo d'herois —hai na adolescenza sempre pol-o menos un istante ou unha arela de heroicidade— pra qu'as cante a fada de Rouriz. Ceibes com'os corvos mariños do Touriñán corrian pol-as vereas e pol-os Fachos: un era de Muxía —«a areosa, a seca, a triste», admirabre carácterización homérica— outro de Morpeguite no camiño vello de Corcubión á Camariñas, outro de Coucieiro que manda suas augas o río do Castro, os más de Bergantíños, algúns de Suxo, lugar posto no outo e de Vilarmide o de doce nome. Outros de Corcubión. Os pobos, os castros, os lugares, os cabos, os cóns prestan seus nomes á mitoloxia pondaliana; nome de Fadas, de guerreiros escolmados pol-o poeta asegún misteriosas leises do seu *esprito* e non sómentes pol-o recender céltigo e ancestral do nome. Mitoloxía da terra. O esforzo secular —a ver-

RAMÓN OTERO PEDRAYO

dadeira épica dos pobos atrántecos— de cada po-
biño labrego ou mariñán concéntrase no nome do
héroe epónimo. Tamén o sonoro apelido Pondal
ven d'un pequeno logar de Corme.

*

* * *

*Ou quen poidera
pillarte soa
no seo amigo
d'escura cova!*

O longo camiñar —a ruta esquiva— esperta
nos rumorosos bardos unha sede de amor víolen-
to, mantido da forza da natureza na gándara mais
preto da sensoalidade antiga que a lediza do val.
Ninguén menos bucólico e retórico. Sensoalidade
da hedra e das finas froles do ermo d'un enervan-
te recender que ben cofiecen os pastores, os ca-
miñantes e os poetas que coñecen todo.

*Ou mozos, que camiñantes
por ise camiño ides*

Os mozos camiñantes van espallando no ves-
tido e no aire o carácter da sua pátrexa. Así era no

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

tempo de Pondal. Fermosa variedade, infinda riqueza do tema! Oxe o morno nivelamento do vivir matóu a preciosa matización das terras. Coma nos cadros dos primitivos a paisaxe, tamén dinantes a paisaxe humán, más fonda e fronda. Gardábase o aire diferencial de cada terra. D'iste xeito o mozo de Xallas, «nai das uces» como il dí con orgullo malencóneco de montañés vai vestido —lan branca, lan moura— c'o prodoito das abenzas que mordiscan as tristeiras chairas. O da chaqueta bermella non ten perda; il ben'o sabe gabancioso. Da doce Mariña, de Brives, preto de Cambre. A dona invita a rosquillas de Ceréo e Recesindo, parroquia aquila e iste logarcínio de ditoso nome na do San Xusto, as dúas no chán bergantíñan de Coristanco; ali xuntanse camiño de terra e da mariña. E os mozos camiñantes ben saben das bebedizas roseiras de Frexilde.

*Ou castro de Remesende
que te tés por tan fidalgo*

A desterrada pol-a sorte pasa, linda dona, d'acabalo i-olla o castelo dos seus antergos frolicido con adarves e torres sobr'o vello castro de Remesende.

RAMÓN OTERO PEDRAYO

A doce filla de Barcala ten noxo que encerra
pesadume do solar dos seus pais: o desleirado.
Non o castro. O castelo sobre do castro. Un símbo-
lo do decorrer da hestorea. Morre o castelo inda
que máis novo e traballado en pedra. O castro non
morre, pois sendo paisaxe soilo ten imperio sobre
d'il a lei cósmica que raña ós montes e non a lei
hestóreca que chimpa as torreadas casas. O cas-
tro zuga zumes coma unha tortueira do chán ó
que désexan soltar, xa ceibes, as pedras ordeadas.

*

* * *

*En turbia noche de invierno
la luna su rayo tímido
lanza acaso, y centellean
los bellos cascós bruñidos*

Forte saudade da pátreia, na noite, na guerra;
en terra estranxeira, tanto más fonda porque son
esgrevios carauteres os que «ven pasar a sus ojos
—los dulces campos nativos».

Niste poema o castelán deixa entreollar hou-
rizontes de lonxanía com'as traduciós dos poemas
do Norte. Ossianismo. A lembranza arrodea o no-
me de Pondal, no senso literario coma un lugar-
común: Un dos tópicos necesarios e falsos polos

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

procedementos dos poemas refundidos por Macpherson e os de Pondal son ben diferentes. Nos poemas gaélicos hai dramatización literarea, grandes esceas sosteñidas, tod'o longo traballo da sensibilidade sistematizada, si hai licencia pra ista frase. En Pondal a impreseón rápida, certeira, evocadora e xusta c'unha xusteza que franquea ó espírito o esceario e o drama que o poeta esdeñou escribir. O parentesco sería imposible negalo; veda fonda concencia xeneral da raza celta. Mais en Pondal alumbra d'outro xeito persoal e moderno. Agora Cairbár e Gundariz «os de corpo ben comprido» sitían a Tura na Irlanda. Durmen os gueiros e os xefes nos brazos da saudade, lembran. Unha tébra d'orixes, furada d'estrelas novas, cobre a evocación: o vello pinal de Froxan na pendente do Brumar en terra, toda peito ó mar, de Corme. Está deserto o pinal. Fuxiron os tempos com'os ventos na salvaxe punta Nariga. Os sepulcros antigos dos celtas alumbran álus do luar. Asistimos n'iste poema a un estado de espírito en que o futuro se viste con lembranzas. Os primitivos xa saben da tristeza futura. Un grande fado étnico pesa sobre a raza. Malenconía de presentir que soilo as ponlas do pinal e a vos *lanzal* do rego de Belouride, sentíron c'o tempo a presenza da yalma celta desertada pol-os homes. O poeta fáise primitivo e síntese en terra extranxeira comba-

RAMÓN OTERO PEDRAYO

tindo, mais o tempo seu de home do sigro dazano-
ve mistúrase c'o tempo soñado e ansí o poema
lonxe e fora das medicións cronolóxicas figura un
lírico diálogo de espíritos inmortás.

*

* * *

*Engañosa Morpeguite
fada do doce mirar*

O mundo poboado de fadas, com'as illas Aran de Synge. Os nosos ollos inteleitoalizados non-as poden ver. Vestidas de brétoma fuxen sobr'o calado verdecer da gándara e apéganse ós cóns da costa. Soilo queren os bicos da escuma e fúndense de lediza nos brazos da chuvia e do vento. Espíritos que sempre preocuparon os teólogos. Synge fala da míseca das fadas qu'algunhas veces se ouve dinantes do dia: os rapaces da escola síntena ás veces; tripulan outras un grande navío fantástico que ameaza chocar c'os «curraghs» dos pescantís das illas Arán e desaparece c'o signo da cruz. Houbo xentes que se foron con elas e ás noites volven e falan c'os da casa. Xogan o balón nos muros da roca dreita, e vése pol-a mañán o sinal das pisadas e as tres pedras que indican o límite do campo. É inútil botálas á mar: á seguinte

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

mañán volven a estar no mesmo sitio. No naturalismo de Pondal a fada vóltase muller e a muller fada, pois non hai marcos precisos pras realidades no cerne do espírito céltigo.

*
* * *

*Correndo foi ó arume
a hora en que cantan as rás*

¿Serán os piñeiraes de Morás preto de Arteixo? Pouco intresa. Todolos grandes solitarios tienen os sensoe moi abertos á voluptuosidade do recender da frouma, ou dò pan quente no forno. Un gran primitivo chouta do ensöño heroico ó instante cinegético da caza da doce carne femenina. Hai n'ela, xiada ou ardente, un dos mistereos que se non franquearán endexamáis, sempre novo. Á hora do solpor chegarían ó pinal os sinos da Pastoriza ou d'outra calquer eirexa. Brazos nús na sombra dos rumorosos, nús com'a lúa que s'entrambilica nas ponlas com'a barca—tamén curva—nos sargazos. Hai un Pan céltigo que pecha en igual mistereo o eco falandeiro das rocas e a invitación tentadora.

* * *

*A hora en qu'o doce luceiro
comenzase de fundir*

Pondal nos seus viaxes pol-a terra e pol-a terra do espirito, cruzaba moitas veces por S. Pedro de Brandomil e pasaba a ponte do mesmo nome sobr'o frio río de Xallas. Coma o pastor errante d'Asia pregunta angusteadó ó luar n'unha noite de Leopardi, o celta Temunde canta más d'outro xeito. Gromo d'unha raza apegada ó seu chán, afeita a cruzar os mares e ó igoal d'un Facho sofridora do destino, o canto que tece o pastor arredor da tumba d'un heroi xuvenil —ten no «eterno e doce dormir» seu helmo acarón, seu helmo feito c'aquil ouro novo dos primeiros tempos cuio emprazamento tiña que ser indicado pol-o raio do ceo— remata o tema funeral n'un himno de esperanza pois tén fé qu'a lembranza dos celtas lle non fará traición. No bosque armoñoso dos «Queixumes» o luar, no tempo de xiada, procura con amor moitas cobas. Non as lápidas derradeiras dos románticos cemiterios ingreses caras a Young, a Gray, a Chateaubriand, a todolos escritores vilegos d'un determiniado tempo da sensibi-

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

lidade, nin a esculturada limitazón dos sepolcros aniñados na escura perspeutiva das catedrales, sinón as cobas ceibes abertas ó interior sempre mozo da terra, nai das sementeiras e das augas, das cobas acariñadas pol-as rondas das estacíos da natureza. A cinza enterrada na arca incorpórase á totalidade da terra, devén *humus* humán e frolece na renovada valentía dos arboredos. A morte pra Pondal suxere istes douis pensamentos; afondimento na entrana inmorredoira da Galiza e continuidade na lembranza das xenerazós. As duas, formas d'un vivir. Cando a memoria dí «Ei-qui dorme Brandomil» quer dicir a presenza do heroi na paisaxe e nos renovados pulos da mocedade.

*

* * *

*Esquia rapaceta
coma do toxo a fror
tan pura com'as frescas
augas de Río bóo*

Hai un sentimento da necesidá das leis da natureza. ¿Porque a moral impón no home regras contrarias? En conxunto a ética impón un sistema de abstracciós. Cristianismo. Procura da natureza

RAMÓN OTERO PEDRAYO

humán da yalma, trunfadora do corpo. Quen pense no ser dos pobos primixenios e nos que por manterse xunguidos ó chán gardan un senso de primitivismo mañanceiro, atopará o corpo trunfante, non por ser corpo —pois isto sería bizantino coltivo d'unha decadenza e somentes xurde nas culturas cibdadáns— sinón pol-a dificultade de separar ó corpo da natureza. O ensoño poboan de sombras ó mundo; as sombras do mundo poboan o ensoño humán. Veleiquí o cerne do paganismo. ¿Onde remata o corpo? Il está collido na ronda das forzas renascentes. A natureza n'é casta: cando chega seu tempo o sexo vexetal trunfa hastra nos álbres líricos, hastra a pel esgrevia dos penedos é teatro de amor. Os atomistas e Lucrecio, non fixeron sinon requintar filosofecamente guiados pol-a razón, a necesidade d'amor lei da natureza. Razoa, pois, cósmicamente quen eisixe da esquiva rapaceta o mismo don que non nega o figo maduro nin a *vaga poldra* da ponte Arantón. Por certo qu'os catorce versos adicados a ela teñen unha calidade expresiva do millor de todas literaturas; todo poema da primaveira nas chiras, na Tartaria galega d'abondo pequena pra dominar, mais o soficiente pra ser térmeno de comparanza e reserva de forzas pró futuro. Eiquí non figuraría estrana unha disertación sobr'a mons-truosidade e tamén a divinidade da condición hu-

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

mana. Max Scheler dixo do home «calexón sin saída do universo». Mais tamén esceuceón que fai vivir o universo. Pondal pra ser máis da terra compracese no estado de espírito —nativo— dos primixenios herois iguais a dos labregos folklóricos, e razona c'a sinxeleza d'un xefe de clán.

*
* *
*

*Cando no escarpado cabo,
sae a fror da caramiña
ô cazador anunciando
a leda estación garrida*

O bardo —pode ser bardo tod'o que sinta o de-
correr da Galicia na hestórea, punxentemente,
en presencia real— sinte urxentemente a dor da
disociación entre a xente e a terra. Sentimento
que se fai mais agudo na primaveira. Reverde-
cen os eidos, agroman as carballeiras, no cabo que
por bañarse nas escumas do mar figura brotar
n'unha primaveira sua, coma de vixía mais tem-
praneira —a erica *empetrum album*, costela de
brancas corolas miudiñas a esgrevieza do pene-
do— mais o pobo non figura espertar da sua
escravitude. Soñar onde foron os bos tempos pa-
sados é soñar onde foi o futuro. O bardo non

RAMÓN OTERO PEDRAYO

dá fé ós seus ollos: apartado na gándara «d'uces nutriz» deixa qu'o vento salaie ainda invernizo nas cordas da iarpa pois non é ela merecente da vergonza d' acompañar os cantos servos dos homes sometidos. A natureza compre c'o seu deber: os homes esquencéronse. Pondal non aprecia moito ós labregos: o amor do eido pode ser tamen un amor ó sometimento. Il prefire o mariñeiro, e no labrego aquiles que no pastoreo ollan as estrelas como no tempo das primeiras invasiós. O bardo non entende ó mundo. D' eiquí que a sua malenconía soilo pode levar ista palabra: escuro.

*

*

*A sombra tecida
d'espeso creixal
muy ledo e foloso
no tempo do vráu*

Variante d'un conocido epigrama popular. Ten o intrés en Pondal da rapaza Ousinde, nome de fada e de pobo, misturada c'a sua lanzal fermosura, sua picaresca de Benito Lousada.

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

*Castaños de Dormeá
os de corpo ben cumprido
De graciosa estatura
dobrados e ben seguidos*

Os botánecos sinalan o berce do castiñeiro na Galiza. Albre padriarcal, petrucio que acouga moitas sombras; corpo de pedra e ponlas mozas. Os piñeiros indefrentes ás estaciós son un soño de raza, os castaños más labregos viven o ritmo aldeán. Auvernia, Italia do norte. Córcega, terra de fortes familias campesías, cernes de raza, terras com'a Celtia oucidental de castifeiros. Os de Dormeá, nome de sonoridade saudosa, non son caracochos; son trabes novas e dreitas de curtiza ainda verde, de pulo lanzal, pois o poeta diúlles, n'un tempo, sombra. Albre celta, de certo. N'outro tempo as grandes larganzas dos chaos galegos cobríanse de centeeiras misturadas con soutos. Entón comíase pan de centeo e castañas, leite e viño. Todo esenzas bariles com'a carne de porco sempre amiga dos herois. O castaño mais labrego qu'o pino deixa as follas na derradeira ontonía e franquea a sua recolleita ás augueiras do inverno. Calcado d'esprenzia é tamén o derradeiro en se inzar de novos follatos. Fume de ló-gares, medas, cotas, castaños; logar galego. A sombra do castiñeiro e unha sombra de clán, amparadora. Chegan istes albres á ter unha fisono-

RAMÓN OTERO PÉDRAYO

mía moito mais carauterizada qu'as máis. I-aumenta seu prestixio o feito lamentábre de que desaparecendo en comarcas enteiras, van tomando as que restan unha patriarchalidade que fai un acto secular do auto de prantar un novo castiñeiro, e ó ollalo vivir presta especial confianza no ser da nosa terra.

*

* *

*Un lindo zagalexo
prometesme, señor
tan lindo que miralo
será unha perdición*

A rapaza —fermoso corpo lanzal e comprido de moza, collida no prado, beleza vexetal, gososa da muller, d'ise xénero soilo propio de aldea— sinte unha presenza turbadora. Quizais sexa un soñado cazador. N'importa. Hai a tentaceón misturada c'a fisioloxía. Tamén os bardos apreciaban no seu sentimento da natureza os bos froitos humás. N'iste poema téñense, quizais, en contra dous cultos: o escuro d' unha antiga e inmorrente paganía. Seu templo: os logares «tentadores» certos lameiros, certa sombra d'abelairas preto do correr das augas, os sitios onde preside un nú-

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

men de amor. E outro culto, o siñificado pol'a Virxe da Consolazón. Ela coronou o coto adicado ós deuses antigos. Os dous cultos decorren misturados. A severa determinación dos seus alternados trunfos forman o eixe central do vivir da campía e n'outras formas menos sinxelas. da cibdade.

*

* * *

*A hora en qu'a luz do luceiro
sobr'o cabo loce tímida;
e à negra furna piando
recollense as breves píllaras*

Comparado c'o estado d'esprito semellante ó qu'ispira o poema «Cando no escarpado cabo... — «ademírase a rica matizazón creadora do bardo. O contraste non é agora tan firente n'aquil a primaveira ou millor a promesa d'ela fai mór a triste indefrenza dos fillos dos celtas; a hora do empardecer na mariña sempre foi propicia pr'o bater d'azas da fada melancónia. O vóo das píllaras leva consigo a derradeira lus do día e o luceiro ten medo da negrura do cabo, e da mar caótica e insospeitada. Se non eisprica a melancónia do bardo. Quizais non teña parte no consolo

RAMÓN OTERO PEDRAYO

do pescador animado pol'o badelar das trindades.
Quizais o bardo non sinta aquelo e refuxiado nas
uces irtas se dea líricamente coscente ás verbas
do pastasma e do vento.

*

* * *

*Agora meu corazón,
agora pol-a noitiña*

Gándra de Gundar. Maravillosamente carai-
terizada. Lonxe o fume do pobo, potenzas des-
peiteadas, fortes recenderes sensoales. Nin re-
mordimento, nin concencia do pecado. Na noitiña
desdibuxanxe as cousas. Us seres amanse baixo o
sol. Os máis —d' eles os homes e as feras— pro-
curan a noitiña pra cobrar valentía no abrazo dos
sexos contr'a longa escuridade nemiga qu' as se-
para da mañán.

*

* * *

*Despois do duro combate
qu'o noble celta Folgar
contra d'o esquivo romano
librou de Xallas no chán*

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

Logar de Maroñas na parroquia de Santa Mariña do mesmo nome en Mazaricos. Pondal tecéu arredor de tí a mais fermosa leenda. N'ela xa nos lindeiros de Xallas non lonxe do monte que se chama duro e curtante c'unha lonxana palabra, Aro, Pondal escolmoute pra ser a coba d'unha heroína, e tés na xeografía do sentimento unha belida praza inmorredoira. Celtia, Xermania, Roma: tres mulleres. Duas mozas, outra matrona. Leva Roma a balanza do Dereito curtesano da conquista. Xermania ten a cabeleira de fogo como o refrexo do sol rent'ô hourizonte nos mornos lagos címbrios. A Celtia lanzal e noviña, leva nos ollos grises a lonxania da mar, e na man o arco cinegético. Pode ser o vento da gándra feito muller, a escuma dos Basantas feita lírica ondina, ou o piñeiríño tremoroso e forte da costa tan mantida na sua lanzalidade de terra coma do salgado alento do largo. Ista gracia da Celtia non'a ti vo a Xermania, que chegou a ser dona forte e simbóleca namentras a Celtia com'un tema apenas iniciado morría ceibe de pesadelos hestórecos. O monte Medo matoú unha estrela: serras onde s'enterran os luceiros pra despois vestirse no abrete da lús da estrela. Non pide o morrer o grave e inutile consello dos graves vellos; quer o cantar d'un xoven doce como o «toxo molar... que crece na escura gándra». Novidade xenial da

RAMÓN OTERO PEDRAYO

comparanza. Margaride canta unha estrana verdade. Estrana porque estamos afeitos a consoar, enganar ou apelar á fama no istante da morte. Margaride envexa a morte salvadora. Non por desespero, nin por ironía, pois os dous, ela e mais él, locen no abreite da vida: sinte a beleza da morte na sua mocedá, pois por ela matara á «vellez escura» e a vergonza do pecado. Morre con ledicia sportiva, e o canto funeral de Margaride sin soledadás sin esceas, chouta do eloxio da beleza o eloxio da morte incomparabre. Compadrido hastra ca epopeya xermáneca —non falemos das do sul sempre funerarias e pretéritas— hai na celta unha certa mocidade, que non fai morrer a espranza ainda nos finales mais tráxicos.

*

* * *

*Os pinos fan doce son:
N'ista doce soedade
apertas'o curazón*

Xa non bruan heroicos. Tamen teñen os piñeirals istante de agarimo mol. Logo son tan indefrentes. Sempre soñan. E sua negra sombra acouba a paixón secular que se non aforcoul c'a

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

corda de S. Francisco. Acompañan o rumor do bico qu' estrala coma o arume enxoito baixo os pés fuxitivos das rapazas.

*

* * *

*Rei dos castros, castro forte
garrido castro Nemenzo*

N'ista soberana invocazón latexa a fonda mocedade do bardo e a confianza dos tempos. O castro xa non é cousa arqueolóxica, morta e crasificabre. Vive e frolesce. Na campía unha segura espranza, na yalma a realidade da raza. Tiña que ser cantada pol'a doce Maymendos, por unha voz nova no día escuro «en que as uces montesías se domeaban c'o vento». Canto de trunfo en beizos de muller. O castro manda unha grande larganza de campía: fálase mistereosamente c'os outros castros. De mal xenio deixase furar pol'os arqueólogos e pol'os buscadores de tesouros. Seu tesouro é outro. O tesouro do sentimento da terra e da raza. Cand'o pastor d'abenza anda arredor d'o castro sinte un escuro terror e os vellos labregos falan d'il con voce lonxana pois imponllas un respeto relixioso, consecuencia d'a vos da sangue. Moitas culturas decorreron dend'o tempo en que

RAMÓN OTERO PEDRAYO

se fixeron os castros, mais ningún moimento d'elas chegou a mandar com' aquiles, na campía. Ademais tod'o pasado refírese a elas como si fora o úneco dino de lembranza. Quizais, somentes, a eirexa románeca —moitas veces ela frolece no castro— chega a adequerir un prestixio semeillante.

* * *

*Aquela miña leda compañeira
presurosa e lanzal*

Vai o bardo pol'as brañas d' Armeár na terra de Moráime, non lonxe de Muxía. Ten amor pol'as gándras e brañas. As paisaxes doces amigas d'outros poetas, non son pra Pondal sinón descansos banás. O ermo está mais cerca da alma e de Deus. Por iso pregunta ás brañas d' Armeár onde vai a fada «presurosa e lanzal», pois acostumaba a vagar co él pol'as soedás. Era seu espírito. Sempre os epítetos descriptivos de Pondal dan sensazón de marchar, d'algo levián que se non fixa sinón transitoreamente en formas graciosas de xuventude endexamais compretada. Mundo caóteco de principios dinámeos. Pra il a morte equivale á fixazón. Pasaron pros galegos moitas

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

venerazós de imitanza i-esquecimento. As modas do pensamento, a ritualidade somentes pintoresca, xa non vital das festas e das costumes: o rito sobrevivendo a idea. Pondal como quen desexa ser de corazón galego quer vivir na lus da idea. Non irá ás romaría nin ós «caneiros» nin ás festas dispostas en agasallo de *touristas* ou polítecos. Non quer ser a servidume da festa galega. Báñase na soedade pra baixar á palestra do mundo da loita.



*Boundanza, saúde
raza de Breogán
teus groriosos destinos
certo é doce agoirar*

Escrita quedou, d'unha vez pra sempre, o canto de vida. Escoitouno Galicia? Quizais non os seus literatos nin as crases cultas. Il está no cerne da forza do pobo pois o mesmo pulo que fai ó labrego arar con fé calada todal-as mañáns, e o que sobrepoñéndose á saudade guía o espírito dos homes acugulados no trasatránteco, foi collido pol-o poeta i-en verbas de ferro batido pol-o martelo da voluntade heroica, canta por riba dos séculos.

RAMÓN OTERO PEDRAYO

Ises homes rares, cavilosos i-estranos están más preto da realidade qu'os chamados homes práuticos servos d'un tempo, d'unha moda ou d'unha imitanza. Que lonxe estamos do iberoamericanismo e das demostracións ultramarifías de lacón cón grelos! Toda a psicoloxía e tod'un programa forzado en versos de sobria épica inmorrente. Primeiro fé na raza. Il pode decilo. Discípulo da gandra e da mar, do cabo e do mariñeiro. Pra qu'as bágoas ou a pillería tan gabada pol-os poetas pintorescos do dazanove? Raza sofrida. Sofrindo trunfase. Soilo un pasado. Aquil heroico do primeiro tempo: auga nutritia que vai no sangue, esenzal eixe do carauter, ceibe Galicia da edá do ferro. Diant'o bronce mol, foi o ferro o comenzo da edade humán. Pondal despreza o istante presente da politeca. Estar nos orixes é de fixo poñerse no futuro. Ben o sinte: —«Entr'as espesas brétomas —do tempo que foi xá— e n'os días dichosos— qu'inda ó mundo virán». As duas formas da heroicidade cotidián da raza: a terra e o mundo. Vése a Galicia com'un centro d'irradeazón: car'a todos ventos voan as enerxías. Calados, indiferentes ós gobernos. A estulta cidade somente sabe do labrego falseiado pol-a literatura. «Tecidas compañías sonorosas». Lembran as areas d'aquil esteso praial de Barrañán, franqueado ó mar d'Arteixo. Nótese que Pondal non sinte as cibdades. Son des-

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

masiado transitoreas, artificiás xardís da paisaxe hestóreca. A Améreca chamada pol-o seu nome de xusticia: Colombia, Colón e os nautas portugueses son os únecos persoaxes hestórecos cuia forte individuoalidade, suma d'arelas étnicas, impón á Pondal. Os tillos de Breogán na Colombia ocúpanse primitivos e orixinales nas primeiras artes creadoras: pastores, ferreiros, vagarosos: maneira de ser donos do porvir. Ponte luminoso do arco da vella, curvado sobr'o Atránteco xuntando ós pobos. Grandeza semellante á das Sagas do norte. Galicia longamente esquecida será o pastor das xentes. Primeiro, Portugal pr'o que garda o nome patriarcal, o senso de familia. O poeta sabe do dooroso parto e sabe que vos do sangue xuntará as enerxías dos dous pobos, fillos do ideal. «Palidez lanzal do turbulento insomnio e do rudo pensar»: os homes forxadore do ideal, os homes prometeos e guiadores. Os longos cornos do faro furan as tébras e ningún fillo deixará de ser salvado pol-a lanzada animadora da sua lús. Canto de forte seguridade, que todol-os galegos debían saber de memoria en logar dos hinos da festa do albre, e do «Quixote» das escolas.

RAMÓN OTERO PEDRAYO

*

* *

*Cando te vexo m'acordo
de quen non podo olvidar*

Ben difrente da paisaxe da «areosa» Laxe o
figueiral do Môrdomo, na parroquia de Traba, non
na de Bergantiños, en outro onde quizáis Pondal
nos seus estudos de neno vira un oasis. A figueira
mediterránea. Zume do figo que c'o gosto do licor
das parras chamou nun tempo ôs celtas pr'os paí-
ses do Sul. Nas sestas silenco «xogoral» de rito
venusiano, tan atraente pr'os grandes sensitivos.
Contodo a tristeza do camiñante non pasa d'un
istante. Tristeza demasiado fisiolóxica, non aquila
malenconía salvadora qu'il está seguro d'atopar,
com'unha fada fiel na gándra.

*

* *

*Pilleina antr'os pinos soa
alba de medo tornou*

¿Pra que xustificacións nietscheanas? Se non
eisprica o gozo da aperta na soedade. Tampouco

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

ten nada que facer eiqui o sátiro caprípedo nin a
frauta de Pán. Saúde. Natureza. Leis do Mundo.

*

* * *

*Cal sae a arboladura
de nave poderosa
facer negro valume
sobre as tendidas olas*

Os destemidos mariños de Corme non poden atracar seus barcos nas adustas rocas do pobo e lévanos ó abrigo da ría de Ponteceso. De como Pondal ollábaos sair; trasformaban o paisaxe, valentes e sensitivos cal poderosos seres prendían nas cordas com'os ventos as maxinacións do rapás. Com'as naos xuntaron os anacos dispersos da Céltiga e cruzaron os oceanos, a misión do poeta é xuntar e levar adiante rexistrando todo dinamismo. Cando sai pol-o mundo xa non é obra de un home: o poema vive por si e ainda non esgota isas inspiracións poéticas qué non hachan forma na arboladura das palabras e son com'a música d'elas. Nada máis oposto á concepción poética dos artistas das culturas: eiquí a intelixenza aguda vai envolta na vaga e certeira intuición das forzas ceibes do mundo e da raza.

RAMÓN OTERO PEDRAYO



Gandra esquiva da Moureda

· · · · ·

Âs veces no ermo —penitente pr'o cristián— ar raiolas do sol figuran xogar nas uces coma loiros cabelos, o vento fai suspirar a dureza dos toxos. Gandra, ermo: diferente sensación que produz no cristiano e no celta primixenio. Sempre de forza. Penitenza con barudo exemplar de forte vivir.



*O escuro Brandoñas
e o roxo Porcar*

Un milesio moreno, un coorado celta caudado. Os doux tipos étnicos. Son novos. Non teñen vergonza do chorar pois fálase do gracioso númer da terra. A vergonza das bágoas foi unha das grandes cobardías da humanidade. Logo os herois precisan d'un ideal tanxibre. Ela penaba, a doce Baltar. Seu nome quedou na xeografía pondalia-

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

na, xeografía tallada en alma galega. Ela pasaba. Com'a sombra da rama follosa. Isas ramiñas que nascen nenas no escuro e orcelado peito dos caracochos e sempre se moven rexistrando o menor pasar do aire coma si quietas non tiveran realidade. A doce Baltar! Unha interpretazón dos mitos fuxia d'ela a fada da primaveira, fuxitiva sementando sonrisas e froles. É mellor deixar a figura viva. Pois era tan gracioso o correr dos seus pés calzados de vento qu'hastra as uces a garbabán. Cando no monte unha vibrazón tremou na xesteira ou no uzal, hai que deteñerse un instante: a doce Baltar corre por ali sempre fuxindo e deixando un ronsel de malenconía no serio arboredo e na alma do mozo.

*

* * *

*Fada garrida de leves alas
que ledá voas
no doce Abril*

¿Onde foi? ¿Onde sentiu o poeta o levián passar das aas e dos peñños da fada? O bardo sempre forte i-adusto deixase, lembránda, levar por un ritmo ledo, e sinxelo, optimista e primaveiral. Estaba en todolos recunchos da Galiza o eco

RAMÓN OTERO PEDRAYO

fuxitivo e renovado da mistereosa presenza semellante ó primeiro locir da yalba que se non sabe si centilea n'un anaco escolleito de ceo, nos meditativos penedos, no regueiro apenas aduvniado fuxindo pol-o seo verdecente dos lameiros. Ela abrangue todo, pois é a Galiza seu reino: o igoal os eidos amolecidos pol-o arado qu'os montes inda virxes do ferro do labrador. Maxinázón choutadora do poeta. Todolos nomes de lugares (a gandra de Carboeiro de Vilouriz, os verdes de Oca e Buxán, os altos de San Cosme de Portomeiro non lonxe do Tambre, o val de Brántuas en Ponteceso, Angeriz na comarca de Tordoya, en Corcoésto (Corcoésto, Esto, Soesto: fermosas variaciós do tema), o Cartel en Moráime, Recemel, a vasta praia de Barrañán, o monte de Brumar) beilan de máns dadas na lembranza do poeta. C'un recordo dos amigos da infancia, d'una solitaria meditazón, do ardente apaixoaamento d'un solpor demorado longamente, d'un amor iniciado, d'un sinxelo eco gardado inconscentemente. Pondal tivo a arte dos nomes: háinos esquivos com'a tráxica soedá das gandras, outros soantes ó vento nos carballos, outros doces e tan delicados que se creban com'a mañanceira rayola do sol do abril; algús axordados e graves franquean un infinito hourizonte d'olas galgantes; dominan os envoltos no arpado cantar dos piñeirás. Hai un

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

sentimento de saudade: a de achegarse máis á esenza do maravilloso ser e afundirse n'il procurando a liberazón. Por ista evocazón o bardo chegou a liberar o espírito pechado nas paisaxes, e na xeografía traduz en termos da yalma a xeografía aparenceal de todal-as terras galegas qu'il percorreu e amóu: as más oucidentás e atrántecas da Galiza.

*

* * *

Abonda xa d'oración

Tres versíños que pechan tod'a forza d'un istinto coscente do seu poder. O mundo e suas dozuras propiedade e gozo do forte. Todol'os verda-deiros señores de pazo pasaron por momentos d'iste xénero.

*

* * *

Eu sei donde moran eu sei donde están

O misticro da Terra enxoita procura a fondu-ra da fonte sempre nova: Oh cristalina fuente—

RAMÓN OTERO PEDRAYO

Si en esos tus remansos plateados—formases, de repente—los ojos deseados—que tengo, en las entrañas, dibujados». Búscase na auga o refresco do que se leva en si mesmo. A auga hai que mirá-la. Non abonda ouvila. No cántico das augas eternas acompaña un estrondo, unha caída do alto, tod'o camiño d'un persoaxe de Unamuno. Si s'incrinar sobre d'elas loce no seu seo pol'o menos unha ilusión do que se desexa. Nas sirtes e nos cóns da alma de Pondal soaba un desexado cantar de sirenas. I alma irmán da costa tendida en heroico esforzo dend'a torre de Breogán hasta o Fisterra; con folgos de praias, audacias de cabos, sofrimentos de furnas, voluntade de acantilados, intelixencia de portos pescantís, doce morrer de ríos, maxinaciós de nevoeiros, misticidade de decrebados poentes, augurio de escollos, arelas inmensas de infindos hourizontes bombeados ó lonxe n'un arco de mar que dispara ás estrelas frechas de Prometeu. Soilo il sabe ond'atopalas. Cando elas cantan, as píllaras voan en circo e a onda suspende seu gaseoso tecido de encaixe de Camariñas. Seus ollos naceron a un novo ollar esculcando o bulto salgado das doncelas da mar. Chámano c'un amor de poseseón. O home criado cerca do mar ten un desexo infindo e nunca conseguido de pillar as aparenceas fuxitivas da mar sempre renovada, sempre nova a ca-

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

da istante, bulreira e terrible, mais que o igoal da ondina deixa saudades incurabres.

*
* * *

San Pedro de Brandomil

Pasaba por alí de Ponteceso a Sánt-Yago e de Sant-Yago a Ponteceso. Xa home feito, as lembranzas orgaizábanselle no esprito en xigantescas fugas d'orgão. Unha fuga ista lembranza. Apenas indicada. D'un desenrolo largo e vibrante que non morre no derradeiro marmullar. Cruza ba d'acabalo. Cabelos negros. Neve xuvenil na fronte. Un vento carregado de falares antigos viña galoupando pol'as gandras. Os fumes do pobo no sólpor. Unha longa vida anterga do inmorredoiro clán. O nome romoroso ronselando sempre saudades.

*
* * *

Carballos de Carballido

Pr'os grandes celtas nunca foi a natureza un

RAMÓN OTERO PEDRAYO

fondo inmobre. Pol'o contrario unha vivente traxedia: o tempo xoga o papel principal. Mais a punxente comparanza dos dous tempos —o humán, o dos albres— fire o poeta. Eiqui acompañanse os dous. Cabelos brancos, gallos secos. O poeta, malencóneicamente satisfeito, síntese unáime, c'os carballos de Carballido.

*

* * *

*D'alma no fondo
eu levo unhas cordas*

Irresponsabilidade do bardo. Un mundo entróu n'il incompatibre c'as formas d'iste mundo e escravo d'ista tiranía non ten folgo. Sua vos non é sua. Non é dono do seu mistereo. Curros sabía ben as cordas de que dispuxía pois foi poeta d'un instante, non coma Pondal, d'unha eternidade. Boa difrenza c'a boa ademanistrázón que aprica o literato ós seus recursos d'ispirazón.

*

* * *

*Cando xazan do cisne
os febrentos despoxos*

Febrentes da cruel loita c'o númen d'anterior poesía. Sabe que o canto armonioso vagará soilo

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

pol'os piñales e no salaio do Anllóns. Amóuno dende dinantes de nacer. O río descansa no mar, morrendo docemente diant'a casa do poeta. Coma un río foi tamén Pondal, esculcando con paixón na entrana poéteca —creadora— da Galiza, poil'o río chama pol'as augas de todal'as penedías e de todol-os fondos lameirentos forzándoas a se xuntar na unanimidade d'un canto n'o qu'un ouvido desperto escoita cada vos de fontela. O Anllóns cheio de lembranza de piñeirás e d'espranza de mar. Pondal coidou durmir na sua beira. Mais outro xigante hino desexaba cantar cabo da tumba ilustre: o mar, e o férvido entusiasmo, non rompido, do pobo da Cruña que todo di coma o mariñeiro dend'a Barra de Ponteceso: —Eiquí paz ô cantor do eido noso. Do eido interior, do esprito galego, traballado en roca mai.

*

* * *

*Sobr'o gallo do pino
sin cuidar do destino
o azor c'o fero grito o aire inunda*

O bosque animado de Merlín. Todos'los animás simbolizando a loita universal. O pobo viú nos animás salvaxes, amigos e compañoiros do

RAMÓN OTERO PEDRAYO

Demo. A pomba branca adicada n'outro tempo a Venus foi logo a compañeira dos ortos monxiles; as freiras perdoan a voluptuosidade, da ave en gracia á sua candideza e suavidade. ¿Non é a Madanela unha Vénus comesta pol-o mero pracer do arrepentimento? Mail-os animás obedecen fatalmente a lei do descanso e agarimados pol-a noite pol'o calor do día afondanse no sono, ritmo preciso. O xenio, non. O Anxel rebelde e curioso non pode descansar. Ten os ollos sempre abertos. Será Prometeu ou o mesmo Satán. O Satán verdadeiro heroi do «Paraíso perdido»: campeón no poema de Milton da liberdade frente o despotismo de Deus. Os criticos fán de Milton non o que s'entende por un puritano bíblico sinon un ardente partidario do sensualismo naturalista que venu dos primeiros tempos xermánicos e célticos e ten seu paralelo na filosofía de Lucrecio. Ou o Prometeu. Probrema somentes de proporzón. Carducci cantou a Satán: —«delle essere — principio inmenso — materia e sprito — raggione e senso». Escuramente Pondal sinte de varias maneiras a beleza e a fermosura do Anxo caído: o xenio é sua incarnazón; liberdade contra destino; individuallidade contra lei. Mais en Pondal a door da raza esquénida e ingrata fortalece ista aititude de insomne rebelión.

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

*
* *

*Ou da terra de Xallas, feros corvos
que vagantes andás*

Berro qu'en variados tonos resóa por tod'o romantismo. Chateaubriand nas landas d'Armórica, Obermann nos neveiros dos Alpes, Werner e Wagner nas landas pantasmás do Báltico, Rosalía na deixadez do bosque de San Lourenzo... Soedade, patria da yalma poética. Batir d'azas salvaixes, locomozón desexada pool-s que sinten cada sociedá com'un circo de ferro e un peso que turra pr'abaixo.

*
* *

*Monte—Branco, Monte—Branco
condo te vexo de lonxe
verto a soas triste pranto*

Nos hourizontes familiares do poeta o Monte Branco ten siñificación parescida ó Pico Sagro, o monte Lobeira, o Sta. Tecla. Estrano na oleada de formas do releve c'o seu cume raiolante de brancas aréas ó sol: fala ó poeta com'outra estatua

RAMÓN OTERO PEDRAYO

de Memmon ou com'a Maladetta os pastores do Pirineu. Ten un privilexio triste pra un monte da individuoalidade. Do largo acenanlle os mariñeiros: ollado de preto non figura seguir a maina lei da erosión: vive máis depresa qu'os outros montes com'a si un fogo interior o consumise. O vento arrincándolle as locentes aréas que foron sua gala dálle unha facies de vellez crecedeira ou ser-vabre polos habitantes da terra d'arredor. A edade xeolóxica parece acompañarse c'un ritmo humán e Pondal fálalle com'a un vello amigo capás de sentir c'o il a chegada do solpor do vivir.

* * *

*Feros corvos de Xallas
que vagantes andás
Sin hoxe nin mañán!*

A forte individuoalidade sofre de mil tiranías. As más garimosas chegan a ser insofribles. Sería curioso estudar d'un xeito comprehetivo a reaición dos poetas contra a sociedade. Os clásicos soméntense gostosos a ela e soilo teiman crasificar o ritmo d'ela sub specie aeternitatis. Polo tanto cada sociedade ten seus poetas. Mailo bardo non pode obedecer á sociedá orgaizada. ¿Cántos es-

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

pritos haberá hoxe en rebeldía? D'os que ha-xa pódese contar que unha grande porzón son celtas. A un poeta do estilo de Pondal pódelle gostar o comenzo d'unha democracia; ista democracia no poder faráselle tan noxenta com'un absolutismo da Santa Alianza. Ibsen, cando soupo a entrada dos italianos pol'a Porta Pía, dixo que quedaba escravizada a úneca cibdade da terra onde se podía ser ceibe. Poetas que fican estranos á sociedade e apegados a un mundo primixe-nio d'orixes son renovadores e ainda qu'a xente non'os escoite infroen n'ela, pois son unha fiestra aberta á paisaxe e á alma da terra orixinaria e ruda. Mais non é somentes isto: no propio ser do poeta librase unha loita. As veces estas feras esenzas da yalma gritan n'un poema: envexo os corvos, quixerá esquencido dos homes e do tempo vagar pol'a gándra pra d'iste xeito estar máis preto do seu propio espírito aprixoad o na forma de home social. Eu vexo a todol'os seres que se non someten a lei: o miñato temido e solitario, Atila dos aires, a brétema sempre facéndose e desfacéndose, endexamáis prisoreira d'unha forma, as uces nemigas do agricultor, foscas e altas soilo deitadas un instante pol'o azoute do vento; a cabalgada do vento que goza azoutando ó cabo e erguendo a tola sinfonía da mar sin ouxeto soilo pra medrar en liberdade, e isas bandadas

RAMÓN OTERO PEDRAYO

de corvos negros no mundo verde e azul, maldi-zoados, funerarios e humoristas, conqueridores que non colonizan nin se suxetan ó traballo, e poñen no vagantío das gándras voos de con-queridores, campamentos de nómadas, funera-rios festís de espíritos fortes e ise aire de libe-rrade con que soñaba Leonardo, vello, ouservando o voar das aves palustres na campía tráxica do Latium.

*

* * *

*Das quentes praias
e non xocundas
cal sempre soen
retornarán*

Outra volta as anduriñas. Chilan e trenzan mistereosos circos na frouma mantida da terra e da roca, do mar e do sangue de Galiza. Xa non está o poeta seu amigo. Il que pufía rosto serio as vaidades do mundo e afundido no vigoroso pa-sear figuraba ausente de tod'o que non fôra a cós-mica traxedia, sorria ás ledas espertadoras da primaveira e no outono ollabaas camiñar c'unha envexa leonardesca: quixera bater aas no aer fon-do pra millor contemprar o corpo apaixoadado da

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

Galiza e gozar, ó lonxe, algunha vez o pracer da lembranza. Agora, n'iste poema dibuxan os xiros d'unha danza funeraria. Mais xa sabemos o qu'iste supón na obra pondaliana. Non un remate sinón un puuto de desenrolo pr'un infindo porvir na memoria.

*
* * *

*Oh ti, radioso e forte
Ser oculto e inmortal
que déches són os pinos
e cores á miñán*

Por primeira ves unha invocación ó espirito do mundo. Deus sentido vagamente, máis sempre presente no bosque, no míagre da mañán, tamén na ialma de Job. Pondal en todol'os «Queixumes» somentes cita a ise libro da Bibria. O máis humán, a epopeia íntema da door loitando esgrevia hasta facerse digna d'atraguer a mirada de Deus. Mail-a pregaria do poeta non é coma poidera pensar, pra gardar en calquer forma sua individuoadoalidade esgrevia. Sempre quer qu'arredor da coba fique a lembranza e qu'as verbas, verbas bárdicas, sexan inmorredoiras. Eiquí nón. Querese afondir no seo das cousas inmobres. Non n'o bos-

RAMÓN OTERO PEDRAYO

que ainda cuaseque sensitivo: no facho, no pene-
do, na absoluta primordialidade inconscente. Qui-
záis un instante de desespero por non poder mandar
ou esquecer ó ardente numen interior que divina-
mente o escraviza. Divinamente pois seu vivir
com' o de Prometeu — maravillosamente eispresado
no episodio do «Regreso ao Paraíso» de Teixeira
de Pascoais — non pode pasar sin a picada cotidián
do abutre. Prega o «deus ignoto» que asegún Stra-
bon presidia os ritos misteicos dos celtas nas
noites de luar. Panteísmo orixinario. Ou será qui-
záis outra intenzón, non confesada, máis en nós
xusfiticabre ó cavilar ó marxe dos «Queixumes»;
querése facer insensible cousa, — almudeza e a fria-
xe do penedo é mais que cousa unha condensa-
zón d'un frío e d'un absoluto astral — pra liberdar-
se do corpo e da fuxitiva iluseón do vivir, e che-
gar más preto do corazón do Mundo ali onde na-
cen as vibraciós que rematan os nosos ollos na
calada eloquencia das paisaxes de rocas e de mar.
Misticidade da terra, carauterística da Galiza. E
identificazón da yálma nai c'a pedra planetaria
dos orixes.

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

*

* *

*Canta, bergantiñán, canta
que o véspero aparecio
e dudoso centellea
por antr'os dereitos pinos*

Na hora caóteca do solpor falta algo: o cantar. Do contrario o mundo cheo d'almas convertírase n'unha estrana Walpurgis. O cantar fixa o mundo e dálle forza pra seguir vivindo nas ténbras e no espantar asoballante de todal'as potenzas caótecas. A mañán futura centilea no véspero, fil xungue unha data con outra. Chama pol-o cantar. O principio apenas é un lixeiro lostregar más maximando que visto: dudoso, apaixoad o trunfa e dirixidos por seu raio animador a paisaxe armonízase. Trema no lombo tendido das olas, esbara com'unha bágoa de lus nos fachos escumantes, loce no fondo negro do pífeiral com'unha luciña de santuario. A angustea do poeta tamén demanda un canto. O canto do bergantíñán istintivo que espalla a fé da terra. Non un canto pra adormecer. Pra afondirse n'unha saudade. Poil-o poeta, coma outro vate, Verdaguer, non coida qu'a noite se fixera pra dormir. Il pintase en outros versos insomne e febrente. Di *padezo*: sinte seu vivir com'un padecemento saudoso. Ou suidoso.

RAMÓN OTERO PEDRAYO



*Cal o fulxente Sirius
radioso e inmortal*

O ceo dramatizado. Non a armoñosa esfera pitagóreca. Rube ás estrelas pra ollar a palpitazón das yalmas das terras. Poetas da mar e poetas dos continentes. Cand'os primeiros navégantes viron afogarse no mar equatorial os luceiros familiares deberon sentir un terror e tamén deseguida, unha enorme alegria trunfadora. En moitos versos dos «Queixumes» Pondal anuncia ós *Eoas*; os nautas quixeron liberdar «do oceáno os campos espaciosos». Libertar o escravo oceáno fillo do escuro Urano é dárles concencia. Pór riba d'iles a door e a legría humán. Un mar sin naufraxios debe ser d'unha infinda tristeza. Liberdar oceáños non é crealos pra conquerir na outra banda outras terras. Os estremeños da épica do dazaseis ronselaron a mar sin ollar pra il ó ríves de Colón ou de Magallanes. Portugal bañándose na mar tomóu novas forzas e tinxeu de salgadas lonxanías tod'o seu esprito nacional.

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

*
* *

*Non cantes tan tristemente
probe e desolada nai*

Condenazón da saudade tristeira. Certamente o cantar escravo ten seus encantos, coma todos os filtros adormecedores. En Galiza arrolou a moitas xeneracíós un cantar tristeiro de berce. A cova do noso sono sin ensonos non podía ser mais feiticeira. No céltico carballal acompañña o cantar das follas outonizas. Non. A tristeza non está na paisaxe, nin na propia cobardía. «Triste é o cantar que cantamos», dixo Rosalía, e outros tomaron o conceito o pé da letra. Pondal di: «cántalle cantos ousados—qu' esforzado o peito fán». Despréndese de Pondal un canto de heroicidade, as veces doorosa, sempre redentore. Pois os destinos cumpliránse e Galiza será a lus da Iberia.

RAMÓN OTERO PEDRAYO

*
* *

*Cal o anxel rebelde
qu'andas atravesando
con poderosas alas
o cego, antigo caos*

Conviría meditar no papel das descobertas. Europa salvouse cando as primeiras proas portuguesas racharon os confis do mistereo. Fortificouse pol'as rutas do mar. Estaba en perigo de morrer queimada pol'o alento ardente da Africa e pol'o xiado alento da Mongolia. O mundo ainda estava cinguido de caos, grandes anacos d'il cobrían os mares e mergullaban os archipiélagos. O nauta sentíuse rebelde á ordeación do mundo. Houbo nas descubertas un prazer de pecado. «A ardida nao» non foi cega c'a propia lus. As veces dubida. Prudencia e cencia dos argonautas. Pondonal sabía o diareo exercicio que require a mar. Viu en Corme, en Laxe, en Muxía, os veleiros esprimentados con aas de anxel e corpo fino e prudente.

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

*

* *

*Non en presentes
cousas pensando
o doce eido
quizais irán.*

Outravolta o fórmide colga tristeiro. As anduriñas curiosas chegan preguntando. ¿Qu'importa? Responderá por il sospirando nas cordas de ferro o vento da Barra. Confianza do poeta. Seu cantar é o da terra. Sua verba non pode morrer. Il istromentó unhas notas. As anduriñas terán resposta. Pulsan os aires a lira de ferro como pulsaron as cordas da alma do poeta.

*

* *

*As almas escravas
d'ideas non grandes*

Si se pensar nas razós de vida das xentes habría motivo pra dubidar da outura da condición humán. Deixando a un lado o cósmeco eisistir da campía, a xente que fai a hestórea aparente aparece domiñada por fitos inferiores. Agora, qu'hai

RAMÓN OTERO PEDRAYO

os instantes en que de súpeto a psicoloxía coleutiva impón un falso carauter ás masas. Por baixo d'ela e no decorrer das vidas individuás. Ben poucas inspiradas n'un tema d'eternidade. O home satisfeito da rotundidá de ventre, ou da voluptuosidade da erudizón, da sona políteca. Os infin-dos escravos da vaidade e ignorantes do orgullo. Debían os homes producir en Pondal repunancias cuáseque fisicas coma en Nietsche i-en xeneral nos grandes solitarios. O solitario resólvese en dous tipos: o redentor que se sacrifica polos más, e o anacoreta que fuxindo de todos crea unha Humanidade ideal. Pondal esbarando por riba das pequenas continxencias, falou pra unha crase superior, a qu'il pensaba espranzado que c'o tempo guiaría os destinos galegos e diulle a ética, a estéteca e o pulo heróico nos versos dos «Queixumes».

*
* * *

*Fora d'abondo c'o oprobio pasado
d'un brando servir*

A xeneralidade do tema dálle unha urxencia nova. Pondal fala d'antiguedade que casi entra no reino das ideas puras, mais pensa na Galiza, A

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

Mesenia perdiuse pol-a brandura do seu caraúter: a bucólica domeñada pol-a épica de Esparta. Un Plutarco do pórvir poidera establecer un paralellismo das duas vidas hestórecas. Da brandura — paisaxe mol, pobo sufrido, malenconía da gaita, Galiza de vrán — ó servilismo hai pouca distancia. Unha gran parte de Galiza que deberá ser representativa andivo ises pasos e folga na lediza da escravitude. Hastra fomentan con ártex decadentes a sua posizón subalterna. Os galegos de Madri. Os que manteñen seu galeguismo decorativo e compracente c'a «Casa d'a Troya», e con «Maruxa». Os que queren facer da Celtia pondaliana un parque de turismo pra diverseón e descanso dos más, os que rematan todol-os banquetes polítecos c'unha festa galega, e tantos outros. É necesario o espallamento d'unha forte ética galega. Forxado está seu concepto; fala nas verbas e no exemplo dos grandes galegos. O problema de Galiza non ten outra soluzón: seu rexurdimento será domeador do futuro cando todol-os galegos se den conta de que vivir en servidume non é vivir d'homes.



*Coroados de froles,
en alegre banquete
sobre do verde cómaro da vida*

Desconfiado dos redentores programas espalados elocuentemente á hora do champagne. Os carballos galegos están cansos de retóreca. Díñantes soilo s'usaba nas vilas. Pouco a pouco foi mergullando a campía. Hai os festís dos tiranos que se comprazen en botar sobr'a terra nai despoixa do postre, unhas frangullas de espranza. Hai os programas dos bos galegos que logo collidos pol-a costume, domeados pol-os traballos, non fortes pra seguir soilos o duro camiño, esmorecen n'un cânsio lirismo de vencidos. A escola da adversidade, sempre será o Port-Royal, a lóxica formativa dos trunfadores. Os servos pondalianos deberan ser o noso Evanxeo. ¡E pensar qué os «Queixumes» son n'ista hora un libro cuase que esgotado, e non'o coñecen a maoría dos mozos! A soedade é difficile de conquerir e de manteñer; Pondal dixo as verbas que dixo porque conseguiú ser tan solitario como un facho da costa brava. Calquer terra qu'escoite a vos dos

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

seus solitarios estará no camiño da salvazón. Notamos que dos versos pondalianos despréndese unha ética de guiadores de pobos. Si a opinión xeneral está falseada hay que pórse frente á opinión xeneral sostoindo ó viciado sentir meio da xente por un escolleito e severo pensamento que esborralle as noxentas consecuenzas d'unha longa educazón alléa e curtando sin piedade todal-as vexetaciós da imitanza inzadas no noso chán pol-a culpa dos que se deixaron amolecer no banquete da vida.

*

* * *

*Cal caêra o radiante
e valeroso fillo de Panthóo*

N'istes versos tece Pondal unha coroa de follas de carballo, non de mirto funerario nin de loureiro apolíneo, fria frente d'un mozo galego, do xeneroso Andrés Muruais. Il foi o espírito da fermosa Pontevedra n'os poucos anos do seu vivir. Despoixa formou Pontevedra na paisaxe ministerial de Madri. Por fertuna non todo son na cibdade calada e saudosa do Lérez, as fincas dos politecos centralistas. Ainda latexa o espírito dos mareantes qu'ergueron Santa María. Non verte unha bágoa literaria o canto funeral

RAMÓN OTERO PEDRAYO

do bardo. Sabe que o nome garda o esprendor das armas, da voluntade e do ideal.

*

* * *

*A voluntade homérica
e propósitos férreos*

Cotexante d'orixes e de destinos o bardo non pode ter en conta «os hispánicos polítecos pigmeos» ¿Que llimportan os programas liberás ou conservadores, o turno dos partidos ou os grandes xestos dos repubricanos? Pondal por natureza estrano á transitórea políteca de supreticie, a Madri, ó Kraussismo, á oratórea, a todos sintomas da decadenza ibéreca predica unha políteca xeográfica e racial. Portugal, non foi un tema retóreco e nunca se ll'ocurriu chamar ó Miño fita de prata nin beizo saudoso. Fuxía coma d'un crime contra o espírito da branda saudade. «O romoroso acento»: a fala nai da primeira literatura lírica da criadora edade media: «o bogar lonxano» que contrastou nas illas de coral, no bosque de sándalo, na fruma pan-teísta da India a calidade rexa da raza atránteca, «os groriosos feitos» de gañar a pulso o dominio do seu chan fan de Portugal o eixe do noso pro-

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

brema. Sentía na carne a ferida da fronteira e como a servidume galega sofríase en Portugal e a dor portuguesa na Galiza pois o mesmo puto erguéu os montes e prasmóu nos escuros antergos a concenza dinámea do seu ser.

*

* * *

*Cando os duros machados
feren os altos pinos*

Morte e resurrezón. O bardo criouse no pinal. N'ise forte pinal que encadra rexamente a terra de Bergantiños chega á beira dos cultivos e mistura seu cantar c'o da mar infinda. Coor de piñeiral d'ouro verdecente, de negro arume, de Te-deum fondo, d'espranzado hino da mañán. Galiza recende a piñeiral do norte ó sul. Como na Finlandia o bosque é o fondo sobr'o que decorren as figuras apaixoadas da traxedia humán. O derradeiro salaio do corpo lanzal do piñeiro, un salaio xa non do arume incrinado com'a cabeleira d'unha morta, sinón o queixido da carne vexetal, do pau esgrevio que garda en circos resifiosos a lembranza das primaveiras, doíalle o neño com'un machadazo na propia carne, caían os rumorosos e a terra tremaba. Xa o sol non tiña

RAMÓN OTERO PEDRAYO

onde demorarse e o vento procuraba anciosa unha arpa pra cantar. Mais aixiña xurdían novos e valentes ás dúcias, con forte vontade de vida i-apenas outos d'unha coarta xa recollían o pasar dos aires que pulsaba no leve arume novas notas e botaban sobr'o orballo rodas de sombra gárimosa. Espranza das xeneraciós. Evanxelio das pátreas asoballadas. Os torrós máis calcados pol-o pé do conqueridor —a Polonia, a Irlanda, a Grecia, a Slavia— son os que millor gardaron ista aptitude primaveiral de renovarse en sonorosos bosques.

* * *

*Quen brando vexete
en ócio agradabre
no seo da escura
nativa cibdade*

A opinión dos modernos foi moitas veces inxusta con Castelar. Antr'a grea de valeiros retórecos érguese a voz do tribuno demandando á liberdade de todolos pobos. Foi sonado en toda Europa; Polonia e Irlanda amaron a grande vos animadora e xenerosa que endexamáis fraqueóu na nobre cruzada. Castelar figura en-

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

tr'ós paladís que loitaban contr'a hidra renascente da Sta. Alianza, todo imperialismo tivo n'il un nemigo, un consolo todo pobo aldraxado. Ainda está por escribir —dispersa en voces isoladas, en pulos ardentes, en saloucantes lamentazós— a epopeia da nova Europa. Será porqu'inda se non rematou a guerra heróica. Os pobos contr'os imperialismos. O trunfo do mapa das nazóns espirituás na loita c'as nazós polítecas talladas en carne e sangue pol-a espada e pol-a dipromacea. Ademáis Castelar amaba a Galiza. Nada se escribiu por un non galego como o xusto e comprensivo prólogo das «Follas Novás».

Il paseou na noite entr'as sombras das arquitecturas compostelás. E ben podían os castros, os vales e os pinos confirmálo na sua lingoaxen do espírito como un dos «fortes que nobres combaten» e levan a fatalidade do grandes na testa ferida pol-o raio dos escolleitos.

*

* * *

*A língoa tiveron
por língoa d'escravos*

Dixo de Valera que prefería unha probe Irlanda, labrega e escura falando gaélico a unha

RAMÓN OTERO PEDRAYO

rica Irlanda eispresándose en ingrés. Moitas —as veces xenerazós cuáseque enteiras— déixanse mandar pol-o prestixio do desenrolo económico, da riqueza e do confort. É a pior das escravitudes: a do vivir repousado e dourado traballando e millorando a envoltura material namentres o espírito propio váise esquencendo e figura representar un pasado noxento e probe. A nai Galiza non chora: espántase, pois non pode pensar nos fillos tal crimen. Espantarse é fuxir pra non ver a realidade. A nai sabe perdoar. Falade sua lingua, adicádelle o millor da vosa yalma que é a sua, e a nai arrolará voso descanso con cantigas de espranza e lediza de trunfo nos ollos e nos beizos.

*

* * *

*E tí, campana d'Anllóns
que vagamente tocando
derramas nos corazóns
un balsamo triste e brando*

¿Porqu'é o poema más sonado de Pondal? Solto pol-o mundo, repetido e mil veces publicado, esperta a cada leitura a mesma emozón, Severamente sometido ó baril decorrer dos «Qui-

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

xumes» síntese millor: unha vos individual, d'hoxe, precisa, leva longamente c'un acento único na polifonía das voces e dos temas da terra, e da mar, da raza e do mistéreo, da lembranza e da espranza. Unha verba coñecida entr'as verbas cósmicas. Saudosa. Máis d'unha saudade —suidade, eispresón do *eu* particular, que é o seu considerado n'outro, endexamáis trasformabre nin común a dous— ben desemellante das outras longas despedidas que despregan na poesía galega simbólicos panos de adiós. Por unha ves o bardo fáise d'un tempo, encarna no seu verso a traxedia d'un mozo galego que pol-a forza da simpatía pode ser a de todolos mozos galegos. Rosalía dixo moitas veces adiós: sempre estaba disposta a s'embarcar na nao fadal que ó largar as amarras dibuxa nas cordas do corazón a paisaxe deixada. Os adiós de Rosalía non deixan marxe pr'a espranza. Sai magoada, e sabe qu'o tornare aquil fondo pol-o que se laia na ausenza xa será outro. O mozo bergantíñan lembra outras cousas dinantes de se dirixir á campana. Quizáis os eidos, os amigos, as redes, os traballos. Mais hastra que o badalar lle cruza a lembranza en lonxanas ondas armoñosas, non estrala o laio do poema. A campana é triste e proféteca mais ó tempo amiga: cortaba as cordas do corazón sendo tamén un bálsamo triste e brando. Iste

RAMÓN OTERO PEDRAYO

sentimento da resiliázón non é propio de Pondal. Agora póndose ó nivel psicolóxico d'un istante hestóreco —o que se chama regosto galego da melancónia non figura esenzial na raza— faise popular o bardo dos orixes. A campana, vos da paisaxe. Morre o Anllóns na vella ponte refrexando un cruceiro orcelado e o solar do poeta; de todolos coros de campás de Bergantiños o río soilo leva ó mar o badelar da torre da eirexa —do clán— do seu nome. Polo que fala n'ela todo Bergantiños. Na lembranza segue soando com'a campana asulagada de G. Haumann nas augas do esquecemento: e nos seus circos veñen collidas das maus as memorias da «rula inocente», do pai, da nai, dos abós, do pineiral e da ría. ¿Qué quer dicir o mozo nas prisións de Orán? Podia que simbolice a España do Sul, tan africana, a terra quente enxoita na que o galego é sempre un desterrado. Ou quizáis haxa un fondo de hestórea certa sabido polo poeta. As naos berberiscas atacaron moitas veces ás costas galegas. A lembranza do mozo xunta en si todalas outras lembranzas: do que marchou para a guerra e dend'os altos da Barreira ouviuna por derradeira ves (pol-a que pasaba Pondal camiño de Sant-Yago), o bergantiñán cautivo na mar estrana. En troques os levados a través do Atránteco non so-

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

fren c'a lembranza: no N. e no W. están os galegos na sua pátrexa. O mozo está solo triste, leva o compás c'os grillóns da cadea, mais no adiós hai unha grande dosis d'espranza, ben lonxe do desespero radical de Rosalía, pois o pobo e Pondal, agora, seu intérprete, non desesperan endexamáis. Pol-o menos ten a seguridade de que s'intresan por il: mándalle dicir a campana que conte como está preso, como ama no encerro a rula inocente, como sabe que por il perguntarán. A campana recolle de lonxe com'unha antena os sentimentos dos ausentes, pois a comunidade da parroquea non se perde nunca e fala na campana. Co ísta confianza o fillo lonxano quéixase docemente, hastra mimosamente. Mais por si fora pouco hai unha doce e ceibe mensaxeira: a anduriña que se para na noite de luar sobr'o sinxelo campanario. O adiós de rradeiro abrangue ca paisaxe familiar as sombras da familia resaltando a lembranza da naicíña mais non é un definitivo adios. Non'o pode dicir un mozo bergantín que ten nai, noiva, amigos, que sabe o agardarán, un pouco más vellos quizáis, mais espirtoalizadas pol-a separazón n'un tempo que se non notará no arume do pinal, nas augas do río, alumeadas pol-a mesma lúa qu'agora se pon para s'erguer novamente. Ademáis quen ouviu a campana foi ensinado nos futuros

RAMÓN OTERO PEDRAYO

doores. Por non ser desesperada, por humán, por paisana, por da terra e do momento foi i- é o poema más admirado, do bardo. Por outra parte, inseparabre a preciosa situación psicolóxica a arte dos versos chega a unha beleza sinxela poucas veces conquerida por ningunha literatura. As estrofas de pouco artificeo non teñen a menor virtuosidade retórica. Van fluindo c'unha armonía interior e singular pasando a idea d'un á outro verso ca limpideza dos fios d'auga que se misturan n'unha corrente, morre o poema no longo adiós com'aquela na mar; ou com'o badelar xa moi lonxano da campana nos ceos dos piñeiraes de Bergantiños.

*

* * *

*Mui brancas, mui brancas
mui brancas están*

Quizáis Pondal estudante de Meiciña, paseando pol-as rúas de Sant-Iago, indefrente á leenda e a arquiteitura, pois seus hourizontes espallábanse en gandras primixenias e nos castros onde latexan o insomne espirto dos herois, escoitou o calado feitizo dos mosteiros. Este poemíña non ven a ser más qu'un ramo de froles do ermo

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

deitado ó pé da reixa das monxas pol-o lanzal bardo que tamén amou a frol da camariña, a neve das urces bravas e o místeco esprendor do luceiro que se pón rent'o monte Medo.

*

* * *

*Virxen valme! Un cadavre
neste oscuro camiño*

Ainda conserva o pobo o senso terrible e divino da morte. Da morte que as cidades modernas tratan c'un criterio d'hixiene e d'estética monicepal. O cadabre ispira ó pobo a escramazón:— «Que riguroso e escuro desamparo—d'un ser humano extinto». Reza e sabe escutar algo de ilustre no morto. A grande ialma prasmoulle o corpo c'os trazos d'unha inmorredoira heroicidade. Mais somentes as fadas saben das outas cousas cand'os homes as esquecen. I-a fada Bergantiños pasa; é o espírito da terra chaira e mol acariñada pol-os castros e pol-os piñeirales i-estasiada pol-a múseca fugada da mar. A i-alma vagarosa, sempre renascente é a mesma sin se deixar aprixoar na forma definiida. Na familia das fadas pondalianas, ni hai outra más sotil e garimosa. Pois ela encaixiñou na veira do Anllóns con dedos de levián

RAMÓN OTERO PEDRAYO

pasar d'aire a frente do bardo. Ela, coñece a forma do poeta «os corvos ofrecido» n'unha escura paisaxe de axexantes sombras temerosas. Fala dentro d'a ialma da raza com'un remordimento. Non teme ferir como firen os grandes sentimentos. «A raza escura galaica» perdeu o senso da xustiza pra c'os millores fillos os que debían guiala pra redimila dos seus vicios; cativa, ignara, inculta, sensoal. «Da polvorosa gleba-pobo tan só engreido». Non pouco do desprezo do guerreiro pol-o traballo agrícola dos servos. Xa sabemos que crás de guerreiros son os de Pondal: os que loitan pol-a liberdade, e dirixidos pol-a esgrevia ética dos grandes destinos pensan ser pecado gastar as enerxías nas pequenas loitas transitóreas. Na subrime decorazón dos piñeira-les a vos vingadora ten cramores profétecos. Un grande amor faise a veces crarividente pr'os defeutos do que se ama. Os poetas salvaron o nome da terra; ainxustiza d'ista pasará, pois a rapaza —a sacerdotisa, a nai futura—sabe apreciar nas formas do triste cadabre a beleza superior dos escolleitos.

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

*
* *

Non somentes do piombo asobiante

.....

Ô igoal do grande Teixeira de Pascoaes—tan desemellante do noso bardo dentro da común psicoloxía de poetas da veiramar atránteca—Pondal tén horror da ironía. No «Regresso ao Paraíso» a ironía en forma de cobra cingue coma coroa simbóleca, a testa de Satán, un crásico Satán xenio do mal e da inferioridade da natureza, Pondal tén noxo do tipo literato, do *beau parleur*, do home d'esprito. Moito mal fixeron no noso fogar galego e sigueno facendo. Máis o chiste estampado decoorase máis aisiña qu'o papel que botou a perder.

*

* *

*Com'aquel que xa fora
espanto do Oriente*

Os baixos de Camelle sufren e berran; teñen atromentada feitura e ningunha ola, ningún golpe

RAMÓN OTERO PEDRAYO

do vento deixou d'emprimirlles seu sinal esgrevio. O bardo non chega n'ista vida ó estado de benaventuranza que supoñen moitos admiradores. Xa se dixo que a olimpidade de Goethe era somentes pra impor distanza ós parvos. «Roto, escuro, estantio, insensibre» o bardo figura na sociedade unha esceuzón. Tan forte e insospeitado, tan formidabre no seu naufraxio que a xente admira con temor seu estado. Pois a xente ben sabe o valor e o efecto dos «ousados e nobres pensámentos» mais son poucos os que saben sacrificar á iles o equilibrio da vida e a falsa superioridade de quen s'atopa seguro c'unha /mol filosofía de tendeiro pragmática.

*

* * *

*Topá nome medio morto
con unha crua ferida*

Os sonorosos, falan cas píllaras, escoitan o consello dos montes, fan ceibes os herois das suas cobas e pisan con seguranza e frente outa os camiños do futuro. Mais non saben agoantar unha ferida d'amor, pr'os outros homes apenas un ras-

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

go da vida. Cada poeta levou á coba unha d'istas desesperanzas. Soilo algús de tipo goetheano souperonas vencer. E ainda ¿quén será capaz d'entrar na carne latexante creadora da cencia inmortal do «Fausto»?

*

* * *

*Soñando está o bardo
c'un vago soñar*

Moitos homes d'outras literaturas non sentían a doce emozón da lembranza amorosa sinón na lediza das paisaxes moles. Na irta entrana do penedo ou salgada pol-o estoupar do mar o bardo está máis preto do seu mundo ideal, da propia realidade. Mais como ela se non pode chegar por compreto coma tampouco voltará a beleza de Rentar, a fada leve. E sospira pol-as duas tristezas, pol-os dous fitos lonxanos diant'a escuma dos baixos onde rompe a mar.

RAMÓN OTERO PEDRAYO



*Cando sóo miráno
absorto, indifrente
coma quen non se cuide
do qu'a todos empece*

Outras veces tamén eisprica o bardo a maldizón social a que o poeta nasce condenado. Foi privilexio das edades primixenias i-heroicas amar, honrar, e ser conducidas por iles: é estulticea das edades cultas e cidadáns descoñecelos i-afrontalos. Quizais c'un remordemento, que compre esplantar apoupando ós sonorosos. Os homes quentes na casiña protexida pol-a lei apartáronse do mistéreo orixinario e cando por estrano caso xurdeo ún ainda, cinguido a lei do espírito, recházano com'a a un *revenant* perigoso ou noxento. Os bardos non lles morde apenas iste dente. Mais os poetas do século, se non poden comprender sin se térr en conta os aldraxes sofridos. Moitas bocas irónecas, moitos amargurados beizos non tiveron outra causa. Tiña razón Huysmanns pondo a Baudelaire com'o creador de novas sensibilidás. Entr'as moitas *frissons* qu'él descobriú non é a menos tráxica a da sepoltura do poeta maldito e

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

a da maldizón pol-a propia nai. Hai unha diferenza: os bardos latexan n'unha eseňa étneca que poderá somentes escurecerse temporalmente. Os outros poetas sin ista confianza saben que serán no mapa futuro frías e curiosas paisaxes graciares ou estranas vexetazós das lamas.

*
* *

*Silvas mouras, silvas mouras
que nas fondas corredoiras
estar soés de Bergantiños
dependuradas e escuras*

Comparada c'a nenéz todo carís d'home feito ou vello figura vencida. Empregando a verba home no senso vital. Xeneralmente hai unha falsa viseón do heroi. Cuáseque ningún —nin o propio Goethe—, sería recoñecido pol-os camiños que o viron de rapaz. Os logares familiales garban un sentimento ético, de ética un pouco caiseira e figurán preguntar e acusar ós fillos que volven de lonxe. O bardo que se nos eispricaría diant'os homes fala e xustificase c'as silvas mouras —amigas dos melros e dos avellós—. de Bergantiños: foron cousas de ventura. Corre por istes versos unha grandeza de traxedia: a ventu-

RAMÓN OTERO PEDRAYO

ra. Calquer home do ideial síntese «grande ruina escura» e acariñando a barba non coidada ten o orgulo de falar do destino dándolle un nome hastra familiar e de pouco peso fatal: ventura. Xustificase dian'ta familia e a patreá hai que se xustificar de cousas que non houbo preveendo a acusazón! Y-o tempo a dura punta da Nariga tallada en eternidade dalle ó loitador, o bardo unha infinda confianza.

*
* *

*Das africanas
praias veciñas
como costuman
as peregrinas*

As anduriñas na poesía de Pondal serían merecentes d'un capidoo. Pois todo na obra do bardo ten sua siñificanza. Poucas tan sobrias. Non son un elemento literario, un acompañamento musical o espertar primaveiral sin un adiós más no tempo outonizo dos adioses. Eso sería somentes decorativo, e nos «Queixumes» é todo arboladura esenzal de navío. As anduriñas poden ser unha medida de tempo. Véñen'e vanse. Tempo das anduriñas presentes e das ausentes.

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA

Tamén os iroqueses e outros pobos saudosos da Améreca medían o tempo pol-o crecemento dos corvos dos cerros, pol-as migrazós da caza, por pequenos aspeutos das variazós vexetativas. Hai o tempo calado, medido por longos ciclos do monte e da praia, outro tempo dos bosques e dos piñeiraies; as anduríñas dibuxan sobr'istes tempos os das sazóns agrícolas. Son tamén representativas da lembranza; cada ano, levan unha doer. Atoparan soila a casa «doce e tímidia». Mais non sentiran difrenza no tempo xeolóxico dos montes nin no tempo étnico da raza.

*

* * *

*Pol-o alto cantando
o sonoro vai;
coa aguillada o lombo
e garbosu ademán*

O libro váise pechar c'o mesmo maravilloso poema qu'o abriú. O celta frent'o mistereo do mundo e do seu intenso mistereo. Un dos grandes acertos dos «Queixumes» qu'ansí pechan un círculo vital com'a canzón d'un outono pecha o ano iniciado c'a mesma canzón. Non estratexia artística; senso cósmico dos círculos do vivir. O canto volve

RAMÓN OTERO PEDRAYO

ecoado pol-o roquedo; a onda volve a mar. O de-
correr dibuxase no tempo en circos crecedeiros.
Igoal cantar do sonoro; agora canta máis outo
e confiado. Non se quer eispricar nada. Eisprica-
lo sería dárlle morte ó escuro sentimento acouga-
do pol-o castro e os piñeirás. Prendida nistes divi-
nos versos de raza a maxinázón galega cria mil
paisaxes de venturanza: tod'o que mereze a boa
xente de Breogán qu'asi ceibe sua ialma na noite
aluarada. Si despois de lido o poema inicial e ter-
minal se franquea a fiestra sobr'a campía ou se re-
colle o espírito en meditazón, encheravos un fon-
do optimismo e vosas forzas se curvarán car'o
fin desexado n'un movemento de brazos na loita.

*

*

*

*Da ruda pendente
soantes e altivos*


Mais si o mozo sinte as escuras suïdades in-
tuitivas ainda o bardo vai a decir o que falan os
«soantes e altivos»: son as estrofas do poema dos
destinos dos pobos «parias e ilotas». Eiquí cal-
quer comentario sería ocioso. ¿Non está señalado
o camiño? Os galegos soilo estamos chamados no

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALLEGA


mundo a unha angueira redentora. Todos sabemos cá. Comprindo a c' o esforzo de todos será realidade trunfante a espranza que canta nos «Queixumes dos pinos».

TEÑO DITO

Ourense 21 abril do 1929.



DISCURSO DE VICENTE RISCO



Señores Académicos, miñas donas, meus señores

A Academia Galega hónrase hoxe recibindo no seu seo a unha das figuras máis nidiamente representativas, máis rexamente eficientes, e tamén máis arrodeadas de respeito, prestixio e gabanza, da nosa actual renacencia.

Ramón Otero Pedrayo é un escritor e un home de cencia e de pensamento que, coma poucos, soupo impôr en Galiza a sua valía e dar volume os movementos en que dend'o comenzo ven enrolado, o movemento grorioso da renacencia da espiritualidade engebremente galega, iniciado en 1916 pol-as Irmandades da Fala, e do que il é hoxe un dos más arriscados guieiros. Impúxose pol-a autenticidade, pol-a legitimidade purísima do seu valimento, coñecido e recoñecido en todolos bandos, tanto da política como das letras. Poucos entre nós, os que co-íformamos nas fías da renacencia galega, cecais ningún, obtivo endejamais un tan rotundo, un

tan unánime aplauso. Poucos, cecais ningún, tan merecente d'elo. Poucos, polo tanto, poderían ocupar un posto antre nós con tan singular dereito.

Faguer arrestora un estudo cumprido da persoalidade de Ramón Otero Pedrayo, cos anos, relativamente poucos, do seu labor literario, non sería cousa d'iste lugar nin d'iste istante. Farei somentes unha breve indicación do que é e do que significa a sua obra.

Coma home de cencia, e na sua especialidade mais acarriñada, debemos a Otero Pedrayo a introdución antre nós d'un xeito novo d'estudalos feitos geográficos que, millorando os iniciados por Vallaux e Brunhes, concibe a fisiografía coma peisage (traballo común da terra e do home, no que o home é un dos agentes da formación da peisage) e a vida humán coma función da terra. No seu traballo *En col da aldeia*, publicado na revista *Nós*, e na sua celebrada *Guía de Galicia*, pódense ver algúns dos resultados de verdadeira novedade, a que chega co-a aprición do seu método, desusado na Hespaña.

Pero ademais, se non cingue a isto a sua actividad centífeica. Otero Pedrayo é tamén un historiador, verdadeiro historiador, onde hay tantos que non son mais qu'eruditos, excelentes preparadores do material histórico. Il posé o raro senso da historia, d'un xeito semellante ao dos historiadores románticos, d'un xeito semellante

ao de Michelet ou de Thierry, anque, se ll'eu
fora precurar justa comparanza, había ser se-
guramente co portugués Alexandre Herculano,
con quen ten mais d'unha semellanza persoal e
literaria. De Herculano ten o forte sentimento
patriótico e liberal, a veneración do pasado, o
tradicionalismo dinámico e vitalista, o romantís-
mo, non paixonal e efervescente, senón contido
e sereo, a reitude moral, a aititude espiritual
fidalga e prócer. Coma Herculano vé a historia,
bebida sempre nas fontes originais—deleitándose
por eixempro no estudo da *Historia Composte-
lana*, da que tirou o seu traballo en col de *Gel-
mírez, orador*—ao modo romántico, que sinte o
ritmo dos tempos, a coor das épocas, a conti-
nuidade vital dos pobos, coma abreviadamente,
na pequena síntese qu'acompanha á sua *Gnía de
Galicia*, pode verse.

Mais tamén é historiador, fondo esculcador
da y-alma das geraciós, en traballos puramente
literarios, coma son as suas estraordinarias evo-
caciós do século XIX, que nos amostrou unha
Galiza ben más real e verdadeira qu'a de Valle
Inclán, sen que desmereza a talla épica dos seus
persoages. Otero Pedrayo sinte e vive íntima-
mente ise século dos nosos abós, tan acalofiado
por ter sido criticado todo il afeito: sabe descobrir
n-il o ouro no meio da palla, porque o século XIX
non é somentes o século de Darwin e de Marx,
dos engiñeiros e das máquinas, senón que tamén

é, ao mesmo tempo, e se cadra por contraposición a aquelo, pol-a lei do refrexo, o século do romanticismo, e Otero Pedrayo é, como dixemos enantes, un romántico. Un cumprido romántico, romántico sen espaventos que ten saudade do frac de Werther, que se cadra puxeron tamén Faraldo e Vicetto.

Coma romántico, o seu espirito quer vivir tamén o pensamento dos Precursores. Sabe o que sinifica pra Galiza o movemento romántico, qu'espertou a y-alma adormentada da nosa Pátreia, e sabe qu'aquiles homes aos que Murguía calificou pra a eternidade, foron suscitados pol-o romanticismo. E a figura misteriosa d'Antolín Faraldo, verbo e alma da Revolución galega do 46, o home que d'unha vez pra sempre descobriu o nacionalismo galego, como que case nós non temos outra cousa que facer que repensar o qu'il pensou, adiviñándoo as mais das veces, exerce unha atracción extraordinaria sobr'Otero Pedrayo. Sacouno n-unha noveliña, baixo a nomeada d'Adrián Solovio, faguéndoo amar e cañiar na Irlanda, e nos *Camiños da Vida*, volve aparecer co ndme d'Adrián Soutelo. E ainda ha voltar, ata qu'Otero teña descifrado o enigma torturante que nos ofrece o gran Precursor.

Coma romántico, coma tradicionalista, coma galego n-unha verba, Otero Pedrayo ama a aldeia e os labores do campo, e os labregos, a y-alma labrega intemporal e lúcida, que sabe

tantas cousas qu'os homes de letras non sabemos,
e que se cadra son as únecas dinas de sabérente.
Bota moito tempo na aldeia, n'unha gran casa,
longe da estrada, que é por un lado casa labrega,
con palleiras e canastros, pombar e galñeiro,
cortes pr'a facenda e pendello pr'o carro, hasta
con coellas e pomar; e polo outro pazo fidalgo
con nobre solaina de pedra coberta de liques, e
jardín con buxos recostados e tanque con chafarís.
Ali, o pelegrin de Compostela e San Andrés de Teixido, fala cos peisanos, e refolla libros
vellos e raros libros novos que já non collen nos
alzadeiros, e amoréanse nas mesas e nos asentadoiros.
E pasea polos camiños retortos, antrás as
leiras. Despois nas suas prosas, vai enfiando o
poema do pan na seara, que abana co vento,
dos acios dourados no outono, da vendima far-
turenta, dos solpores e das noites cheas de voces
familiares, da vida toda da terra e da gente que
vive da terra. Co-estas prosas espalladas por re-
vistas e jornais de Galiza e d'affora, hai já mate-
rial pra moitos libros.

Os camiños da vida é unha sorte d'obra sínte-
se da variadisema actividade literaria de Ramón
Otero. Ali encóntrase a evolución do século XIX
coa vida do mundo rural, as estranas vidas ca-
ladas que gusta referir, o mundo interior que se
desperta, e a sombra augusta do Precursor. N-es-
ta novelá en que se cruzan tantas vidas, na qu'a-
demais hai un persoage subjacente: o pobo gale-

go que vive e que sofre, collido n-un dos instantes mais crítecos da sua historia, no que se realiza a mais fonda revolución no seu seo, predomiña así e todo a acción interior; é unha novela do mundo espiritual. N-ela, amostra o seu autor unha psicología ben mais fonda qu'a dos psicólogos de profesión e qu'a dos novelistas psicológicos.

Hai eiquí, com'en toda a obra d'Otero Pedrayo, unha fonda filosofía, unha concepción do mundo e da vida, de romántico feitío, que sen se deixar reducir a sistema, ten unha forte coherencia vital, qu'insinúa nos seus lectores ideias qu'erguen o espírito e o ennobrecen. E n-ela pende a certeira visión que ten do ser e do porvir da nosa Terra, Descobrío n-ela un supremo valor en potenza que quer actualizar é pôr en marcha. Veleiquí a razón do seu pensamento e do seu traballo.

Ninguén coma il pra interpretar a Eduardo Pondal. Pondal ten pra nós unha sinificación úneca. O noso pasado mais remoto, mais recuado, mais escuro e primigenio, fixose vivente no seu verso de bronce, resoante co rumor dos pinos e co balbor do mar. Tróuxonos acentos indubidábeles do noso mais iñorado pretérito. Cousas que os libros non coñeceron, qu'a tradición esqueceu, que somentes escoitando o bater do propio sangue poden ser adiviñadas. Na arpa bárdica, engembremente bárdica de Pondal, está a nosa raza a cantar, o noso remoto sangue céltigo. Na sua y-alma alentaba un pobo esquecido. E os seus

mitos teñen a seguranza precisa da verdade. Pondal foi, poidéramos dicir, o Profeta do Pasado, que é o úneco geito de selo do futuro. Ainda foi o romantismo o que chamou á vida do arte a iste poeta extraordinario, desigual, non de cote comprensíbele pra y-alma moderna. Pondal veu de moi longe no tempo. Romántico tan entrañadamente romántico, que chegou a coller ás veces formas clásicas, ou que se nos antoxan clásicas pol-a sua limpideza, pol-a singeleza homérica do seu verbo primitivo e varil.

Otero Pedrayo fixo un estudo detido e devoto de cada un dos seus motivos, das suas fontes probábeles, das suas inspiraciós. Estudou os mitos e a paisaxe pondaliana, que tanta luz dá sobr'a poesía do bardo de Ponte Ceso. Ollou nela o paisage feito mito e feito símbolo. Compenetrouse coa sua vaguedade estrana e co-a dureza qu'amostra senlleiro e adusto, antremedios dos poetas galegos. Non podería facer tal se non tivera as dotes d'adivinación romántica, d'evocación dos tempos e das vidas recónditas e entoñadas.

Moí pouco se ten estudiado a labor dos nosos clásicos, que chegaron a nós orfos de espricadeira e comentario. E veleiquí un labor preciso no noso tempo, un labor que compre pra estabrecel-a continuidade do noso traballo co-a era dos Precursores, pra entrar fondo na y-alma da nosa Terra.

Otero Pedrayo iniciou hoxe felizmente iste camiño, il a queñ tantas iniciaciós debemos.

Sexa benvido antre nós, o novo compaÑeiro,
de cuia labor tanto espera esta Academia qu'o
acolle cos brazos e co curazón aberto.

DIXEN.



Listas das publicacións NÓS

	<u>Pesetas.</u>
† Lois Amado Carballo	
O Galo	3'00
† Manuel Antonio	
De Catro a Catro	1'50
Roberto Blanco Torres	
De Esto y de lo Otro (Biblioteca Murguía)	4'00
Orballo da Media Noite	2'00
Castelao	
Segundo Libro de Cousas	3'00
Cincoenta Homes por Dez Reás	2'50
Evaristo Correa Calderón	
Margarida a da Sorrisa d'Aurora	0'50
† Ricardo Carballal	
De Min pra Vós	1'00
Alvaro de las Casas	
A Marte de Lord Staüler	1'20
Pancho de Rábade	0,80
Armando Cotarelo	
Beiramar, (drama)	1,50
Cancioeiro da Agulla	2,50
Camilo Díaz Baliño	
Conto de Guerra	2'00


Rafael Dieste	
A Fiestra Valdeira	2'50
Seminario d'Estudos Galegos	
Arquivos (2.º tomo)	3'00
« (3.º tomo)	3,00
« (5.º tomo)	3'00
Avelino Gómez Ledo	
As Eglogas do Virxilio (traduzón)	2,00
M. García Barros (Ken Keirades)	
Contiños da Terra.....	3,00
Gonzalo López Alente	
Maria Rosa	1'20
Vaosilveiro	2'50
Nemancos	2'50
† Xosé Lesta Meis	
Estebo	3'50
Abellas de Ouro	4,00
† Manuel Leiras Pulpeiro	
Obras Completas (1.º tomo)	3'00
Euxenio Montes	
Versos a tres Cás o Neto	3'00
Antón Noriega Varela	
Como Falan os Brañegos	2'00
Ramón Otero Pedrayo	
Os Camiños da Vida (novela en 3 partes)	
Os Señores da Terra (1.ª parte)	2'50
A Maorazga (2.ª parte)	2'00
O Estudante (3.ª parte)	2'50
A Lagarada0'80
Pelerinaxes I	5'00
Arredor de SI (novela),	2,00
Xaime Prada	
Grabados en Linoleum	2'50

	Francisco Porto Rey	
A Tola de Sobrán0'80	
Vicente Risco		
O Bufón d'El Rei0'80	
O Porco de Pé3'00	
Metodología de la Historia10'00	
Xesús San Luis Romero		
A Volta do Bergantinián0'50	
Antón Villar Ponte e Ramón Cabanillas		
O Mariscal1'00	
Antón Villar Ponte		
Tríptico Teatral3'00	
Aurelio Ribalta		
O derradeiro amore, (novela)2'00	
Ramón Villar Ponte		
História Sintética de Galicia5'00	
Doctrina Nazonalista2'50	
Carballo Calero		
Vieiros, (poesías).2'00	
Xulio Sigüenza		
Cantigas e Verbas ao Ar2'00	
VAN APARECER		
Arquivos do Seminario d'Estudos Galegos (4. ^o tomo)		
Mitteleuropa, por Vicente Risco		
Anécdotas, por Castelao.		
Contos do Camiño e da Rúa, por Ramón Otero Pedrayo		

Suscribase á REVISTA

N Ó S

Rematouse de imprentar en "NÓS,
Pubricacións Galegas e Imprenta"
Hortas, 20 - SANTIAGO
o 13 Agosto de 1931



R

RAMÓN
OTERO.
PEDRAYO

ESTUCHE
LIBRERÍA
M. L. D. G.
13988

REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA

13988

Biblioteca